Publica Diaria 30

A NOSA TERRA

UNIVERSITÁRIA DE SANTIAGO - BIBLIOTECA

ANO XIII • 1 DE NOVEMBRO • 1990

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Nº 451 • APDO. 1371 (VIGO) • 100 PTA.

ESTE MES DE NOVEMBRO A *CE* DEBERÁ APROBAR O PLAN COMPLEMENTÁRIO DE RECONVERSIÓN

A CONSTRUCIÓN NAVAL FLORECE...EN ANDALUCIA

O 1 de Xaneiro entra en vigor a VII Directiva comunitária. O Plan operativo do INI prevé déficits para Astano e Barreras, o que se traduce nunha orde real de cerre. Isto é debido a que a División de Construción Naval do próprio INI, responsábel en exclusiva das decisións neste sector público está a descapitalizar os estaleiros galegos.

ANXO IGLESIAS

Os resultados eleitorais acercan a negociación, segundo Arzallus

"A negociación está máis perto", afirmou o presidente do PNV Xabier Arzallus, valorando os resultados eleitorais en rolda de prensa do 28 de Outubro. Estas palabras collen especial interese logo duns comícios nos que o PN pasaba de 17 a 22 escanos, o PSOE descendia de 19 a 16 e tanto EA como EE sofrian un forte descenso, mentres HB se mantiña nos seus 13 escanos. **(Páx. 5 e 6)**

Otero Diaz: 'Galiza precisa estar repreentada directamente na CEE'

Foi por duas veces Conselleiro de Economia e Facenda e non agachou a sua incomodidade no meio dunha Xunta que apostaba pola libre competéncia de todos os sectores. O catedrático de Economia de Direito, Carlos Gilberto Otero Diaz, cré, como Alfredo Brañas, que sen institucións non se pode defender o feito diferencial da economia galega. Crítico da marxinación dos sectores menos competitivos, considera que o tratado de adesión á CEE está a arrasar o que quedaba da agricultura. **(Páx. 12 e 13)**

A reconversión de Correos abre as portas á privatización

No prazo dun ano deberá aprobarse o Estatuto do novo Organismo Autónomo Comercial de Correos e en seis meses estabeleceranse as disposicións sobre persoal e contratación. A equipa directiva impulsa desta maneira unha verdadeira reconversión empresarial que vai supor na práctica a privatización parcial de ámbitos de prestación dos servícios postais e deixa aberta a posibilidade de redución ou modificación de plantillas.

(Páx. 11)

Unha ollada ás colecións dos diários de hai moi poucos anos —en plena reconversión naval— ilustraria un dos maiores ridículos argumentais das últimas décadas. Nen un só dos argumentos exibidos daquelas se amosaron como válidos. A volta de moi poucos anos demostrouse que son os paises máis ricos os que aspiran ás carteiras de construción de buques e que o número de toneladas construidas non ia en descenso, senón que se veria moi axiña recuperada. Os custos páganos os estaleiros pechados, os que xa ninguén pode levantar, nomeadamente os galegos, Astano, Ascón etc. A médio deste desmantelamento discriminatório —Andalucia, por exemplo, ve aumentar a sua carga de traballo— governo central —a Xunta abstense— e sindicatos estatais seguen a asinar unha política de baixas anticipadas.

ANXO IGLESIAS

A construción naval acadará moi pronto o seu tope histórico, contradecindo asi os argumentos que xustificaron a reconversión

A cuota dos estaleiros galegos pasou do 30% ao 7,2 mentres que a de Andalucia incrementouse do 30 ao 50%

MANUEL VEIGA

Nen un só dos argumentos que xustificaron no seu dia a reconversión naval se demostraron como válidos. A construción de barcos vai en ascenso e moi pronto, segundo as previsións, acadará o seu tope histórico. O Estado español está a piques de lograr a cuota de traballo de antes da reconversión, mais a División da Construción Naval do INI, único organismo con capacidade de decisión, destina as cargas de traballo a estaleiros andaluces e doutras comunidades do Estado. A construción naval levanta cabeza, quen non a levantará nunca serán os estaleiros pechados, caso de Ascón ou de Astano -praticamente desmantelados. Governo e sindicatos continuan a aplicar unha política de baixas incentivadas. A terceira reestruturación naval, a piques de ser aprobada pola CE, afectará máis unha vez á Galiza.

O 80% do transporte de mercancias realízase por mar. O 80% dos buques construense en paises pertencentes á OCDE ou paises industrializados. As previsións para os anos vindeiros, segundo afirman governos, empresários privados e sindicatos, asi como a própria realidade actual constatan que a fabricación de buques vai ser un negócio rendabel ainda por moitos anos. Vóltanse a construir petroleiros e barcos de pesca, dotándoos das máis altas tecnoloxias (sonar para a localización de bancos de pesca, sistemas informatizados via satélite para averiguar a posición en alta mar, hélices de proa para maniobra, telefonia inalámbrica, etc.) o que convirte os buques en verdadeiras plataformas automatizadas en alta mar e liberadas en gran medida do traballo humano.

Esta situación, indiscutível xa, desminte absolutamente os argumentos que deron pe á reconversión naval. Daquela governo, médios de comunicacións e centrais sindicais asinantes dos acordos de reconversión aceitaron e difundiron os argumentos de que a fabricación de buques estaba a trasladarse cara ao Terceiro Mundo, algo que se demostrou falso. Os maiores aspirantes a potenciar os seus estaleiros son paises da CE como Alemaña e mesmo os Estados Unidos que tentan reconvertir a sua indústria naval militar ao sector civil.

O segundo argumento, extensamente difundido, baseábase na disminución de pedidos. De 18 millóns de toneladas construidas en todo o mundo, previase unha estabilización ao redor dos 4 ou 5 millóns. A situación actual desminte xa este dato. Construiranse este ano entre 10 e 11 millóns de toneladas e a tendéncia é a subir. Moitos expertos coinciden en prever que pronto se acadará o tope histórico de produción. Unha extraordinária notícia para confrontar coas hemerotecas de 1984 e 1986.

O PROCESO DE PERDA DE POSTOS DE TRABALLO CONTINUA, FUNDAMENTALMENTE ATRAVÉS DAS BAIXAS INCENTIVADAS E AS XUBILACIONS

O Estado español producia, pola sua parte, ao redor de 1,5 millóns de toneladas, o que supoñia entre o 4,5 e o 5% da cuota de mercado mundial. Esta cuota baixou, co gallo da reconversión, ao 1,5%, pero en 1990 está a piques de acadar xa o volume de produción anterior. En concreto a carteira actual de pedidos acada 1.106.000 toneladas, o que desminte as previsións guvernamentais de 450 mil TRBC (toneladas de rexistro bruto compensado).

Galiza perde, Andalucia gaña

As vítimas neste proceso non son os estaleiros que se recuperan, senón os que pecharon, quer dicer precisamente Astano —praticamente desmantelado— e os da Ria de Vigo que pasaron de dar traballo a 6250 persoas de forma directa, en 1977, á situación actual, na cal proporcionan traballo a 1823 persoas. Vulcano, Barreras, Freire e Santo Domingo manteñen unha média actualmente de 500 traballadores e Ascón pechou. O proceso de perda de postos de traballo contínua, fundamentalmente através das baixas incentivadas e as xuvilacións, elementos que definen a actual política do



PEPE CARREIRO

O FEO, O PARVO E O MALO

Galiza conta cunhas condicións naturais —mar resgardado, lugares óptimos para instalar gradas...— especialmente aptas para a construción naval. En consonáncia existe unha tradición de mar, proliferan desde hai décadas os pequenos esteleiros e conta coa experiéncia de homes especialmente versados na construción de barcos.

A construción naval de buques de gran tonelaxe, a partir da industrialización dos anos sesenta, veu sumarse de forma coerente a este sistema social, ate convertilo nun dos pilares da economia galega.

Tras un breve periodo de crise, a construción de buques revitalízase en todo o mundo e son os paises desenvolvidos os que se apresuran a cubrir a demanda. Con tales evidéncias, incontestábeis, derrúbanse os dous principais argumentos que xustificaron a reconversión ante a opinión pública. Os sindicatos nacionalistas tiñan completa razón nas suas análises. As folgas xerais de 1984 marcan unha etapa na dignidade de Galiza, de quen, pésie a todos os políticos e sindicalistas alleos, vociferados nos telediários, demostraron que o povo galego adquire progresiva conciéncia de quen está a tirarlle a saiva.

A construción naval reponse, pero non para os estaleiros que xa pecharon, como Ascón, nen para aqueles aos que lles segue vedada a construción de buques, como Astano. Galiza cede na sua cuota construtora, pero gañana outras comunidades.

Segundo as contas do INI, Astano e Barreras seguirán a ser deficitários a fins do 92. É unha forma de dicerlle a CE a quen hai que pechar. Un argumento *obxetivo* para ocupar páxinas de xornais sumisos. Non dirán que quen decide o reparto de cargas de traballo, quen decide que estaleiros públicos se van capitalizar é a própria División da Construción Naval e, a fin de contas, o próprio governo central. Nen explicarán porque aos estaleiros galegos xa non chegan a reparar os barcos cubanos e alxerianos e se van a Cadiz ou ao Cantábrico.

Claro que tampouco deran razón ate agora de porque Galiza ten estaleiros, pero só conta co 7,2% da indústria auxiliar que é precisamente a que proporciona máis benefícios e carga con menos riscos financeiros (a razón debe ser a mesma que impediu que xunto a Alúmina se instalase o tren de laminado e que en Pontevedra se instalasen fábricas de papel e non só de pasta) Os directivos dos estaleiros públicos galegos ven reducidas as suas competéncias neste concerto. Os poderes concéntranse en mans de Madrid. Os empresários privados de Galiza que erguen a voz son penalizados coa retirada ou o retraso no pago de subvencións. Os líderes de centrais estatais que naceron, viven e traballan en Galiza, réxense, sen embargo, polos envios de telefax provintes de Madrid e acollen con inocéncia supina os chamados á solidaridade, cando ninguén é solidário con eles, como se esa palabra tan preciada funcionara sempre nun único sentido.

Pola sua banda, a Xunta, que se algunha razón ten de ser é a da própria existéncia de Galiza como pais diferenciado, parece non ter comprendido ainda que a pervivéncia da construción naval é vital no tecido industrial galego qué xa viu perder, nos últimos cinco anos, 50 mil traballadores.

Que agarda o Governo galego para desprenderse de atavismos ideolóxicos centralistas e actuar de seu, defendendo a indústria galega e compensando a labor esnaquizadora do INI?

A NOSA TERRA

A División da Construción Naval prepara o Plan Operativo 1991-1995 que aconsella o cerre de Astano e Barreras

O INI descapitaliza os estaleiros galegos e destina a outros pontos do Estado as crecentes cargas de traballo

Os artigos 92 e 93 do Tratado de Roma, carta fundacional da Comunidade Europea, proiben tallantemente as subvencións a empresas públicas. As denominadas *Directivas* da Conunidade supoñen un caneo a esa norma fundacional, de modo que é posibel establecer determinadas axudas, en periodos concretos e sempre que exista algun motivo que o xustifique. A primeira Directiva data do ano 69. O 1 de Xaneiro de 1987 entrou en vigor a VI, que perde vixéncia xustamente neste ano que remata. A VI Directiva supoñia, en termos práticos, que a CE apoiaba a construción de buques cunha subvención de ate o 26%. En 1990 esta axuda foi do 20%.

Os requisitos polos que se establecia a VI Directiva indicaban que os estaleiros subvencionados non deberian acumular perdas no balance final de 1990. O Estado español comprometiase a apresentar un Plan de Reconversión que deberia ser aceitado pola Comunidade.

Convén lembrar a circunstáncia de que este Plan non foi apresentado até Novembro de 1988 —en gran parte debido á dura loita levada a cabo por Astano. Pero a Comunidade negariase posteriormente a refrendalo. Por este motivo as axudas correspondentes aos anos 87, 88, 89 e 90 non foron libradas pola CE. Esta partida acada os 106 mil millóns de pesetas para o conxunto dos estaleiros do Estado. Estaleiros galegos como os de Freire ou Santo Domingo atravesan situacións difíceis por mor deste bloqueo de *primas* ou *axudas á produción*. De non ser entregadas pola Comunidade nun prazo máis ou menos breve estas cantidades a situación seria, en moitos casos, de quebra.

O novo plan de reconversión

Cara a evitar esta circunstáncia o Estado español ten elaborado un *Programa de Actuación Complementário da Construción Naval* que serva de engadido ao apresentado e rexeitado en Novembro de 1988. Este programa complementário foi entregado en Bruxelas o pasado mes de Xullo e supón unha nova redución de plantillas no sector naval. En concreto suporia a perda de 3228 postos de traballo, dos cales 2324 serian directos e os restantes corresponderian a empresas auxiliares.

Este novo programa está a ser consensuado dentro do próprio Estado español entre governo central e os sindicatos CCOO e UGT. O periodo actual de eleicións sindicais non permite ollar con toda claridade a posición destas duas centrais, se ben o pasado recente indica que ben poderian aceitar esta nova redución.

O pasado 15 de Outubro a Comisión (Ministério) de Indústria da CE deberia ter tratado este tema, pero resultou posposto para o actual mes de Novembro. Estamos polo tanto á piques de saber se a Comunidade aproba ou non o *Programa Complementário* español de reconversión.

Na intención do Estado español parece estar o convertir os dous primeiros anos de vixéncia da VII Directiva, é dicer o 91 e 92, nunha espécie de periodo transitório de modo que a esixéncia europea de finalizar o ano con benefícios en cada estaleiro non comece a funcionar ate fin de 1992.

O plan *delator*

A División para a Construción Naval (DCN) do INI adoita a realizar plans operativos anuais, nos que se establecen as previsións para un periodo.

Segundo o Plan Operativo que abranguia o intervalo 1990-1994, dado a coñecer o ano pasado, e no que se calculaba a carga de traballo prevista e os resultados de cada estaleiro, só Astano e Barreras continuaban con perdas á final de 1992. Isto é tanto como sinalar ante a CE os estaleiros que deben ser pechados. A conta de resultados é presentada asi como unha xustificación pública da reconversión.

No tocante aos demais estaleiros o resultado das contas oferece uns benefícios para 1992 de 771 millóns de pesetas en total. Estas gañáncias aumentarian progresivamente nos anos seguintes.

Dentro dun mes será coñecido o Plan Operativo realizado pola DCN para o periodo 1991-1995. Non é moito supoñer que nel Astano e Barreras seguirán aparecendo con números negativos.

OS DIRECTORES DE ASTANO E BARRERAS CARECEN CASEQUE COMPLETAMENTE DE CAPACIDADE DE DECISION E AUTONOMIA

ANXO IGLESIAS

Madrid reparte sorte

Pésie ao visto, estes resultados non son neutros, nen son debidos a unha especial ineficácia e obsolescéncia dos estaleiros galegos, nen á ineficiéncia dos seus directivos. As razóns están noutra parte. Barreras, por exemplo, viu reducir recentemente o seu capital social de 3 mil a 1002 millóns de pesetas. Moi o contrário, Estaleiros Españois que agrupa ás intalacións de Sevilla, Sestao, Puerto Real, Cadiz (reparación) e Manises (reparación), asi como outros pequenos estaleiros espallados polas costas españolas, viu incrementar o seu capital social de mil a 36 mil millóns de pesetas.

Por outra parte, a média de carga de traballo dos estaleiros públicos non galegos cubre os próximos tres anos. Non é este o caso dos esteleiros galegos.

Tanto as ampliacións de capital como o reparto das cargas de traballo son decisións que corresponden a División da Construción Naval. Tal é asi que en 1984 foi centralizada tamén a decisión de reparto de traballos de reparación que ate daquela era tomada de forma coordinada polos distintos directores de estaleiros. Hoxe é o dia que os Directores de Astano e Barreras carecen caseque completamente de capacidade de decisión e autonomia. Deste modo as reparacións de buques da flota cubana ou alxeriana que nutrian ate hai moi pouco tempo os estaleiros galegos, realízanse actualmente en Andalucia. Un negócio altamente rendábel na actualidade como é o de reacondicionamento de buques vellos está praticamente vedado para Astano, levándose a cabo estas tarefas en Cadiz e Santander.

A maior desgrácia dos estaleiros galegos, o Comisário (ministro) de Indústria da CE, Brittain, ten dado a coñecer a proibición de compensar perdas e gañáncias entre uns estaleiros e outros, prática que viña sendo habitual. ■

A GRANDE IMPLANTACIÓN DO PARO AFECTA A BONS ESPECIALISTAS DA CONSTRUCIÓN NAVAL. ESTA MAN DE OBRA É RECOLLIDA EN CONTRATAS QUE TRAEN CONSIGO UNHA CLARA DEGRADACIÓN DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO.

INI. O caso de Barreras é sintomático: cunha produción aprobada no plan de reconversión de 28 mil toneladas, os seus postos de traballo foron reducíndose ate pasar de 1872 ate os 500 actuais, de modo que a duras penas é capaz de producir o que ten encarregado.

Galiza poseia, ate a chegada da reconversión, o 30% da cuota de produción estatal. A cuota permitida actualmente é do 7,2%, imposibel de cumplir co volume actual de pedidos. O governo non é quen para dicerlle aos estaleiros galegos que rexeiten pedidos, pero este límite é un bon indicativo da sua actitude. En contraposicón a cuota de Andalucia que superaba escasamente o 30% da produción estatal, antes da reconversión, construia actualmente máis do 50% da tonelaxe que corresponde ao Estado español.

Dos cinco estaleiros cos que contaba AESA (Estaleiros Españois) antes da reconversión, só foi desmantelado un: Astano e a sua plantilla reducida a 1800 traballadores, encarregados de construir hoxe unha plataforma e afastados absolutamente da construción de buques por decisión do governo central.

Dos pequenos e medianos estaleiros foron pechados dous. Un deles, Cantábrico e Riera, de carácter privado, acolleuse a unha fusión. O outro foi Ascón, estaleiro moderno, de catro gradas e que chegara a dar traballo a 2550 traballadores

O paro que se extende por toda a Ria afecta a bons especialistas da construción naval. Esta man de obra cualificada é recollida agora en contratas pontoais, baixo a categoria de traballadores autónomos, o que trouxo consigo unha inseguridade e degradación clara das condicións de traballo en relación con épocas anteriores.

A necesidade de fusións

Caseque todas as fontes coinciden, pero ningén dá o paso que hoxe solicitan os sindicatos nacionalistas: unha das medidas favorábeis aos estaleiros da Ria de Vigo seria unha acertada política de fusións. Asi o recoñeceron as diversas partes nas Xornadas sobre a Construción Naval, celebradas recentemente en Vigo, co patrocínio do Banco Pastor e nas anteriormente realizadas en Santiago, convocadas pola Conselleria de Indústria a iniciativa do sindicato CXTG-CIG.

As fusións, desde esta óptica, suporian un forte abaratamento de custos. Garantiria a realización dos dous obxetivos fundamentais na construción naval: cumplimento de prazos e oferecemento dun précio asequibel.

Unha correcta política de fusións permitiria a realización de publicidade conxunta —inasequibel por separado— presentando as condicións dos estaleiros da Ria e permitiria, por outra parte, unha procura constante e estabel de novos contratos nos tres únicos centros do mundo onde se realizan, fundamentalmente en Londres. A fusión permitiria, asemade, a instalación dunha oficina técnica conxunta e a realización de proxectos de investigación (estudo de novos modelos, melloras en proxectos xa feitos, etc.). Tales medidas abaratarian custos e fornecerian unha maior autonomia á zona. ■

A Xunta ten a posibilidade de compensar as decisións do INI

Unha das conclusións das Xornadas da Construción Naval, recentemente celebradas en Santiago, a iniciativa da CXTG-CIG e co patrocínio da Conselleria de Indústria, sinala a intención de constituir, de contado, unha Mesa do Sector Naval da que formarian parte as duas administracións, sindicatos e empresários.

Pode ser unha boa idea, mais o que se bota de menos é unha iniciativa prática da Xunta, nun sector que é columna vertebral da indústria en Galiza.

A Xunta poderia participar con capital nos asteleiros galegos, a cámbio dunha participación en accións. Esta iniciativa foi prevista polo BNG nunha recente proposta parlamentária e ven sendo repetida polos sindicatos nacionalistas, pero non debe ser interpretada desde o ponto de vista ideolóxico ou como correspondéncia de intereses particulares, senón como interés obxetivo do sector.

Unha participación da Xunta permitiria a sua preséncia nos Consellos de Administración e compensaria a política discriminatória para con Galiza levada a cabo de forma ostentosa nos últimos anos polo Governo central, através do INI e da sua División da Construción Naval.

De pouco serven as chamadas á privatización do Conselleiro de Indústria. Xan Fernández coñece o sector, non en balde é proprietário dun asteleiro ferrolán, Astafersa, pero resulta inútil chamar á participación cando non existen empresários interesados. Máis ben, semella que a de Xan Fernández constitue unha disculpa para non *mollarse*. ■

ANXO IGLESIAS

Na Galiza só radican o 7,2% das empresas auxiliares que son as que proporcionan maiores beneficios

A construción naval, indústria de enclave

O incumplimento, por parte da administración, da entrega de primas ou axudas á construción aos asteleiros, está a colocar aos mesmos nunha difícil situación.

O retraso no cobro das primas, xunto coa necesidade de cubrir o pago de intereses dos créditos solicitados para a construción do buque, dan lugar a graves problemas financeiros.

Compre ter en conta ademais que os créditos concedidos son para todo o buque, pero o construtor galego só realiza, en realidade, o 40% do traballo total que require un barco antes de ser botado. O 60% restante é tarefa dos suministradores.

Na Galiza adoitan a se realizaren os traballos de casco e chapa, pero existe moi pouca indústria auxiliar. Tornilleiria, tubos, pintura,, aparatos de navegación, etc., son polo xeral importados ao Pais Vasco, Madrid e Cataluña que concentran o 70% deste tipo de fabricación.

Na Galiza só radican o 7,2% das empresas auxiliares que son precisamente as que proporcionan un meirande beneficio e oferecen menores riscos financeiros. Esta situación define o papel da construción naval na Galiza como o dunha indústria de enclave, desprovista dos elementos industriais e do aparato de decisión que lle proporcionen autonomia e que a insiran no conxunto do tecido industrial. ■

GALIZA E MUNDO

■ X.L. Barreiro: 'As senténcias máis aplaudidas, co tempo resultan ser as máis ridículas' (Páx. 6) ■ Aberta en Vigo unha Casa de Acollida a mulleres maltratadas (Páx. 9) ■ Prezos para asinar o acordo do leite (Páx. 10) ■ Entrevista co secretário xeral da FSM (Páx. 15)

E LEICIÓNS EN EUSKADI

O PSOE perdeu un 20% do seu eleitorado

Os resultados eleitorais acercan a negociación, segundo Arzallus

"A negociación está máis perto" afirmou o Presidente do PNV, Xabier Arzallus, valorando os resultados eleitorais na rolda de prensa do 28 de Outubro. Estas palabras collen un especial significado logo duns comícios nos que o PNV pasaba de 17 a 22 deputados, o PSOE descendia de 19 a 16 escanos e tanto EA como EE sufrian un forte descenso pasando a primeira de 13 a 9 deputados e o partido liderado por Kepa Aulestia de 9 a 6, mentres HB se mantiña nas *suas trece*, repetia 13 escanos.

Pero a variación do mapa político de Euskadi está ainda máis no fondo que amosa ese panel representativo dos escanos e dos votos: o pacto de Ajuria Enea non logrou illar a HB, os partidos bisagras encontráronse co princípio do seu fin e o chamado *problema basco* non se suluciona nen eleitoral nen policialmente senón que se necesita un paso adiante tanto por parte do PNV como por aqueles que apostan pola autodeterminación: o *pacto*, fenecido de morte eleitoral, vai deixar paso a negociación

■ A.EIRÉ

Hai catro anos cando uns militantes de HB se acercaron ollar o que pasaba no lugar escollido polo PNV para seguir a xornada eleitoral foron expulsados considerado a *visita* como unha provocación. O pasado 28 de Outubro, cando vários *abertzales* se acercaron ao "Hotel Villa de Bilbao", no que os seguidores de Ardanza celebraban a sua festa, foron recebidos coa maior coordialidade. Este feito, que por si só non seria significativo, si ilustra por donde pode camiñar a política de Euskadi nos próximos catro anos. Hai acenos políticos que mostran unha entente PNV-HB, ainda sen pacto de Governo, como a saída á actual situación de impasse no que se encontra o conflito ETA-Estado español.

Xabier Arzallus surprendia aos asistente a rolda de prensa na que valoraba os resultados eleitorais, tanto que a maioria nen se deu conta, ao afirmar que "a negociación está máis perto". Ademais, valoraba positivamente a proposta dun pacto PNV-EA-HB realizado pola forza *abertzale*, por máis que o descartase implicitamente.

Comezaba asi o PNV a mover as *fichas políticas*, algo imprescindíbel para que mude o taboleiro basco e se poda conseguir unhas *táboas*, que seria o final feliz da negociación.

Tamén Herri Batasuna, pola sua banda, avanzaba cos seus pións nunha atitude dialogante. O chamamento ás bases do Partido Nacionalista Basco para que censurasen a política da sua dirección realizadas durante a campaña eleitoral, deixaron paso, ao final, á proposta dun acordo de governo tripartito, ao anúncio de que concorrerian á sesión de investidura e que, polo menos, farán un seguimento permenorizado do parlamento vascongado. Isto é interpretado polo PNV como un recoñecimento, de feito, por parte de HB, das institucións autonómicas, algo que consideran positivo e ponto de partida para calquer entendimento.

Por se for pouco, o líder de HB, Jon Idígoras, afirma nestas mesmas páxinas que o PNV terá o protogonismo que lle corresponde como partido maioritário nunha negociación con ETA.

Quedan asi salvados moitos atrancos para comezar unha carreira de entendimento. Entendimento nada imposíbel se temos en conta que a proposta realizada por HB, proposta que apoia ETA, é facilmente asumíbel polo PNV e EA e defendida xa pola maioria das suas bases.

A concordáncia entre os partidos bascos

O recoñecimento da autodeterminación está no programa de todos os partidos nacionalistas, como o está a unidade de Euskadi Sul. O *Estatuto Nacional de Autonomia* proposto por HB non ven ser máis que a autonomia levada aos seus extremos. Tamén o PNV está a pedir arreo o aumento do teito competencial. Eses son os tres pontos básicos que propón HB.

Por outra parte ETA, que na entrevista concedida a "Egin", non menciona para nada a palabra **independéncia**, manifesta que "os partidos políticos deberán xogar un papel importante no proceso de negociación", ao tempo que afirma que "se os líderes do PNV, EA e EE, en vez de discriminar a loita abertzale, loitasen con verdadeira decisión e atrevimento ante os poderes de Madrid, o problema da loita armada solucionaríase pronto".

Non é que ao PNV lle vaia ser doado o propiciar a negociación ETA-Estado, depois de participar no pacto de Ajuria Enea (sabiamente foi o partido menos beligerante), sobretodo, se como se presume, vai ter que pactar un Governo de coalición co PSOE. A atracción dos socialistas governando en Madrid é demasiado intensa para poder substraerse a ela. Un pólo de enganche no próprio Governo, que podia ser EA, é bastante improbábel dado as vellas liortas fratricidas e a política de anteposición do interese partidário ao xeral que privou até de agora no nacionalismo basco de direitas.

As esixéncias dun PSOE, que viu reducido os seus votos nunha cuarta parte dos obtidos (de 252.233 pasou a 201.608) por mor precisamente da entrada no governo, ao perder o cariz de partido *netamente español* por aliarse co nacionalismo, pode facerlle o camiño máis viábel ao PNV.

A NOSA TERRA

Iñaki Anasagasti, portavoz do PNV no Congreso, optimista na noite eleitoral basca.

Evolución eleitoral

Araba

Opción	15-VI-77 Legislativas	1-III-79 Legislativas	3-IV-79 Municipais	9-III-80 Parl.vasc.	28-X-82 Legislativas	8-V-83 Jtas.Grals.	26-II-84 Parl.vasc.	22-VI-86 Legislativas	30-XI-86 Parl.vasc.	10-VI-87 Jtas.Grals.	10-VI-87 Parl.europeo	15-VI-89 Parl.europeo	29-X-89 Legislativas
Abstención	24.831	54.253	60.306	73.605	33.275	61.828	61.832	59.829	59.551	62.128	62.036	85.101	69.682
PSOE	34.244	24.891	17.860	14.694	51.674	34.890	31.485	45.259	34.806	26.258	29.362	26.849	35.723
HB	—	11.594	12.560	14.804	14.540	10.872	13.539	16.440	17.912	18.701	19.543	16.748	16.015
PNV	21.708	26.722	36.866	31.640	32.103	45.657	44.583	26.030	28.103	13.111	18.003	17.578	23.247
EA	—	—	—	—	—	—	—	—	20.349	28.031	20.911	12.260	11.689
PP	7.927	7.205	—	6.029	27.974	19.147	20.380	21.600	9.584	12.275	15.801	15.252	19.427
EE	2.622	5.442	3.754	9.658	10.180	7.571	9.633	11.081	15.277	10.636	11.786	11.763	11.873
CDS	88.338	29.625	28.215	20.716	5.604	2.163	—	11.951	11.195	9.428	10.294	6.211	9.228
Otros	21.583	14.413	14.584	8.698	7.759	4.742	7.014	6.734	3.571	5.463	9.295	13.913	11.890
Censo	151.253	174.145	174.145	179.844	183.109	186.870	188.466	198.924	200.348	197.031	197.031	205.675	208.774

Bizkaia

Opción	15-VI-77 Legislativas	1-III-79 Legislativas	3-IV-79 Jtas.Grals.	9-III-80 Parl.vasc.	28-X-82 Legislativas	8-V-83 Jtas.Grals.	26-II-84 Parl.vasc.	22-VI-86 Legislativas	30-XI-86 Parl.vasc.	10-VI-87 Jtas.Grals.	10-VI-87 Parl.europeo	15-VI-89 Parl.europeo	29-X-89 Legislativas
Abstención	185.200	300.244	336.213	333.173	174.906	300.268	279.916	289.438	277.747	296.492	297.267	381.944	301.824
PSOE	140.643	105.481	80.200	74.379	196.974	156.963	138.093	162.323	143.387	116.344	115.300	96.513	127.744
HB	—	80.280	103.507	84.273	87.100	71.582	77.407	97.252	101.733	104.337	106.402	92.791	92.493
PNV	171.991	161.480	206.212	206.051	221.801	223.572	261.911	179.130	183.766	161.456	146.353	140.083	171.582
EA	—	—	—	—	—	—	—	—	74.921	76.207	71.355	52.286	48.355
PP	36.934	23.484	—	29.747	79.866	55.962	56.207	65.212	32.764	36.247	41.729	40.612	59.632
EE	30.209	32.363	28.665	40.085	43.591	39.229	44.500	51.090	65.116	54.919	52.974	48.926	48.559
CDS	91.262	88.431	58.217	34.781	9.815	—	—	30.286	20.387	22.293	23.610	14.215	21.144
Otros	101.511	74.422	53.171	51.878	40.151	24.412	23.809	38.233	18.864	26.606	39.911	52.600	51.259
Censo	757.750	866.185	866.185	854.347	854.204	871.988	881.843	912.964	918.685	894.901	894.901	919.970	922.592

Gipuzkoa

Opción	15-VI-77 Legislativas	1-III-79 Legislativas	3-IV-79 Jtas.Grals.	9-III-80 Parl.vasc.	28-X-82 Legislativas	8-V-83 Jtas.Grals.	26-II-84 Parl.vasc.	22-VI-86 Legislativas	30-XI-86 Parl.vasc.	10-VI-87 Jtas.Grals.	10-VI-87 Parl.europeo	15-VI-89 Parl.europeo	29-X-89 Legislativas
Abstención	100.375	172.182	194.450	218.698	109.583	192.613	157.488	185.025	167.030	165.183	164.975	222.595	180.867
PSOE	93.010	59.863	46.820	41.148	99.972	71.583	78.208	80.336	74.040	61.411	61.327	52.414	70.183
HB	—	57.811	66.146	52.559	74.217	60.027	66.443	80.032	80.255	84.133	85.381	74.823	78.138
PNV	102.494	87.090	108.271	111.411	125.389	126.656	144.684	99.515	99.339	49.842	45.310	44.148	57.290
EA	—	—	—	—	—	—	—	—	85.905	85.608	80.348	60.681	63.569
PP	27.048	3.419	—	7.975	31.308	12.977	23.994	28.155	13.258	18.233	19.602	17.390	24.638
EE	31.208	42.293	35.214	40.210	38.156	32.358	31.538	37.237	44.030	40.389	39.694	34.044	36.857
CDS	—	50.551	9.070	22.598	6.407	1.012	—	12.487	8.863	5.376	7.580	5.815	7.941
Otros	82.475	33.933	47.171	25.717	15.788	12.723	11.876	12.820	8.390	10.816	16.774	23.518	17.558
Censo	436.610	507.142	507.142	520.316	500.820	509.949	514.231	535.607	541.110	520.991	520.991	535.428	537.041

A desaparición dos partidos bisagra

Ás 11,45 no salón principal do Hotel Carlton de Bilbao, sede en 1936 do Governo basco, unha orquestra trataba de *amenizar* a noite eleitoral de 10 militantes de Eusko Alkartasuna. Mentres soaba o "...caminito que el tiempo ha borrado...", Karlos Garaikoetxea, trataba de porlle ao mal tempo boa cara, e, rodeado por tres dos seus fieis seguidores, dicíanos que tiña que replantearse moitas cousas e, querendo pór unha migalla de optimismo, afirmaba que, polo menos, lograran parar o descenso vertixinoso de votos. Declaraba que o 50 dos seus militantes xa non proviñan do PNV, partido co que tiñan moi pouco a ver xa, e botáballe a culpa dos seus resultados aos meios de comunicación que insis -

(pasa á páx. seguinte)

ELEICIÓNS EN EUSKADI

(ven da páx. anterior)

tiron durante toda a campaña en que ian descender.

Aos poucos minutos abandonaba canda nós o Hotel mentres militantes do PNV enarboraban as bandeiras partidárias desde os coches e berraban un provocativo "Ardanza Lendakari". O colega Juan Manuel Idagoya expli- cábame que era "a devolución da visita de hai catro anos".

Tamén os de Euskadiko Ezkerra tentaban adornarse co mellor dos seus forzados sorrisos embutidos nos seus traxes de *costura moderna*. Un ex polimili, militante destacado do partido, definia asi a situa- ción: "son tan inconscientes que non se deron conta de que este é o princípio do fin", dirixíndose a Kepa Aulestia e ao seu entorno.

Na discoteca Bocaccio cinco das persoas que seguiron os resultados, afirmaban ao sair, entre bromas que "o que pasou é que Kepa é tan grande que, segundo entrou na pista, desaloxounos". No transfondo sempre se encontraba unha velada crítica á figura de Aulestia que, en plan autocrítico, recoñecia que "é preciso reflexionar sobre o papel que lle corresponde ao partido" ao tempo que se lamentaba dos resultados acadados por HB e se xustificaba afirmando "que o partido nunca tanto traballou".

As caras dos militantes de EE, como as dos de EA, reflexaban o medo a que estas baixas sexan o comezo dun tobogán que os leve, seguindo a atracción fatal que está a condenar en todo o estado aos partidos *indefinidos*, os chamados bisagra, a chocar contra o chan da nada eleitoral e a desfacerse.

Para salvarse da caída hai militantes de EE que miran cara o PSOE con intención de saltar como xa fixeron compañeiros anteriormente; outros cara Esquerda Unida e os máis refuxiaranse na *prácida vida profisional*, tarde ou cedo.

A inesperada *Unión Alavesa*

Máis optimismo rezumaban os do PP. A sua suba de 2 a 6 escanos, ainda que significativa e considerada por eles como o signo da "recuperación" que se dá en todo o estado, non é tan espectacular no número de votos, pasando de 55.606 a 83.482, sobretodo se temos en conta o descenso do PSOE, e a caída en picado, seguindo a inércia, do CDS, que pasou de 40.445 en 1986 a tan só 6.652.

Pero unha espiña molestaba aos populares: o surprendente éxito de Unidad Alavesa que acadou 3 actas debido á paridade existente no número de escanos entre os tres herrialdes do sul (25 deputados cada un).Dos 14.373 votos conse- guidos en toda as Vascongadas, máis de 12.000 foron obtidos na capital alavesa, Vitoria. UA funciona como un localismo capitalino, semellante ao "coruñesismo", basado na *discriminación* que sofre Araba, a respeito de Bizkaia e Gipuzkoa. Sentimento que seguiron alentando os nos- tálxicos-franquistas capitalinos pésie a concederlles a capi- talidade. O "aggiornamento" do PP, fíxoos abandonar estas fileiras. Foron parte destes empresários os que financiaron hai catro anos as campañas eleitorais de La Coruña Unida e seguen aportando diñeiro a algunha publicación coruñesa.

Pero máis alá deste *chiste eleitoral*, como calificaba un dirixente do PNV a irrupción de UA (en referéncia ao seu progra- ma cheo de chistes contra gipuzkoanos e bizkainos), aparece un horizonte de catro anos nos que os partidos nacionalistas afirman que se vai pór fin á violéncia. Os comícios do 28 de Outubro deixaron unha mensaxe de conciliación. ■



		Votos	Escanos
EAJ-PNV	1986	271.208	17
	1990	289.137	22 +5
PSE-PSOE	1986	252.233	19
	1990	201.608	16 -3
HB	1986	199.900	13
	1990	186.242	13 =
EA	1986	181.175	13
	1990	115.732	9 -4
EE	1986	124.423	9
	1990	78.855	6 -3
PP	1986	55.606	2
	1990	83.482	6 +4
CDS	1986	40.445	2
	1990	6.652	0 -2
DS	1986	----------	0
	1990	5.000	0
UA	1986	----------	0
	1990	14.373	3 +3

Jon Idigoras

"Non lle imos negar o protagonismo ao PNV na negociación"

■ A.E.

Jon Idígoras, un dos portavoces da Mesa Nacional de HB e líder carismático dos *abertzales*, analisa os resultados dos comícios nas Vascongadas e a situación política a que poden conducir estes. Está convencido que nestes catro próximos anos se encontrará unha saída negociada ao chamado *problema basco* e afirma que, se nun primeiro momento o protagonismo terá que ser de ETA e o Estado, logo os partidos presentes no parlamento basco terán un protagonismo conforme á sua representación.



A NOSA TERRA

Como valora Herri Batasuna os resultados eleitorais?

Estas eleicións clarificaron o panorama político: quedan tres grandes forzas políticas e duas correntes. O PNV como rexionalismo basco, o PSOE como representante do voto español e HB que reclama o direito á autodeterminación e a unidade territorial. Os *partidos bisagras*, as opcións intermédias, están en trance de desaparición. Os resultados de EA e EE non son nengunha casualidade.

Noutro plano tamén determinaron a fortaleza de Herri Batasuna que, despois dunha campaña de acoso e derribo por parte de todos os partidos e dos meios de comunicación, quedou demostrado que é imposíbel illala da sociedade basca: conservou o seu eleitorado e foi a primeira forza en Gipuzkoa e en San Sebastián e nas povoacións máis importantes. Estes resultados foron unha clara derrota do pacto de Ajuria Enea. Se este tiña como obxectivo illar política e socialmente a HB, non cumpriu os seus obxectivos senón que sofreu graves fisuras. Os partidos que máis se significaron no seu ataque a HB, os que fixeron o traballo suxo, como EE e EA, foron os partidos que maior desgaste político tiveron.

Hai unha reflexión clara a teor destes resultados: o chamado problema basco non se vai solucionar con pactos deste tipo ou con solucións policiais. Hai que abordar a recondución cara un novo diálogo e unha negociación política.

Pódese afirmar logo que estas eleicións dan os pactos por fenecidos?

Os obxectivos do pacto era derrotar a HB e os resultados foron distintos, deberían facelos reflexionar e mudar en consecuéncia.

Pero, no fondo, tampouco o panorama cambiou tanto. Semellan necesarias novas iniciativas para sair do *impasse* no que se encontra instalado o conflito Euskadi-Estado español. Cales van ser os pasos que vai dar HB neste sentido?

O primeiro paso é acudir á reunión con Ardanza e expoñerlle a nosa oferta: esta lexislatura ten que ser definitiva para abordar dous temas do autogoverno, coa autodeterminación incluído, e a normalización política e a paz. Polo tanto, neste sentido, hai que ir cara un compromiso claro, fundamentalmente do PNV, EA e HB, que temos, entre os tres 44 deputados e máis do 60 por cento dos votos, polo que seria unha maioria absoluta *natural* importantísima. Estariamos en disposición, cun carácter flexíbel e dialogante, de abordar estes grandes temas.

Arzallus comentaba na noite eleitoral que lle gostaria que HB se reafirmase na proposta dun Governo de coalición basco no que eles estivesen presentes, ao tempo que os excluia a vostedes tacitamente pero afirmaba que a negociación está cada dia máis perto. Como interpreta as suas palabras?

O Señor Arzallus interpreta bastante ben e sabe ler as claves baixo as que se desenvolveron estas eleicións e tamén sabe ler a clave dos resultados. El sabe que este cuatriénio vai ser definitivo para a solución do problema do enfrentamento en Euskadi. Evidentemente Arzallus reclama para o seu partido un protagonismo dentro deste proceso. Protagonismo que nós non lle imos negar. É cuestión de diálogo, cuestión de facer unhas ofertas claras. O PNV vai ter que elexir entre perpetuarse nun imobilismo cun pacto unilateral co PSOE ou buscar outro tipo de solucións e outro tipo de compromisos. Nós imos seguir ofertándolle un Governo de coalición PNV-HB-EA.

Vostedes reclaman, á vez, nesta etapa negociadora, o apoio das forzas nacionalistas doutros países do estado pois consideran que é necesário mudar a Constitución...

Hai unha cuestión de solida- riedade entre as distintas na- cións do Estado pois os pactos que se vaian dar en Euskadi van afectar tamén a Catalunya, Galiza, etc. Polo tanto, desde outras nacionalidades teñen que esixirlle ao Estado español que cámbie a sua postura arrogante e que... aqui non se cai o mundo porque se reforme a consti- tución; xa se reformaron outras e non pasou absolutamente nada. Ademais a configuración de Europa non pasa porque os estados se manteñan tal cal están agora.

Neste sentido pensan que as palabras de Felipe González de que Euskadi ten que pasar por Madrid para relacionarse con Europa poden influir no pacto entre PNV e socialistas, sobretodo cando tanto Ar- zallus como Ardanza fan moito fincapé na incorporación ao concerto europeu?

Non benefícia en nada a arroganéncia de Felipe González, algo ao que, por outra banda, xa nos teñen afeitos. De calquer maneira o PNV vai sopesar moito o pacto co PSOE pois mentres estexa en Madrid é un caramelo moi grande, porque está no poder.

HB xa anunciou que vai ir á sesión de investidura, pero cal vai ser a actividade parlamentária se o PNV non aceita a proposta de HB?

De calquer maneira a actividade no parlamento basco e moi restrinxida, desgraciadamente é unha pequena caricatura do que debe ser un parlamento. Nós apostamos por cambiar as relacións co estado e dotar ás institucións bascas dun instru- mento político como pode ser outro *Estatuto Nacional de Autonomia*. Se a reforma cons- titucional vai vir, terá que am- pliarse a máis campos ademais de recoller o direito de auto- determinación: proceso de unidade territorial e Estatuto Nacional de Autonomia. Baixo estes eixos podemos chegar a un compromiso.

O Parlamento basco poderia xogar tamén algun papel na negociacións?

O tema da negociación non o entenden ben moitos. Dá a impresión de que a negociación vaise levar exclusivamente entre ETA e o Estado. A negociación ten duas fases. A primeira dirimir a normalización política e o enfrentamento entre o Estado español e ETA (eles son os que están enfrentados dunha ma- neira violenta) levarian a unhas conclusións de acordos sobre tres temas, quer dicer, para que se dé esa situación de normalización e de deixar as armas seria necesário abordar o tema da autodeterminación, da uni- dade territorial e do Estatuto Nacional de Autonomia. Isto anunciaríano nunha primeira instáncia ETA e o Governo español. Despois hai unha segunda fase, o desenvolvimento destes acordos que, xa que competeria aos partidos políticos con representación en Euskadi. Aí cada partido teria o seu protagonismo en base á sua representación. ■

O EX-VICEPRESIDENTE ENTRA NO INVERNADEIRO

Xosé Luis Barreiro

"Prefiro aceitar as partes negativas de quen aprenderon a facer xustícia no franquismo que facer franquismo eu"

■MANUEL VEIGA

O último Congreso de Coalición Galega serviu para dar a despedida a Xosé Luis Barreiro dos organismos de dirección do partido. Todos os dirixentes políticos, mesmo os de aqueles partidos que máis fixeron para provocar a sua condea, lamentan agora a auséncia "dun político da sua talla da escea política galega". Moitos cidadáns, con todo, gostarian de saber porque finalmente foi Barreiro o que pagou todas as "culpas" polas *corruptelas* do governo e do partido dos que daquela formaba parte. Nesta entrevista, o ex-vivepresidente afirma que voltará dentro de seis anos e que, para esas, moitos dos que o vilipendiaron xa non estarán na política.

TINO VIZ/ARQUIVO

Após da senténcia do Tribunal Supremo que, dito sexa de paso, veu a cuestionar un pouco ao Tribunal Superior de Galiza...

Un pouco non, totalmente.

Despois da inabilitación vostede quedou como único *pagano* das acusacións que cairon sobre aquel governo. Mentres que o presidente e demais conselleiros resultaron totalmente libres de acusacións políticas e xudiciais e hoxe seguen, moitos deles, dirixindo o PP e o próprio governo actual coma se nada. O que se pergunta moita xente é porque vostede nunca deu a coñecer datos ou temas que poideran acusar a esas persoas que o acusaron a vostede e que quedaron libres. Porque é de supoñer que vostede conta con probas e datos suficientes para comprometer a Fraga e a médio PP.

Eu rexeito absolutamente a mesturanza entre as fórmulas xudiciais e as fórmulas políticas para a loita política, porque non fondo son unha manifestación contrária radicalmente ao sistema democrático. A política só se pode facer na liberdade e na independéncia dela mesma. Desde o meu ponto de vista, cando unha denúncia esta viciada, non se debia de admitir e iso di a mellor técnica procesal. É evidente que a miña denúncia estaba viciada en orixe, diga o que diga o Tribunal Supremo, e un tribunal democrático non podia admitir que se utilice a xustícia para dirimir unha conta. Quen testificou contra min foi o Partido Popular e el próprio instromentou a decisión, polo tanto non estaba capacitado para entrar. Iso é o mesmo que unha conversa espiada ou unha proba falseada ou conseguida por médios non legais. Que fiabilidade pode ter a testemuña do señor Carreño contra min? Iso ten que ser prantexado por un tribunal. Mais eu prefiro aceitar as partes negativas de quen aprenderon a facer xustícia no franquismo e non facer o franquismo neste momento. Afinal estes señores aprobaron unha oposición tendo como tema as Leis Fundamentais do Estado e algo se lles apegaria. Pois que fagan franquismo eles, pero eu non. Eu fago democrácia e iso implica dirimir en política o que é político e cando non estou de acordo cunha senténcia, coma é o caso desta, penso o que penso do Supremo —e no que, por certo, coincido coa maioria dos españois— pero non o digo. No resto non me meto, porque seria convertirme no mesmo que Fraga, que Carreño e que *Manancho*. Que quede claro para os meus fillos e para a história que unha cousa son eles e outra son eu. Prefiro ser culpabel é ser Xosé Luis Barreiro.

"QUE FIABILIDADE PODE TER A TESTEMUÑA DO SEÑOR CARREÑO CONTRA MIN?"

"As senténcias xudiciais máis aplaudidas sempre foron as máis ridículas"

Pero vostede mesmo ten argumentado que unha cousa é como se define un e outra como o define a sociedade e que o que pesa é a definición social.

Case todas as senténcias xudiciais, que foron moi aplaudidas no seu dia, hoxe son auténticas burradas. A senténcia de Galileo estaba dada por uns tribunais tan legais e tan probos e estudaran en Bolónia, o mesmo que os señores que fixeron a miña, só que hoxe en dia é ridícula. O mesmo a de Sabino Arana, etc. Pois a miña tamén será ridícula dentro de vinte anos.

Pero como político en activo non pode esperar polo veredicto da história.

Podo, podo agardar. Os políticos somos os que podemos agardar. Cando pasen os seis anos e un dia, a meirande parte da xente que interviu contra min estará xuvilada e non servirá para nada. Eu dentro de seis anos quero servir para todo e, polo tanto, estou intentando dar, neste intre, a dimensión dun home que non utiliza nen Galiza, nen intereses, nen o emporcamento das situacións, nen nada, para facer política. A loita política miña é absolutamente política. ■

PARTICIPACIÓN POLÍTICA

MAIS PRESÉNCIA DA SOCIEDADE, MENOS ESPÁCIO DE PODER

FRANCISCO CARBALLO

As eleicións sindicais marcan o ritmo da sociedade galega estes dias, pero o poeder e as institucións políticas tamén se moven nun intento de protagonizar as cabeceiras dos meios de comunicación.

Os dados de alta participación eleitoral (v.g. na Citroën de Vigo ata o 97%) e os resultados, non moi alonxados entre UGT, CCOO e CIG, non poden ocultar as mediacións extra-sindicais que se están a utilizar. Os sindicatos de empresa como o SITC, conseguen pouca representatividade global, mais moita local. Son un signo das graves interferéncia na libre opción dos asalariados. A central sindical CIG é somente un proxecto en marcha. A oportunidade eleitoral que forza a INTG, CXTG e aos outros pequenos sindicatos integrados na CIG, a coaligarse, ten que servir igualmente para un diálogo no mútuo respeito que logre unha fusión sindical pluralista ideoloxicamente e fiel á inspiración comun de responder ás necesidades nacionais da Galiza tanto como ás de clase.

Unhas eleicións sindicais, dentro dunhas leis condicionantes e dunha servidume ás subvencións, revelan a desigualdade que o sistema capitalista imprime a todas as institucións e mais cando o poder actua arbitrariamente mesmo desigualando mais o que o sistema xa realiza. Asi, observando as subvencións de 1990 aos sindicatos do campo, constatamos a arbitrariedade máis caprichosa: "Jóvenes agricultores", 18 millóns de ptas., CC. Labregas, 12, Unión Agrarias, 7 e cantidades menores a outros. O ano anterior, as cantidades eran tan desiguiais, pero diferentes. Que critério actua nestas distribucións? Non aparece outro que a arbitrariedade. O mesmo se observou na conselleria de Cultura coas AA. Culturais, meses pasados.

A publicación de todas as subvencións deixa estupefacto. O poder non quer deixar á sociedade o libre xogo da suas opcións: o poder compra e vende favores para manexar a sociedade.

As AA. Viciñais son outra realidade móbil da sociedade galega. Son a ponta de lanza dos movimentos sociais que penetran no tecido social. Pero aí vai o poder para impedir o seu andar e a sua dinámica. Todo aponta na Galiza ás eleicións municipais, e isto estando metidos nas sindicais. Interesante como nada a observación dos métodos dos partidos políticos e do poder guvernamental para utilizar os movimentos organizados da sociedade civil.

Os resultados das eleicións autonómicas de Euskadi botan leña ao lume das inquedanzas dos partidos na Galiza. O PP vive un formiguexar latente: nun grupo de clientelismos e de baronias toda eleición actua as rivalidades. Como Fraga impónlle un discurso político de siléncios e de ficcións, o PP ten que dotarse doutro"para andar por casa" que lexitime os repartos e garanta as esperas. As subvencións, a participación en algueiradas á beira de adversários ideolóxicos ten o apoio nese discurso "doméstico": todo serve cando se saca proveito.

A PUBLICACIÓN DE TODAS AS SUBVENCIÓNS DEIXA ESTUPEFACTO. O PODER NON QUER DEIXAR Á SOCIEDADE AO LIBRE XOGO DA SUAS OPCIÓNS

O PSOE, quen en sequer é capaz de facer o seu congreso aqui antes do estatal, sucursalízase ata extremos inusitados. As poderosas alcaldias de A Coruña e de Vigo dominan sobre a organización. Na Coruña, a sociedade civil mediante as asociacións de viciños, está a vixiar os procedimentos do Alcalde. En Vigo, a ampla participación no negociado municipal e no cúmulo de mútuas concesións agacha a responsabilidade individual na compravenda de *res publica*. Non é inferior a responsabilidade do PSOE que a do PP na manipulación e corupción da cidadania.

O momento é a propósito para os partidos galegos. Un "discreto encanto" rola os partidos nacionalistas; o triunfo do PNV en Euskadi favoréceo. Hai movimentos de converxéncia no centro galego, desde CG a PNG sen esquecer a CdG, apesar do rostro de "quintacolunistas" que estes apresentan. O BNG e o PSG-EG apreséntanse ás municipais con ambición. A conveniéncia educativa que cada programa facilita para a concienciación do país, non pode esquecer que a eficácia é un valor moi importante. Tanto mais futuro ten un partido canto máis recolle e dinamiza o sentir dos movimentos sociais. E recoller ese sentir impón introducir alto pluralismo nas candidaturas e nos métodos de acción.

En resumo, a sociedade galega postula máis intervención na xestión pública. Os sindicatos e os partidos teñen que abrirse máis e máis estruturalmente ao diálogo social e ao control da sociedade.

ESPECULACIÓN URBANÍSTICA

Lendoiro dá marcha atrás nas acusacións contra Paco Vázquez

Pacto PP-PSOE en A Coruña

■M. BERTOJO/A CORUÑA

As instrucións do fiscal xeral do Estado para incoar dilixéncias informativas sobre as actuacións urbanísticas de Francisco Vázquez están a chegar nestes dias.
É o fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza da Galiza o responsábel desta tarefa: averiguar se existen de feito irregularidades ou si as imputacións en contra do alcalde resultan infundadas. Mentres tanto, nas ruas coruñesas, estanse a facer inquéritos entre os cidadáns: considera vostede ética a actuación do alcalde?

O fiscal xeral do Estado, Leopoldo Torres, manifestou dias atrás que ten solicitado ao fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza da Galiza (TSXG), António Couceiro, a incoación das oportunas dilixéncias informativas verbo das actuacións urbanísticas do rexidor coruñés no Polígono de Mato Grande e Paseo das Pontes, zonas da cidade nas que a empresa Illano, S.A. —vinculada á família de Francisco Vázquez— posue terrenos.

Segundo a opinión de Leopoldo Torres e tras unha primeira valoración da documentación remitida polo mesmo alcalde ao fiscal xefe do TSXG o pasado dia 15, non existen implicacións claras por parte de ninguén en posíbeis actividades irregulares, polo que pede ao fiscal da Galiza que investigue a veracidade das acusacións feitas contra Francisco Vázquez. As devanditas investigacións levaránse a cabo en función do artigo 785 bis da Lei de Enxuiciamento Criminal, como asi o manifestou o próprio fiscal xefe do TSXG. Pola sua condición de persona aforada —o alcalde, Franciso Vázquez, é tamén deputado no Parlamento español— o único órgao competente para investigalo ou procesalo é o Tribunal Supremo.

Escrito alternativo

Por outra banda, representantes da Federación de Asociacións de viciños de A Coruña, Bloque Nacionalista Galego (BNG), Esquerda Unida (EU) e Partido Socialista Galego-Esquerda Galega (PSG-EG) apresentaron o pasado Venres, dia 26, un escrito na Fiscalía do TSXG no que se solicita a abertura das oportunas dilixéncias informativas cara a determiñar se alcalde e governo municipal poderian ter incorrido en posíbeis feitos delictivos. Entre a documentación apresentada polas tres agrupacións políticas e Federación de Asociacións de Viciños figuran fotocopias do Rexisto Mercantil e do Rexisto da Propriedade nos que constan, através várias sociedades, o nome do alcalde, a sua dona e alguns familiares desta. Conforme as declaracións dos remitentes deste escrito, apresentarase en breve unha nova documentación adicional, pendente ainda dun informe técnico xurídico. Toda a documentación entregada ao fiscal xefe do TSXG, António Couceiro, será remitida ao Fiscal Xeral do Estado.Contrasta a postura destas organizacións políticas e viciñais coa "retirada" do xefe da oposición municipal do Partido Popular (PP) no concello da Coruña. César Lendoiro, quen chegou a afirmar aos meios informativos que non podía falarse de indício de ilegalidade algun, mais si de descalificación ética.

Recusación

O pasado Martes, dia 30, remataba o prazo legal para a convocatória do pleno de recusación do alcalde, solicitado 15 dias antes polo BNG, EU e PSG-EG e, dias despois, pola Federación de Asociacións de Viciños da Coruña e as asociacións de Santa Margarida e Agra do Orzán en parecidos termos amparados na Lei de Bases de Réxime Local e da Lei de procedimento Administrativo. Segundo aparece no texto da recusación e unha vez pechada a via administrativa, non queda máis que recorrer ante os tribunais para que o pleno municipal se pronúncie a favor da inibición do alcalde coruñés nos procedimentos do Plan Parcial de mato Grande e do Plan Especial de Reforma interior do Paseo das Pontes.

Segundo o texto da recusación apresentada polos devanditos colectivos políticos e viciñais, existe un claro incumprimento das disposicións legais, xa que "o alcalde participou en vários Plenos da Corporación Municipal, nos que se tomaron acordos relacionados con ambos os dous Plans". O artículo 20 da Lei de Procedimento administrativo impede a intervención da autoridade ou funcionário naqueles procedimentos nos que haxa parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grau ou de afinidade dentro do segundo, con calquer dos interesados, administradores de entidades ou sociedades interesadas. ■

O CARBALLIÑO

Mentres as arcas do concello están valeiras

Críticas á *viaxe de pracer* de dous concelleiros

■X. R CASTRO/O CARBALLIÑO

Mentres as arcas do concello do Carballiño fican valeiras, o alcalde e vários concellais acompañan á Coral Polifónica do Casino nunha xira por Venezuela, para a cal a institución local aporta dous millóns e médio de pesetas. Esta situación ven de provocar numerosas críticas entre a povoación, ainda que a oposición máis grande ven de mans do grupo municipal do BNG, que fixo pública a sua postura ao respeito.

Nos últimos anos, a Coral e máis o alcalde da vila Arximiro Marnotes (CdeG) acostuman facer unha visita a un país sudamericano, aproveitando a Coral para amosar o seu repertório e o alcalde para rodearse dun carácter populista e facer de paso eleitoralismo.

Xa o ano pasado con motivo da viaxe á Arxentina houbo sérias discrepáncias, pero este ano a xira contaba ainda con outra agravante: o concello carecia de liquidez económica e os funcionários levaban sen cobrar máis dun mes, pensando moitos dos viciños da vila que habia necesidades moito meirandes que unha viaxe destas características.

Pola sua banda, o BNG denunciou o ambiente inoxicador que propiciou Marnotes, ao dicer que os nacionalistas se opuñan á viaxe, matizando estes que "en absoluto nos opomos a que a Coral vaia a Venezuela nen os concellais, pero sempre que non represente gasto algun ao erário público", resaltando que o alcalde nunca dera a cifra con exactitude, ainda que no orzamento aprobado constaban os dous millóns e médio. Seguindo coa sua valoración, o Bloque calificaba de "sangrante" a "viaxe de pracer" cando non habia un peso nas acas municipais, e os traballadores ainda non perceberan a sua nómina, o cal era considerado como "unha total falta de respeito", ao tempo que corroboraba a tese de que "estes caciques utilizan a política para o seu lucro persoal". Por se isto non abondase, prodúcese outra agravante que converte a situación en "provocación e atentado contra as máis elementais normas democráticas", xa que Arximiro Marnotes e Adolfo Xeneiro, membro do grupo de governo e con dedicación exclusiva ás suas tarefas municipais, viaxaban a gastos pagos "apesar de cobraren de todos nós", dicia o comunicado, matizando que iso non podia ocorrer, ao igual que a sua deixación de funcións, pensando que o desprazamento ten claros tintes eleitoralistas e "cosmopolitas", xa que segundo o BNG "o alcalde de O Carballiño non ten pátria, senón que el mesmo xa é unha".

Tras esta polémica, que levou a Marnotes a invitar aos nacionalistas á viaxe, invitación que obviamenté foi declinada, ao dia seguinte da sua marcha, o concello reparte un escrito aos meios de comunicación, no que se anúncia que durante as vacacións do alcalde non haberá nengun pleno, o cal viña corroborar as sospeitas do BNG, que xa anunciara que a auséncia de Marnotes suporia un parón na política municipal.

Tamén esta viaxe deixou un vacio noutro departamento, o de cultura, que se atopa sen presidente desde hai quince dias, pospoñendo o nomeamento até a volta, ainda que Marnotes asumiu as competéncias con carácter interino. ■

PATRIMÓNIO HISTÓRICO

Unha pista dana a *via romana* de Elviña

■M. BERTOJO/A CORUÑA

O Director do Museu Arquolóxico da Coruña, Felipe Senén, ten reclamado medidas oportunas ante a Dirección Xeral do Património Artístico para a protección da anterga "vía romana", identificada polos investigadores Monteagudo e Luengo, situado no Castro de Elviña. A construción dunha pequena pista desde Feáns a Elviña Castro non só chega a danar a devandita via, senón que pasa pola mesma área monumental diste xacimento arqueóxico, declarado, por outra banda, Monumento Nacional por Decreto do 5 de Xullo de 1962/1.758 (B.O.E. 20).

No seu escrito a Dirección Xeral do Património, Felipe Senén pede que se tomen as medidas oportunas ao amparo da Lexislación sobre Bens de Interese Cultural, garantindo a conservación deste importante asentamento ubicado en area peri-urbana e, polo tanto, sometido a unha ampla variedade de problemas que o poñen en perigo.

En palabras de Felipe Senén, "na actualidade, hai dous castros declarados en Galiza como Bens Culturias: o castro do Monte de Santa Tegra e o castro de Elviña. Isto quer dicer que están amparados pola Lexislación; en caso de expólio, a própria Administración Central preocuparíase pola sua defensa. E, por suposto, xa non digamos Administración Autonómica e Concello. paradoxicamente, este castro de Elviña está sometido a unha série de presións especuladoras que amenazan coa sua destrución. É unha zona peri-urbana e de carácter residencial: está perto da Zapateira; é tamén unha zona industrial, localízanse nela este tipo de grandes armacéns *cash & carry* de Alcampo e Continente. É a zona de ubicación do campus universitário e zona de aceso a cidade. O Museu ten a finalidade fundamental de mirar polos nósos monumentos arqueolóxicos imediatos, entre eles o castro de Elviña e a Torre de Hércules, ve a necesidade de deixar algo para o futuro. As novas xeracións necesitan saber como eran as suas raiceiras, como era o seu pasado, mais con monumentos de calidade como é o castro de Elviña".

"Os viciños desta área, engadiu F. Senén, neceistan comunicarse, necesitan ruas e zonas de aceso, e colleron unha anterga via que é, precisamente, a via romana que leva ao Castro. Ninguén cede as suas terras, collen o património comunal que xa hai e destruyen, con total ignorancia, nas explanacións unha parte desta via. Unha via que ten as suas rodeiras marcadas polos carros durante miles de anos! Estase destrozando así unha parte importante do noso património arqueolóxico, etnográfico e incluso histórico. No 1809 aconteceu ali a Batalla de Elviña, alá estaba tamén a casa dos antepasados de Simón Bolívar; Elviña aparece incluso no século XVII nas crónicas do Cardenal Jerónimo del Ollo. É un lugar importantísimo para o nascimento e posterior evolución da Coruña. É o momento de darlle o alto aos intereses especuladores e que se poda recuperar o castro como património do campus universitário".

A indústria da imaxe,
necesita de boas ideas.
E as boas ideas, hai que
sabelas representar.

PRIMEIRO TALLER
EN GALICIA
SOBRE TECNICAS
E ESCRITA DE GUIÓN
CINEMATOGRÁFICO

GRUPOS DE 5 ou 10
PARTICIPANTES

SAÍDA LABORAL!

Informes e inscripción:
LIBRARIA SIRIUS:
TRAVESIA DE VIGO, 17.
TEL. (986) 27 73 42

Outras cidades consultar

TALLER DE ESCRITA DE GUIÓN CINEMATOGRÁFICO

MAOS TRATOS Á MULLER

Aberta en Vigo unha Casa de Acollida de mulleres maltratadas

Cada ano denúncianse 18 mil casos de maos tratos

■MANUEL VEIGA

As mulleres maltratadas polos seus homes dan lugar ao "crime encuberto máis numeroso do mundo", segundo definición acuñada pola ONU, tras a década 1975-1985, adicada á muller. En Vigo ven de abrirse precisamente unha casa de acollida para mulleres maltratadas, con cabida para 30 prazas. Ate agora só funcionaba outra en Ferrol, cuxa dirección é secreta para o público. Ambas dependen dos respeitivos concellos.

"Moitas mulleres non toman a decisión de marchar da casa, pésie aos maos tratos repetidos, precisamente porque non teñen un sítio onde ir", sinala Mertxe Inza, directora da Casa de Acollida e Centro de Información ao servício da muller, recentemente aberta en Vigo. "O máis lamentábel é ter que criar estes centros, pero o certo é que son absolutamente necesários", afirma.

O ano pasado producianse no Estado 18 mil denúncias por maos tratos, segundo o Ministério do Interior, asi como 90 asesinatos. Na Galiza producianse 661 denúncias. Para Mertxe Inza isto non representa máis alá dun 10% dos casos existentes, se ben para o caso galego as cifras non supoñen, con toda probabilidade, nen o 5%.

"Hai que ter en conta que no rural denúnciase menos, afirma. Está o problema de ter que ir á Garda Civil, o que retrae absolutamente ás mulleres e súmase á meirande falta de información".

Casas secretas

Ate agora as Casas de Acollida da Muller estaban localizadas en lugares secretos. Asi ocurre coa Casa de Acollida de Ferrol, aberta hai catro anos e dotada de 7 prazas. As mulleres admitidas deben asinar un documento onde se comprometen a non rebelar o lugar de ubicación do piso. O de Vigo é precisamente un dos primeiros centros *non clandestinos*. As suas responsábeis coinciden en que as forzas de seguridade poderian acudir en caso necesário.

Os maiores problemas cos que se encontra unha muller vítima de maos tratos son a supervivéncia inmediata, ate que o xuiz decida quen debe quedar no domicílio familiar. O segundo problema son os fillos

Para iso a Casa de Acollida de Vigo permite a estáncia de cada muller por un periodo de tres meses. Conta ademais con 30 prazas, para dez mulleres, ás que se lle calcula unha média de dous fillos. A directora do Centro sinala que "polo xeral o xuiz non tarda máis de dous meses en emitir a sua decisión, ainda que ás veces tarda máis".

Unha solución parcial

Fn problema que anota a diputada nacionalista, Pilar Garcia Negro: "As Casas de Acollida somente solucionan parte do problema, senón se arbitran outras medidas complementárias, como as de proporcionar un traballo ás mulleres, através de convénios con outros organismos, por exemplo.

A Casa de Acollida convértese asi nun paréntese, pero nen sequer nunha solución a médio prazo", afirma, ainda que recoñece que "en todo caso son positivas e necesárias, ainda que so cubran obxetivos parciais".

Para Maria Xosé Queizán, escritora e feminista, "as Casas de Acollida son un parche, pero teñen o aspecto positivo de que promoven o feito de que as mulleres se atrevan a denunciar e de facer que a sociedade coñeza a situación".

Mertxe Inza coincide con estas apreciacións. "Son conscente de que a Casa non é, nen moito menos, a solución, pero si é unha delas, que debe ser completada con outras".

O límite de prazas pode ser tamén un problema "que coloque nun brete ás responsábeis de cada centro", sinala Garcia Negro.

"É importante tamén que os centros esteñan atendidos por mulleres feministas, sinala Maria Xosé Queizán, pola sua preparación e por poseer, como mulleres, unha maior sensibilidade para estes temas. Conven ter en conta, recorda, que os maiores danos dos maos tratos son moitas veces psíquicos".

OS CASOS DENUNCIADOS NON REPRESENTAN MÁIS DO 10% DOS QUE SE PRODUCEN

Non son privilléxio das clases sociais baixas

Mertxe Inza rebate o tópico de que os maos tratos sexan exclusivos de "clases sociais baixas, parados ou borrachos". "Iso é absolutamente falso, afirma. Os maos tratos prodúcense igoalmente entre as clases altas e mesmo en famílias *progres.* O que sucede é que estes sectores non son os que denuncian. Adoitan a arranxalo pola calada. É algo que saben moi ben os avogados de separacións".

Maria Xosé Queizán coincide na apreciación de que os avogados son coñecedores dun gran número dos casos "e tamén os médicos, que saben distinguir moi ben se a muller chocou contra unha porta ou se foi golpeada polo seu home, pero, sen embargo, non o denuncian".

Maltratadas e maltratadores

As persoas máis dependentes, segundos Mertxe Inza, son as amas de casa, sen recursos e normalmente desinformadas. "É moi frecuente ouvir o caso de que, se aturan, é polos nenos".

Precisamente o dos fillos tradúcese nun grave problema. "As mulleres maltratadas, sinala Inza, adoitan a transmitir aos fillos e fillas os mesmos modelos". Isto dá lugar a que o 60% dos varóns maltratadores son fillos de mulleres maltratadas, segundos datos das Primeiras Xornadas de Maos Tratos celebradas en Abril de 1986. ■

DELMI ALVAREZ

Begoña, fuxiu da casa onde vivia en Pontevedra o pasado mes de Fevreiro a causa dos golpes e ameazas que sofria do seu home. Pasou catro dias refuxiada no monte

Educación e publicidade bases da discriminación que sustenta os maos tratos

Os xuices, defenden a familia, pero non ás mulleres

■M.V.

"Eses ollos que teiman en chocar coas portas", titulou en certa ocasión a sua columna a xornalista Rosa Montero ao se referir aos maos tratos. O certo é que "resulta difícil denunciar algo que está tan metido na realidade cotián", indica Mertxe Inza.

Forma parte da triste cultura tradicional que unha muller atribua a outra "sorte co seu home porque, polo menos, non lle pega". Outras expresións cotidiáns son semellantes a esta: "Non é mao, pégame pero só cándo esta bébedo".

A família forma parte da esfera do privado, segundo a créncia social. Pero "a sociedade debe sancionar temas tan graves como as agresións, sinala Inza. Debe entrar no privado é lamentabel resulta que a mentalidade dos xuices sexa, sobre todo e na meirande parte dos casos, a de preservar a família".

O mal trato aparece tamén unido ao sentido da posesión. Asi, o maior número de golpes son recebidos, en moitos casos, cando a muller anúncia a sua intención de separarse. Aí está o dito: *mateina porque era miña.*

Os danos máis graves non son só físicos, senón especialmente psíquicos. A isto hai que engadir que, a diferéncia de outros paises, as mulleres que denuncian arrastran maos tratos durante un longo periodo que pode rondar os dez anos. A muller que viveu nesta situación está moi deteriorada e moi probabelmente imposibilitada para voltar a ser unha persoa normal. A maiores hai que contabilizar a vergonza que debe pasar ao ser ela, a agredida, a que debe abandoar o domicílio familiar para buscar refúxio.

Un problema tan grave que afecta non so as mulleres, senón tamén aos nenos, ten a sua orixe na falta de respeto á muller cómo ser humano e observa un elevado número de pontos comúns con outros casos de racismo. As agresións e a violéncia física non poden valorarse de forma aillada, forman en realidade un *continuum* coas demais formas de discriminación e inferiorización da muller. Asi a publicidade e a educación recebida, por citar dous elementos da máxima importáncia, son decisivos á hora de criar mulleres sumisas e de abonar o terreo para o que, en moitos máis casos dos que aos homes lles gosta recoñecer, remata en maos tratos físicos e as veces en morte.

"As mulleres foron educadas para casar, lembra a Directora da Casa de Acollida de Vigo, se o seu matrimónio fracasa, consideran isto como un fracaso persoal, como un fracaso da sua vida. Por iso é tan frecuente que aturen situacións insoportábeis coa esperanza de "a ver se se arregla".

A educación que, en sociedades que se proclaman abandeiradas dos dereitos humans, segue reservando á muller un papel desigual, dependente e inferior a respeito do varón, a publicidade que relega constantemente á muller aos labores domésticos e ao coidado dos nenos, tratandoa de menos preparada intelectualmente a outros níveis, son os culpábeis orixinais desta situación. ■

PROBLEMA LÁCTEO

Por parte das indústrias e sindicatos estatais

Presas por firmar o acordo do leite

O 29 de Outubro reuniuse a Mesa do Leite, á que, surprendentemente, non asistiu do delegado do Ministério Carlos Posada. Nesta reunión amosaron unha inusitada premura as empresas lácteas e os sindicatos estatais para asinar calquer acordo que, segundo o Sindicato Labrego Galego demostra un pacto entre eles e o Ministério de Agricultura.

X. MARRA

As empresas leiteiras operantes na Galiza poden comezar unha guerra de précios á alza, partindo de prezos inferiores aos que agora poden pagar, o que levaria a que diversas industrias pequenas se fundisen. Seguiria asi a desfeita do sector lácteo galego, chamada reconversión, pero con métodos máis sibilinos.

Esta estratéxia está contemplada nun pacto sinado entre as grandes indústrias estatais, certos sindicatos labregos e o Ministério de Agricultura, segundo denúncia o Sindicato Labrego Galego.

Froito deste pacto seria a retirada do representante do Ministério na Mesa. O SLG denúncia esta auséncia e pede que o Director Territorial, Carlos Posada, "dé explicacións públicas diante do sector do abandono das suas responsabilidades". O SLG-CC.LL. solicita a dimisión de Posada se non dá as explicacións pertinentes da sua auséncia.

Próxima reunión

Ante esta tesitura o Sindicato Labrego Galego, a Unión Sindical Agrária e a Asociación de Cooperativas, negáronse a asinar nengun acordo que non estexa, como mínimo, avalado pola Lei de Contratos Agrários e de Arbitraxe, conseguindo que o próximo dia 6 de Novembro se faga unha reunión para estudar as garantias a estabelecer no marco da citada lexislación.

O SLG acordou non asinar nengun acordo sen o compromiso por parte das Administracións de obrigar a cumprilo.

Ademais diso pede, como mínimos para a sinatura, uns prezos rendábeis que permitan viver dignamente do leite. Considera o SLG que, desde a entrada no Mercado Comun, "fáltannos entré 10 e 14 pesetas en litro para que sexa rendábel pois, de seguir asi as nosas explotacións iranse afundindo pouco a pouco, pois a maioria das explotacións leiteiras están vendendo por debaixo do prezo dos custes da produción".

O contrato a asinar deberá de ser, como mínimo, de un ano, e ser homologado polo Ministério.

Estabelecer un prezo mínimo para o leite quente.

Criarase un fondo de garantia para os descobertos a produtores, consultándolles amplamente antes de asinar calquer tipo de acordo.

Tamén pede o SLG que se retiren as sancións guvernativas impostas aos labregos polas mobilizacións do 13 e 14 de Setembro, en sinal de boa vontade por parte do Governo central.

Outra das peticións para asinar calquer acordo é a de fixar un prazo razoábel para a criación de Interprofisional Galega, ao tempo que solicitan orzamento e prazo de execución das melloras de infraestrutura necesárias. ■

O MELLOR DOSMUNDOS

Vivimos no mellor
dos mundos posíbeis.
Felipe González

ACNT, o histórico sindicato anarquista, tivo que pechar o seu local de Vigo a quedarse sen a última representación sindical que ostentaba. Tratábase do grémio de **pasteleiria** que pasou a mans da INTG

A Casa da Cultura de Chantada foi **inaugurada** tres veces este ano. Na primeira ocasión o bautizo correspondeu ao Delegado de Cultura. Seguidamente foron o Conselleiro e o próprio Delegado os inauguradores. Agora, aos dous mencionados, uniuse Manuel Fraga para inaugurala por terceira vez. O pior é que ainda non funciona.

Pésie ás chamadas á **transparéncia** da xustícia, á reunión de Fiscais Xefes de Tribunais Superiores e de Audiéncias, celebrada recentemente en Vigo, realizouse a porta pechada. Todos eles, acompañados das suas exposas ou exposos, resideron os tres dias no Parador de Baiona.

A caida do muro e da ortodoxia no Leste non está a afectar ás forzas máis definidas da esquerda. As **vítimas**do cámbio parecen ter sido precisamente os que levaban anos falando de *nova esquerda* na Europa Ocidental, como é o caso de Euskadiko Ezquerra. Parece que os tempos están a enfeblecer a aquelas forzas máis indefinidas e ambiguas en todo o espectro político.

O ingreso de **José Sanroma,** lider nos seus tempos da Organización Revolucionária de Traballadores, no PSOE, pode ser unha das incorporacións non tan surprendentes como parece a primeira vista. A ORT e o PSOE xa compartian máis dun ponto de vista. Durante a campaña eleitoral de 1979 ambas forzas coincidian en sinalar o "terrorismo e o paro" como os dous principais problemas do Estado. Fernando Onega, home vinculado á UCD xa decia, nunha entrevista publicada no periódico da ORT, *En Lucha*, en 1979: "José Sanroma ten ideas moi claras sobre o que pasa no pais

Hai que ver o esforzo que fixeron os médios de comunicación para disimular que, máis unha vez, HB quedara primeira en Gipuzkoa. Todo un alarde de rectificación dos programas informáticos para lograr que as táboas de datos colocarán a esta forza por baixo sempre dos dous primeiros postos. Ao final ate dixeron que o PSOE se consolidara en Euskadi. Pero non se darán conta de que se lles ve o **plumeiro** e é pior?

Pujol queixouse do trato dado a Cataluña durante a visita de Gorbachov. En cámbio de Galiza, nen sequer foi convidado algun representante parlamentário ás recepcións. E **Fraga**, como é habitual, coméndolle a merenda ao Centro Galego de Londres. Que fará este home para non estar nunca onde debe?

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS
ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS
ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

OMUNICACIÓNS POSTAIS

onvértese nun organismo autónomo atípico, de carácter comercial

Correos: reconversión con carta branca

_ XOSÉ CASTRO

O Consello de Ministros español, o pasado 28 de Setembro, acordou o cambeo de marco xurídico, incluíndo no artigo 97 do Anteproxecto de Lei de Presupostos para 1991, a *reconversión de Correos* en Organismo Autónomo Comercial. No prazo dun ano, deberá aprobarse o Estatuto deste novo Organismo Autónomo e en seis meses deberán estabelecer as disposicións relativas a persoal e contratación. A equipa directiva impulsora desta reforma, unha completa reconversión empresarial, conta con "carta branca" para desenvolver o chamado Plan Estratéxico de Correos, feito por unha Comisión Interministerial, especialmene criticado polos sindicatos do sector, que sospeitan que o oscurantismo con que afronta as condicións salarias e de emprego dos traballadores vai supor na práctica unha via á privatización parcial de ámbitos de prestación dos servícios postais —probabelmente coa criación de empresas próprias, totalmente laboralizadas— e mesmo deixa aberta a posibilidade de redución ou modificación substancial de plantillas.

Ninguén pon en cuestión e a imperiesa necesidade de afrontar unha decidia reforma no funcionamento e organización do Servício Público de Comunicación, especialmente precisa na área do Correo, totalmente obsoleto e desfasado dos tempos que vivimos, encomendado aos poderes públicos.

O correo e as telecomunicacións tradicionais desenvolveron a sua actividade principal coa prestación dos servícios de recollida e entrega no domicílio de cartas e outros obxectos similares, e da oferta dun conxunto de servícios públicos de telecomunicacións. Estes dous aspectos da súa principal misión sufriron profundas transformacións nos últimos anos.

Dun lado, apareceron pequenas empresas, moi áxeis e flexíbeis, que ocupan unha parte substancial do negócio de distribución a domicílio para servizos de alta calidade en razón da urxéncia na entrega. Asimesmo, xurdiron empresas de distribución domiciliária que intentan consolidarse no mercado da carta urbana, e finalmente están iniciando o asentamento empresas multinacionais que incluen no catálogo dos seus servizos parte do negócio do correo.

Outra circunstáncia a ter en conta é a ameaza crecente que para o produto postal tradicional —a carta— supoñen os avances tecnolóxicos e os novos servizos de telecomunicación, que permiten distribuir a domicílio, por via telemática, comunicacións escritas. Casos do fax, o correo electrónico e o videotex, que fai inecesário o transporte físico e a distribución, caso da carta. na medida que o emprego destes servícios sexa comun e universal, especialmente no sector empresarial e de negócios, a carta postal e comercial entrará en fase de decadéncia, afectando decisivamente á atividade tradicional do correo.

Os servícios de Telecomunicacións

Polo que se refere á oferta de servizos de telecomunicación, a situación non é menos preocupante. De sempre, ao correo reservóuselle a prestación de servícios de telecomunicación pouco potentes, que axiña quedaron obsoletos para ser substituídos por outros teconoloxicamente máis avanzados: os telegramas deixaron paso ao emprego másivo do teléfono, quedano hoxe —os telegramas— como "peza de museu" que provocan unha importante perda financeira anual. O mesmo proceso está a vivir o *Telex*, quen ao pouco de ampliarse foi substituído polo império do*fax* e o correo electrónico. Curiosamente, por decisión política, os meidos máis populares e da rentabilidade segura (Teléfono, *Fax*) son aproveitados pola Telefónica, quedando a explotación dos outros —os de perdas cuantiosas, Telegramas, Télex— encomendados á Administración Postal.

Co panorama exposto, impónse unha transformación urxente do sentido e filosofia estratéxica de funcionamento do Correo, na seguinte dirección, marcada polos tempos que debemos viver, caracterizada por:

—Unha atividade de servícios de carácter social, consistente en facilitar, con carácter universal a todos os cidadáns, calquera que sexa a sua situación xeográfica, o exercício das comunicacións: escrita ou telecomunicación.

—Unha actividade económica de servizos comerciais consistente en recoller, transportar e distribuir ao próprio enderezo sinalado polos clientes, coa maior rapidez e regularidade de toda clase de obxectos, sexan de comunicación escrita ou non, que os particulares e as empresas demandan.

—Unha atividade en competéncia crecente, onde é obrigado modernizarse, adecuando o funcionamento e estruturas ás novas teconoloxias e dar cumprida resposta as necesidades de comunicación da sociedade actual.

A resposta dada desde instáncias guvernamentais, a esta situación decadente e insuportábel, paso desde a etapa que protagonizou o actualmente presidente do Parlamento Europeu, Enrique Barón, quen promovera unha posta ao dia do sector público das comunicacións coa iniciativa dunha Lei Orgánica das Comunicacións, que a regular todo e logo non regulou cáseque nada, para logo seguir co proxecto borrador dunha "non nata" Lei de Reforma dos Servícios Postais (1988) a que seguiron posteriormente o intento de criar un Ente Público de comunicacións que ia pór a funcionar empresas públicas, dependente, que deberian adecuar a sua organización a demanda duns servícios modernos de comunicacións, que provocaran a menor perda económica, acadando as maiores cuotas de calidade de servizo.

O ano actual caracterizouse pola insistente posición dos responsábeis de Correos de atacar a reforma, implicando a participación dos traballadores, coa pretensión de acadar respaldo á sua alternativa, ao tempo que se sucedian as manifestacións contraditórias de distintos responsabeis: mentres un afirmaba en acto público una cousa, outro desmentía ao pouco, con afirmacións contrárias.

Nun alarde de internacionalizar a solución ao desfase de Correos, recorreron a pedir asesoramento, curiosamente, á *Canada Post Corporation* —a empresa pública que xestiona os mesmos servícos nese estado— quen apresentou un proxecto, seguido polos responsábeis de Correos e potenciado como "a solución ideal" para lanzar a reforma. Aconsellados por un Consulting internaional de Empresas, desenvolveuse un curioso proceso de participación colectiva, reservado aos 7000 funcionários que ocupan algun tipo de responsabilidade directia, vonsistente na celebración dunha chamada "Conferéncia orgánica" concebida en catro fases: Conferéncia provincial de abertura, xuntanzas comarcais, conferéncia provincial de peche e, finalmente, Conferéncia estatal —esta ven de celebrarse nos pasados dias— discutíndose nela un documento, enviado con profusión a todo o persoal: unha "Ponéncia base para a reforma de Correos e Telégrafos. O novo Correos e Telégrafos". No documento afróntanse os aspectos críticos actuais, para definir un marco para nova orientación, unha nova atitude diante do mercado e unha nova oferta de produtos postais. Define a nova rede de distribución precisa, unha nova estructura organizativa e funcional necesaraia ao tempo que define unhos novos "valores culturais". En todo caso o documento fuxe de posicionarse pola fórmula definitiva de organización xurídica —empresa pública ou organismo da administración— ao tempo que non considera en parte algunha o estatus futuro do persoal.

Parellamente, puxéronse en funcionamento alguns proxectos inovadores, para mellorar a prestación de servizos e atacar, pola fórmula de feitos, a desexada reforma.

Finalmente é o Governo, pendente do trámite parlamentário facilmente superábel, quen senténcia a forma da reforma postal, coa criación dun Organismo Autónomo atípico de carácter comercial. A reconversión en Correos e Telégrafos, remata de comezar. ■

Dentro da coordenadora estatal, promovida por vários sindicatos

Os sindicatos galegos da CIG, lideran a mobilización estatal en defensa do servizo público de correos

O importante respaldo que teñen os sindicatos galegos, integrados na C.I.G., xunto á sua condición de máis representativos, que supón a preséncia na Mesa Sectorial da Negociación de Correos, conforme estabelece a Lei Orgánica de Liberdade Sindical, conveteos nos líderes dun amplo conxunto de sindicatos e colectivos independentes de Correos, en todo o estado, que atacau o proxecto actual de reforma, segundo un comunicado feito público, tras a xuntanza que veñen de celebrar en Madrid, no que subliñan a importáncia e gravidade que a conversión a Organismo Autónomo e a concreción do Plan Estratéxico ten para o futuro do servizo Postal e dos seus traballadores porque:

1) Non se derivan responsabilidades tras 8 anos de "desatosa xestión" que supuxo un déficit acumulado de 70.000 millóns, co 50% da infraestrutura gravemente deteriorada e un investimento por traballador equivalente a un tércio da dos outros países do entorno europu. Acusan da precarización do emprego en Correos, coa esisténcia de 12.000 eventuais.

2) A reforma, para os sindicatos denunciantes "non só se introducen critérios empresarias de rentabilidade e competéncia na xestión, —senón que se abre a porta a posibilidade de criar sociedades que desenvolvan determindados servizos ou de subcontratos con empresas privadas: marxinándose o seu carácter social ao plantearse unha autofinanciación basada en subas das tarifas con critérios comerciais e gravemente discriminatória para o pequeno usuário.

NON SÓ SE INTRODUCEN CRITÉRIOS EMPRESARIAIS DE RENTABILIDADE, SENÓN QUE SE ABRE A PORTA A SUBCONTRATOS CON EMPRESAS PRIVADAS

Os sindicatos galegos, neste senso, cren que Galiza quedará gravemente afectada, no ámbito do correo rural notoriamente defeicitário no tocante á sua rentabilidade comercial socialmente "irrenunciábel".

Non vindeiros dias, ao tempo que se celebran as eleicións sindicais, que os sindicatos nacionalistas da converxéncia Intersindical Galega consideran transcententais para o futuro de reforma en Correos, dependendo do respaldo que consiga cada quen nelas e a dirección mantén un aberto apoio ás candidaturas de UXT, a que pertencen os actuais cargos directivos e que propugna abertamente este modelo de reforma haberá importantes mobilizacións dos traballadores de correos. ■

A incidéncia do tratado de adesión para a Galiza é desastrosa, simplemente

Carlos Xilberto Otero Díaz,

ex-conselleiro de Facenda e catedrático de Economia

■ G. LUCA DE TENA

Foi por duas veces conselleiro de Economia e Facenda e non agachou a sua incomodidade no meio dunha Xunta que apostaba pola libre competéncia en todos os sectores.
O catedrático de Economia de Direito, Carlos Xilberto Otero Díaz cré como Alfredo Brañas que sen institucións non se pode defender o feito diferencial da economia galega. Crítico da marxinación dos sectores menos competitivos, considera que o tratado de adesión á CEE está a arrasar o que quedaba da agricultura.

A Xunta ven de anunciar que conxelará os investimentos públicos no 1991. Hai que replantear o finanzamento das comunidades autónomas, porque evidentemenete estamos sometidos a un sistema que ten pouca flexibilidade. Se a Autonomia vai tratar de conseguir entre outras cousas o equilíbrio territorial, isto debe facerse cunha distribución doutra categoria desde o centro. Ao fin e ao cabo é o Estado quen ten na man os impostos que son as pancas recaudatórias fortes. A financiación que hoxe ten calquer comunidade autónoma excluídas as forais, é unha financiación de resíduo que non permite grandes iniciativas e ademais vai sempre detrás dos acontecimentos económicos. É unha financiación que se toma prestada do estado. Non a podemos chamar financiación no senso próprio, porque é subrogada.

Quer dicer que non é consecuéncia do que aqui se planifica. Exactamente e incluso o seu crecimento vai por detrás, supoñendo que haxa crecimento de ingresos no Estado, é un crecimento que vai salvando unha inércia pero que sempre vai operar en contra das comunidades autónomas e a favor do Estado. As iniciativas das comunidades autónomas son moi limitadas e aí está a raíz de todo. Seria aventurado que eu me puñese aqui a imaxinar un modelo de finanzamento pero a grandes rasgos o que se pode dicer é que a financiación das comunidades autónomas debe consistir nun reparto de poder tributário do Estado, e non somente que se faga un reparto da recadación, sempre significará ir de man do poder central.

Competéncia irresistibel

Esa situación configura un momento político crítico para Galiza co agravante das imposicións da adesión á CEE.

Antes de asinar o tratado de adesión e despois, tiven reparos nunha política concreta de ingreso sen contar coa diversidade dos povos e das comunidades históricas. Un tratado que non ten conta das particulariedades económicas e sociolóxicas de certos países como é o caso da Galiza, ten de certo unha incidéncia desfavorábel. Tal como está feito o tratado, cos prazos en que se concebera, e sobretodo sen contar que a Galiza é un país subdesenvolvido con producións paralelas aos países desenvolvidos da Europa ponos nunha situación de competéncia irresistíbel. Non é un xuízo de valor, é un feito: a incidéncia do tratato de adesión para a Galiza é desastrosa, simplesmente. Non fai falta abrir libros, abonda con abrir os ollos para comprobar que a demolición da agricultúra é lamentábel, reduciuse á terceira parte o prezo dun gado fundamental como é o vacuno. O leite non hai quen o compre e ademais baixou de prezo un disparate; os produtos típicos do campo galego non teñen mercado porque os mercados son invadidos polos doutros países. Se contamos sector por sector ou produto por produto o aspecto negativo, polo de agora, imponse dunha forma abrumadora. Isto non significa que quizais a longo prazo o Mercado Comun non poda ser un horizonte desexábel. Pero haberia que plantexalo doutra maneira: contando que España non é só o Mediterráneo, sula ibérica senón á própria Europa. Isto colócaa nunha situación de desvantaxe cuns custes moito máis altos e unha posibilidade de benefícios moi inferior.

SEN UNHA PRESÉNCIA INSTITUCIONAL DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS NOS CENTROS DE PODER DA EUROPA, DIFÍCILMENTE NOS VAN ESCOITAR"

Esa condición xeográfica periférica opera xa coma un imposto engadido á produción agrícola.

O da agricultura é lamentábel. Eu penso que a agricultura necesita nun futuro imediato dun plan de reconversión con finanzamento de carácter extraordinário. Coa estrutura que ten a propriedade constitue non só un posto de traballo senón unha forma de vida. No caso da província de Lugo case para o 60 por cen. O que hai que ter en conta é que o núcleo de povoación de menos de 500 habitantes viven da agricultura...

Outra vez a concentración

É o soporte dunha cultura.

Dunha cultura tradicional que hai que conservar. Se non se fai un plan de reconversión con xubilacións adiantadas para os titulares de explotacións pequenas e médias e unha imediata concentración para facer explotacións viábeis, non se vai conseguir nada. Cunha agricultura minifundista, con policultiuvos e con producións tradicionais que en Europa teñen unha competéncia atroz, porque son as mesmas producións pero melloradas. É o caso da froita que antes se vendia pero agora non porque a presentación é inferior á que ven de fora. Quedamos sen mercado e a agricultura non terá por esta via posibilidades de xerar unha dinámica que a faga competitiva nunca. Vamos ao camiño de nunca chegar se non se toman medidas máis contundentes. Para iso seria preciso unha financiación de grandes proporcións volcada sobre a agricultura.

Os investimentos do estado no *Triángulo Mediterráneo* agravan as diferéncias. Non hai moito que se anunciaba que a redución de orzamentos respeitaria as obras do tren rápido e das infra-estruturas das celebracións do 92.
A situación periférica da Galiza é un feito moi desfavorábel e temos que compensalo debidamente. O centro de poder económico e o centro de poder financeiro que seguen dominando a situación, deixan isolada á Galiza. En tanto que estes centros de poder estexan fora de nós e sexan pólos de atracción seguiremos constituídos nunha zona marxinal porque o poder de atracción está nos grandes focos industriais e financeiros. A correlación natural de forzas opera á contra da Galiza como país periférico, non só con relación á península senón dispondo garantias para produtos paralelos e dispondo un prazo de adaptación moito máis amplo.

As cooperativas agrícolas francesas fomentadas desde o Estado dominan xa o 70 por cento da distribución de alimentos na Galiza. As institucións financeiras destas mesmas cooperativas, coma o *Crédit Agri- cole* chegan agora á Galiza a fomentar a reforestación con espécies de crecimento rápido.
Aí está. Ao non termos posibilidade de competéncia nun futuro previsíbel, cando estas empresas abren a competéncia capturan o mercado. Este é un proceso natural que nos levará a quedar sen mercado e sen capacidade de produción. Non vexo outra saída que unha reforma a fondo da estrutura actual pola via das cooperativas e da concentración de explotacións para ir conseguindo unha estrutura que se poda adaptar ás novas circunstáncias. Subvencionar duas ou tres explotacións pouco importa no conxunto da Galiza.

Carlos X. Otero Días nos seus tempos de Conselleiro de Facenda

Hai que falar outravolta de concentración

Sen un plan global que remova a fondo as estruturas e as oriente cara unha via moderna, dunha agricultura aderida a unha industrialización das matérias primas *in situ*, non vexo que haxa nada que facer no futuro.

Pero o papel asignado á Galiza dentro do Mercado Comun é outro. Como cre que se poderia cambiar?

Todo o mundo está a repetir que a preséncia das comunidades autónomas debe ser máis forte nos centros de poder da CEE...

Pero o Estado non está de acordo.

Iso é o que haberia que cambiar. Co Estado como intermediário, sen un papel máis forte das comunidades autónomas, dificilmente os problemas xenuínos e peculiares de cada país e concretamente da Galiza vanse entender. Desde o ponto de vista institucional, ao lado dunha reforma de financiación que hai que conseguir eu coido que sen unha preséncia institucional das comunidades autónomas nos centros de poder da Europa dificilmente nos van escoitar. Como conseguilo? Ese é o conto.

Hai quen pensa que pola libre competéncia.

Cal competéncia? A do león co año? Como pensa que pode botar unha carreira un rapaciño enclenque cunha persoa forte. Imposíbel. A competéncia é defendíbel, pero entre persoas que dalgunha maneira teñen poderes parecidos ou iguais. Cando son distintos, a competéncia opera en contra do débil. É un princípio ben coñecido. O liberalismo moderno ten que ir ao equilíbrio de poderes económicos incluso para defensa do próprio liberalismo, porque a competéncia a todo trance, cando as unidades económicas e sociais son moi hetereoxéneas, conduce á negación da competéncia. É unha afirmación que conduce a unha negación. No caso da Galiza hai que consideralo desde o ponto de vista da eficácia e da xustiza. Praticamente, hoxe o pequeno e o mediano agricultor, que son o 90 por cento da Galiza, son traballadores que están en paro porque o que producen realmente non cobre os custes mínimos. Nengun agricultor obtén o salário mínimo traballando catorce horas diárias, o cal é un atentado contraa máis elemental xustiza. Isto hai que velo. Non se pode sacrificar unha clase ampla do noso país como é a agricultura, que por riba como diciamos antes é o soporte auténtico da cultura galega, a que pague o custe abrumador da agricultura desenvolvida do Mercado Comun. Para ser eficaz hai que transformar radicalmente a agricultura. Pero en xustiza imponse un trato máis equitativo aos agricultores, que non se poden condenar á fame despois de se pasar xeracións e xeracións traballando o campo. Foron os labregos os que financiaron o estamento urbano.

Limosneiros do que sobra

Na fundación do Mercado Comun hai unha preocupación moi sinalada por esa diferéncia entre campo e meio urbano.

Hai que recoñecer que o Tratado de Roma está feito pensando na competéncia a partir do *statu quo*. Pero no 1990 da Europa coa Galiza, esta competéncia é a que antes dicia do león co año, na que a última alternativa que lle queda á Galiza é ser comida polas empresas que acaparan o mercado e que nos deixan como opción constituirnos en limosneiros do que sobra. Pero hoxe estase correxindo incluso a situación inicial do Tratado de Roma. Calquer economista liberal admite hoxe que para que a competéncia funcione, a sociedade ten que ser relativamente homoxénea. Se non é asi, o que se dá é unha imposición do forte ao débil.

Queria que fixese un xuízo das sucesivas políticas de incentivos dirixidas a lograr esa homoxeneización.

Os incentivos monetários son unha parte moi pequena e termina sendo ineficaz. Para que se crie competitividade hai que criar todo un ambiente que só se logra con infraestructuras de distinta índole, non só físicas senón culturais, de man de obra preparada, etc. No Mezzogiorno italiano, por exemplo, levan anos loitando con este problema e volcaron miles de millóns. En tanto non criaron infraestruturas presentábeis, a competéncia non funcionou e ainda segue a funcionar dunha maneira deficiente. Non nos fagamos ilusións. No só compren estradas e comunicacións, senón man de obra preparada, especializada e ambiente cultural. Se non se logra este entorno, pódense dar moitas subvencións pero imos ver que a efectividade a prazo médio vai ser corta. As multinacionais saben moito disto: cando se deixa funcionar ao mercado as indústrias transformadoras sempre terminan instalándose nas zonas desenvolvidas e non nas subdesenvrolvidas. A competéncia ten ademais ese efeito negativo: que as indústrias máis limpas de contaminación, polo seu próprio interés tenden a se instalar en áreas desenvolvidas. As contaminantes e extractivas van ás áreas subdesenvolvidas. Esta é a dialéctica. Que é que se pode facer? É máis difícil do que parece a simples vista. Con dar uns incentivos monetários non se arranxa todo. Non hai que se chamar a engano: o Tratado de Roma é competitivo e non distributivo. Isto vaise correxindo aos poucos porque a mesma disparidade de forzas económicas motivará un estrangulamento das zonas pobres. Non haberá Europa de duas velocidades senón de cinco velocidades ou seis, coma os coches.

Sen competéncia

Que velocidade pensa que nos impoñen.

Unha moi curta polas razóns que diciamos antes. Se non se teñen consideracións especiais, a Galiza na situación en que está non pode competir. Estamos a velo aqui nos supermercados. Eramos produtores de mazás, pero vemos como se venden as mazás francesas; o viño non ten mercado; a castaña, que era un produto interesante para comarcas inteiras; as uvas que se vendian coma froita de mesa non aguantan a competéncia con outras de mellor presentación. Que se vende aqui?

A pesca.

Coñezo menos ese sector, pero vese que non ten un panorama mellor. A xente nova ten a intuición de que isto é sector a extinguir. A xente non queda no campo non porque non teña presente senón porque non lle mira futuro nengun. Na pesca pasaralle igual. Non hai rentabilidade comparativa. É un sector que está en plan retardatário. O fillo do campesiño ve que non ten opcións claras. Nada mais que viver na subsisténcia. Vaise para onde sexa e o campo queda sen xente. É unha cultura abandonada.

Surprende a coincidéncia de voces políticas distintas no xuízo de que sobra xente no campo.

Sobra porque moitos están domiciliados no campo e non traballan nen nunha parte nen noutra. Hai disparidade entre o censo real e o censo oficial. Aparte disto, sobra xente no campo porque estamos con métodos pre-históricos de explotación o dia que academos un mediano nível fará que poda sair do campo moita máis xente pero de momento non temos meio de facelo. Cada estrutura económica require un volume de man de obra e en tanto non se modernice non podemos reducir a man de obra do campo.

Desde as xerarquias do poder levan anos insistindo en que o futuro do campo está no turismo rural de calidade, a acuicultura ou o visón...

Mentres non se teñan unhas infraestruturas mínimas, non se lle pode pedir á xente que faga alpinismo. As vivendas terian que se acondicionar un mínimo porque en ben delas hai que ir por água á fonte e ainda ben que chove e a fonte non seca. Carécese de todo tipo de servícios porque o agricultor foi tan paciente que suportou as cargas todas que sobre el recaian e non houbo nunca unha forza orixinariamente rural para endireitar o sector. Sempre o sector urbano e industrial tivo máis forza.

Queria que comentase a situación actual da indústria. Desde 1976 á 1978 a povoación industrial galega pasa de 205.000 empregados a 150.000.

NENGUN AGRICULTOR GALEGO OBTÉN O SALÁRIO MÍNIMO TRABALLANDO CATORCE HORAS DIÁRIAS O CAL É UN ATENTADO CONTRA A MÁIS ELEMENTAL XUSTIZA

Hai un decrecimento, si. Parte desa povoación pasa a servícios. Primeiro hai unha transferéncia da povoación agrícola á industrial e despois desta ao sector de servícios. Pero se hai transferéncia a servicios hai que pedir que os servícios funcionen. Se sobretodo se conseguen asi servícios públicos ineficaces, o que hai é unha burocratización que cria un estamento parasitário que non reporta nada ao sistema económico material. Asi que non abonda que haxa ese desprazamento formal. Tamén o hai nos países desenvolvidos, pero nese caso a transferéncia da povoación significa incremento da produtividade no lugar de destino. Pero hai países, e o noso creo que ten algo diso, nos que a transferencia de povoación de cara os servícios non significa que estes funcionen mellor. O que hai é unha simples burocratización que non conduce a nada positivo. Hai un fenómeno formal que non conduce a nada substancial.

Que efeito vai ter a crise do Golfo na economia do mundo?

É unha ocasión de reflexión moi forte, sobretodo para as economias desenvolvidas porque o terceiro mundo xa está afeito a levar como a agricultura todos os paus que lle den e a viver como poda; a subsistir. Pero os países desenvolvidos terán que pensar que algo falta no sistema, cando unha escasez artificial de petróleo provocada por un incidente político no Pérsico comociona todo o sistema normal do equilíbrio internacional. É unha demostración da falta de solidez do que consideramos o sistema económico máis forte que son os países desenvolvidos de Ocidente.

Brañas foi un dos primeiros en reclamar un banco central

O primeiro Rexionalismo, o de 1900, si ten base agraria

Supoño que se refire a Alfredo Brañas, non? Brañas é unha persoalidade discutida no plano ideolóxico porque o que é no rexionalista tiña moi claro o problema. El comprendia o valor das institucións no desenvolvimento económico das rexións e das áreas atrasaas. Brañas é o primeiro que ve cunha intuición moi clara que sen as institucións adecuadas o equilíibrio do desenvolvimento nas rexións non se produce. Sen criar unhas institucións que fagan valer as decisións locais a níivel nacional é moi difiicil que se consiga unha via para fomentar o desenvolvimento económico no campo e, en xeral nas comunidades autónomas periféricas! A voz que acuse, que reclame e que reivindique ten que sair do próprio país e do campo. Ninguén vai facer polo sector deprimido. Ninguén coñece os problemas como os que os suporta.

Se Brañas volvese hoxe veria realizadas boa parte das institucións que reclamaba e poderia comprobar que os problemas persiten apesar delas.

Pois mire, temos parte desas institucións. Pero ninguén cita en Brañas que foi unha das primeiras persoas que reclamara un banco central galego. Esta si que é unha institución clave. Se ao governo central lle planteasen este problema dame a impresión de que o asustaria moito. Non digo pedir un banco central, pero polo menos, polo menos... que as comunidades autónomas no futuro teñan representantes no Banco de España para equilibraren a política monetária, é algo que me parece posíbel e razoábel. A política monetária é tan importante coma a fiscal.

Non só non ten Galiza a faculdade de acuñar moeda, como pedia Brañas, nen representantes no Banco Central senón que está a descapitalizarse.

Hai xa vinte anos que teño descrito iso. Inevitabelmente através do sistema financeiro que se dan na Galiza e en España, os fondos teñen unha tendéncia natural a desviarse cara as zonas de máis alto rendimento do país que son as máis desenvolvidas. O circuíto é o contrário do que tiña que ser pero opera dunha forma subtil e permanente. ■

SEMELLANZAS ENTRE A TRANSICION SOVIÉTICA E A ESPAÑOLA

A manipulación informativa impide distinguir os aspectos superficiais do cámbio das verdadeiras correntes de fondo

Ocidente teme a aparición na Unión Soviética dun modelo máis atractivo

■ MANUEL VEIGA

"Unha pantasma percorre Europa, a pantasma da perestroika". Esta frase, paralelo do célebre comezo do *Manifesto Comunista*, foi utilizada polo rector da Universidade Autónoma de Madrid, o pasado dia 27, no discurso de imposición do título de Doctor Honoris Causa a Mijail Gorbachov. A visita do presidente soviético ao Estado español serviu tamén para lembrar os paralelismos entre a transición á democrácia dun e outro Estado.

O maior problema que atopa un observador ante unha transición política ou ante unha revolución —lembremos que este conceito foi repetidamente utilizado xa para definir a perestroika— é o de confundir os fenómenos superficiais coas correntes sociais de fondo, máxime cando se encontra nun marco onde operan forzas que non son neutras. Cada quen trata de convencerse e de convencer aos demais de que aqueles síntomas observados que resultan favorábeis á sua conceición prévia son en realidade os definitórios. Polo tanto, a observación da realidade soviética actual non só aparece para nós, público ocidental, mediatizada por falsedades e torcementos burdos da información, senón que é manipulada por outros dous factores, máis fondos e menos doados de descubrir. O primeiro é a ocultación de dados, de aspectos informativos fundamentais e o segundo, a inserción dos dados, si percibidos, nun esquema ideolóxico prévio, pero oculto.

Asi por exemplo, durante un longo periodo, cada vez que se falaba de Boris Yeltsin como campeón da oposición a Gorbachov e se lembraba que fora destituido como xefe do partido en Moscu, agachábase, sen embargo, que naquel momento era membro do Comité Central do próprio PCUS, ao tempo que Viceministro da URSS. Deste modo a información sobre as discusións reais entre ambos líderes, reais e moi fortes, quedaban desprovistas do fondo comun de ideas que unia e une a ambos. Dado que na URSS está a nacer unha fase nova de desenvolvemento, talés manipulacións confunden absolutamente ao cidadán ocidental que carece dos dados da realidade que complementen a sua visión. Seria como se, durante a transición española, na URSS se dese notícia dos enfrentamentos entre Fraga e Felipe González, esquecendo o contexto de coincidéncias e de pactos numerosos nos que ambos participaron (constitución, pactos da Moncloa, modelo de sociedade en xeral, etc.). Deste forma, os pactos paulatinamente asinados entre Gorbachov e Yeltsin deben ser necesariamente apresentados ao público ocidental como unha "surpresa". Non existiria outra maneira de explicar que dous enemigos políticos coincidan en algo, cando se ocultou sistematicamente o carácter do fondo político sobre o que se realiza a discusión. Poderianse utilizar moitos máis exemplos, como o da información oferecida recentemente sobre o debate entre os proxectos económicos de Abalkin e Shatalin. A información, como decimos, insiste nas diferéncias, pero agacha os pontos en comun. Xa que logo o cidadán de Ocidente nútrese de médias verdades, no mellor dos casos.

O segundo elemento, ou segunda forma de manipulación da opinión, é a inserción de cada dado ou notícia nun marco ideolóxico predeterminado, pero non recoñecido. Asi, a portada do diário español de referéncia (é dicer o que marca a pauta ideolóxica e coincide esencialmente cos intereses do Estado), El País, oferecia o pasado 26 de Outubro, dous titulares —principais, en canto ao seu significado. O primeiro era unha frase da entrevista co presidente soviético, na que este afirmaba que "ser comunista significa fidelidade ao socialismo democrático como ideal". O outro título, pésie a corresponder a un artigo de opinión, asinado polo director, tiña un carácter enunciativo, en forma de constatación dun feito incontestábel, decia, simplesmente: "A transición ao capitalismo". Tal enunciado, sen máis matices, elimina calquer interrogante ou interpretación diferente sobre a tendéncia dos feitos que están a suceder na URSS. Pero este título ven apoiado noutra idea prévia, que fundamenta non só este artigo, senón a maioria das opinións vertidas polos médios de comunicación. A premisa é, dado que a perestroika pretende a instauración dun mercado, o fin da transición é o capitalismo. Pero esta conclusión require outra premisa, non enunciada: que mercado e capitalismo son a mesma cousa, son inseparábeis o un do outro. Este é o elemento ideolóxico que se oculta, aforrando asi a demostración. Demostración difícil porque o mercado é máis inerente ao ser humano é a economia en xeral, ao longo da história, que a un sistema económico en si, como é o capitalismo actual. Competéncia ou instinto de superación tampouco son conceitos inerentes ao capitalismo. A diferéncia radica nos engadidos que fagamos a eses conceitos xerais. Existe acaso mercado libre, en condicións nas que o número de empresas non chega á

tres ou catro ou média dúcia o máis e cando o seu tamaño lles permite fixar todas as normas de intercámbio, por riba dos próprios estados? Existe mercado libre cando os produtores de café reciben cada vez menos por un produto que aos consumidores lles custa cada vez máis? Existe mercado libre cando Europa ou os Estados Unidos esixen aos xaponeses que "autorregulen" as suas exportacións, de modo que non copen todo o seu mercado interior de automóveis? Existe mercado libre para os estaleiros galegos obrigados a pechar e a ceder a sua cuota de mercado a outras comunidades do Estado ou a paises extranxeiros? Existe libre empresa para as indústrias e os gandeiros galegos afectados pola cuota do leite?

Defínese un país polas suas bandeiras?

As imaxes de cidadáns soviéticos facendo cola ante unha hamburgueseria ou as de un conductor moscovita chantando orgulloso unha bandeira estadounidense sobre o seu autobus son, sen dúbida, noticiosas e revisten tamén un carácter simbólico. Pero que é o que simbolizan?

Para o visitante ou para o espectador ocidental normal significan unha volta ao capitalismo. Para o cidadán soviético iso non está probabelmente tan claro. Feitos simbólicos coma estes teñen un alcance máis curto do que moitas veces pretende dárselle e deben ser interpretados coa distáncia de quen observa un proceso de transición e non un proceso acabado.

A instalación de *Mc Donalds* representa a caida de certos dogmas e a aparición dun marco social de liberdade, pero nada máis. Que conclusión poderia tirar logo un soviético que visitase o Estado español en 1977 e observase a profusión de bandeiras vermellas, de manifestacións, de partidos que incluian na sua sigla o termo comunista, etc. Xulgar un proceso en cámbio, cando non se posuen todos os dados pode conducir, como sinalábamos ao princípio, a confundir os fenómenos superficiais cos movimentos sociais de fondo, máis lentos e máis duradeiros.

A liberdade conclue no caos

A información incompleta que se nos oferece ten a virtude de lavar a imaxe do ogro soviético, amosa pluralismo, liberdade, pero, a cámbio, relaciona todo co caos, coa autoinmolación e co fin dun sistema e ás veces ate do próprio país. A Unión Soviética, disenos, non intervén no Irak, pura e simplesmente, porque está mergullada no caos e carece, polo tanto, de capacidade para facelo. Os conflitos nacionais esnaquizarán o império soviético, afírmase tamén. A motivación ideolóxica desta análise, que causa os seus efectos a direita e esquerda, radica no afán de compensar o atractivo que sen dúbida conteñen as propostas da nova URSS e, sobretodo, pretenden convencernos de que o socialismo real non é reformábel. Quer dicer, se o stalinismo —cómodo para ocidente, porque non atraia xa a ninguén— desaparece, impidamos que surxa un novo proxecto, unha nova utopia, diferente do noso modelo. Tentación tanto máis grave canto o capitalismo semella economicamente en crise (crise ecolóxica, crise dos paises pobres, débeda externa e por último crise no próprio centro do sistema: os Estados Unidos). Crise que ten o seu paralelismo cultural (proliferan os revivals, recuperánse e explótanse ao máximo os mitos literários, cinematográficos e musicais de hai vinte, trinta e ate cincoenta anos, repítense os modelos e os esquemas, etc.). En tales condicións unha renovación do socialismo, a conformación dun modelo máis atractivo, é un perigo demasiado grande como para deixar a información en mans do azar. Ocidente teme á sua própria opinión pública, aos milleiros de alemáns, de franceses e agora de españois que berraban "Gorby, Gorby" espontaneamente desde a rua, durante a visita do presidente soviético, a ese 57% de cidadáns que cren que Gorbachov é o "lider mundial da paz", mentres por Bush só aposta o 4%. Esa opinión pública, obviamente, non se vai transformar

Chegou o capitalismo á Praza Vermella ?

XII CONGRESO DA F.S.M.

da noite para a mañá en comunista, seria un espellismo tan grave como o de crer que os soviéticos se van convertir ao capitalismo, pero non resultará presa tan doada da propaganda uniformizadora e guerrerista que define actualmente o sistema, pero que terá que ser reconvertida se quer sobrevivir. Acaso a perestroika non produciu xa os seus efectos? Velaí a distensión nuclear, a reconversión de moitos conflitos á via pacífica ou, dentro das nosas fronteiras, a actualidade e auxe dado, indirectamente, aos nacionalismos, aos defensores do desarme e da supresión ou limitación do exército, cuestións todas elas impensábeis hai 5 anos.

Desaparecerá a URSS ?

Que credibilidade poden ter os agoreiros da desaparición da URSS ou mesmo da sua volta ao capitalismo? Non é acaso unha frivolidade ou estar demasiado cego polo temor ou pola ideoloxia o coidar que un país de 280 millóns de habitantes, após de máis de 70 anos de revolución própria, cunha masa cultural enorme —unha biblioteca cada mil habitantes, unha extraordinária história literária, musical, cinematográfica...— pode ser embriagado e convertido en sumiso a modelos económicos e culturais alleos? Pode unha administración do Estado, formada en tres xeneracións e composta por 17 millóns de membros —case a métade dos cidadáns do Estado español— desaparecer, cambiar absolutamente de critérios ou ser sustituida desde a nada en dous, cinco ou dez anos? Non pervive acaso no Estado español o aparato administrativo, xudicial, policial e, nunha parte significativa, tamén político, herdado da dictadura e, sobretodo, modificaron estas persoas os seus princípios de raiz?

Probabelmente a Unión Soviética do ano 2000 sexa tan parecida á de 1980 como o Estado español de 1990 é fidel ao de 1970. Existen, certamente, grandes distáncias, pero tamén parecidos esenciais. Por iso a comparación entre unha e outra transición, como se fixo durante a visita de Gorbachov non é tan desacertada.

A mellor diagnose dos acontecementos quizá sexa a oferecida por un cineasta do Leste a un director ocidental. Foi este verán, mentres várias sás de cine de Moscova proxectaban Rambo, que era recebida con interese e risas polos espectadores. Para o cineasta do Leste, os eslavos son máis fortes do que nos fan crer. O que vai suceder, sinalaba, é que os soviéticos observarán, aprenderán de Ocidente, tomarán o que lles interese e fagocitarán todo, utilizándoo en beneficio do seu próprio modelo.

"Isto non vai ser un Congreso de disolución"

Ibrahim Zacaria,

secretário da Federación Sindical Mundial

■XÚLIO RIOS

Ibrahim Zacaria, secretário xeral da Federación Sindical Mundial, aborda as expectativas con que a FSM inicia o seu duodécimo congreso mundial, a celebrar en Moscu do 13 ao 20 de Novembro. A influéncia da desideoloxización das relacións internacionais no que afecta ao trato entre as distintas organizacións sindicais mundiais é un dos aspectos principais destaconversa.

Tradicionalmente a FSM foi identificada por certas persoas como unha central sindical ligada ao movemento comunista. Correspóndese isto coa realidade?

Tal aseveración só pode ser concebida coma unha heréncia da guerra fria. A FSM foi criada por un Congreso Sindical Mundial unido no 1945. No 1949, inluidas pola guerra fria e as políticas de confrontación, algunhas organizacións que compartian unha certa orientación política deixaron a FSM. Na situación actual onde existen unha gran variedade de tendéncias e diferéncias dentro de todas as escolas políticas e ideolóxicas, calquer intento por proxectar esterotipos ao estilo antigo carecen de senso algun. Todas as organizacións tratan de mudar co tempo e á FSM gostarialle ser xulgada polos seus programas e políticas actuais e pretendemos que se manteñan independentes dos governos e partidos políticos.

Cantas organizacións sindicais están afiliadas á FSM e de que continentes proceden?

Ao comezo deste ano a FSM tiña 101 organizacións afiliadas e asociadas de 81 paises de todos os continentes. Durante o ano actual algunhas destas organizacións foron substituidas nos seus paises por novas organizacións e algunhas delas non renovaron a sua afiliación. Ao mesmo tempo, recibimos solicitudes de afiliación de máis de dez organizacións este ano. Estimamos qe esta ano as cifras de traballadores que esán representados superan os 200 millóns de persoas. Despois de Novembro poderemos precisar esta cifra.
Aparte dos afiliados, a FSM ten relacións de cooperación cun número de organizacións non afiliadas. Un gran número deesas organizacións agárdase que participen no XII Congreso Sindical Mundial, participación de paises da Europa Occidental, Norteamérica, África, Ásia e América Latina.

Os sindicatos da Europa Central e do Leste, incluindo a URSS, xogan un importante papel na base da FSM. Como influiu os cámbios políticos e sindicais introducidos nestes paises na atividade e orientacións da FSM?

Os sindicatos en todos os países e sistemas sociais están enfrentando problemas específicos de renovación e adaptación aos cámbios tecnolóxicos e de estruturas.Os cámbios na Europa do Leste deben ser vistos neste contexto.
Nunha situación de incremento dos nexos internacionais nas relacións comerciais e económicas e unha división do traballo internacional máis complexa, unido ás aventuras, operacións de corporacións transnacionais e bancos cos seus próprios mecanismos de integración global, os sindicatos de todos os paises enfréntanse a problemas de coordenación mútua mentres buscan solucións aos problemas comuns. Os movimentos sindicais na Europa do Leste —rexión que está nestes momentos integrándose cada vez máis á economia global— necesitan do movimento sindical mundial máis que antes. Isto refléxase polo feito de que as novas organizacións sindicais en Europa do Leste decidiron manter as suas relacións con todas as organizacións sindicais mundiais incluindo a FSM. Consideramos que na situación mundial positiva que está surxindo, a comprensión e a cooperación mútua entre todas as organizacións sindicais debe desenrolarse ainda máis.

Cales son os pontos fundamentais que serán tratados no próximo Congreso Sindical Mundial?

O proxecto de documento principal para a discusión no Congreso trata sobre "Estratéxias para os anos 90" que é moi comprensivo naturalmente. O intento é o de identificar os novos problemas, actualizar as estruturas sindicais a todos os níveis —nacional, rexional e internacional— para que respondan aos novos retos, estudar o alcance e as posibilidades de accións conxuntas, coordenación de atividade sindical en canto a corporacións transnacionais específicas, tareas e campañas comuns en defensa dos direitos dos traballadores, protección do meio ambiente, desenrolo económico e social e estabelecimento dunha nova orde económica internacional, paz, seguridade, desarme e reconversión.

> AGARDAMOS QUE O ENFEBLECEMENTO DA RIXIDEZ IDEOLOXICA AXUDE AO DESENROLO DAS RELACIONS ENTRE AS ORGANIZACIONS SINDICAIS INTERNACIONAIS

Hai quen pensa que este Congreso pode decidir a disolución da FSM.

Non penso que teñamos que gastar moitos cartos, tempo e esforzos —e tamén perder as enerxias dunha grande maioria de sindicalistas no mundo— organizando un Congreso só para adopatar a declaración de disolver a FSM. Asómbrome que alguna xente insista en proposicións tan absurdas. Os sindicatos en todos os paises do mundo están agora enfrentados con problemas moi concretos, e os últimos 45 anos demostraron que a FSM pode facer moito para tratar de lograr que os delegados sindicais xuntos discutan problemas específicos asi como que organicen campañas internacionais sobre demandas comuns. A situación actual precisa máis desa atividade internacional e está tamén claro que nengunha das organizacións sindicais internacionais existentes actuando soa pode responder ás necesidades e retos actuais. Consideramos que as delegacións sindicais que veñen ao XII Congreso, veñen a encontrar as vias para construir un movimento sindical mundial mellor, que pode definir e atopar a sua razón de ser, vencendo todos os prexuícios da guerra fria e actuando intelixentemente para protexer os intereses do médio billón de sindicalistas do mundo.

Cales son as relacións da FSM con outras centrais sindicais internacionais? Considera que quizais existe un acercamento producto de que a desideoloxización é agora ponto clave nas relacións internacionais?

A FSM ten boas relacións coas organizacións rexionais autónomas como a Organización para a Unidade Sindical Africana, a Confederación Internacional de Sindicatos Árabes e o Congreso Permanente da Unidade Sindical dos Traballadores Latinoamericanos. Realizáronse intercámbios e contactos entre a FSM e a CMT. A nível de Europa, as relacións bilaterais entre os afiliados da FSM e a CIOSL son boas. A CIOSL, porén, non demostrou moito interese en manter contactos formais coa FSM, quizais por razóns ideolóxicas. Agardamos que o debilitamento da rixidez ideolóxica poda axudar ao desenrolo de relacións normais entre todas as organizacións sindicais internacionais.

Os cámbios que teñen lugar na area internacional poden promover solucións aos sérios problemas globais que enfrenta a humanidade ? Que papel poden ter os sindicatos a este respeito?

Os 45 anos transcorridos desde a fin da II Guerra Mundial ensináronnos moitas cousas, entre as cales a máis importante é ternos dado conta de que non existe outra alternativa para a cooperación internacional se non topamos solucións permanentes aos problemas globais. A guerra fria, a carreira armamentista e a confrontación militar, debilitara seriamente os dous bloques militares e estancaron o desenrolo da economia mundial. As nacións e povos deben topar as formas de vivir xuntos e facer sérios esforzos para apoiar a Carta das Nacións Unidas.

A opinión pública mundial influiu grandemente nas tendéncias positivas da situación no mundo en favor da paz, a seguridade e a cooperación internacional. O movimento sindical mundial reunindo os intereses comuns de todos os sindicatos de todos os paises xogaron un rol importante na configuración desa opinión pública mundial. Os sindicatos actuando através das suas fronteiras nacionais, rexionais e internacionais, cos seus lemas de unidade e solidariedade, axudaron a construir lazos firmes de amistade entre os povos e nacións. Ainda hai moito que facer a este respeto e os sindicatos, para construir a sua própria unidade e solidariedade, poden facer grandes contribucións nesta direción.

Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas.

Consello de Administración. Presidente: Francisco Carballo. **Vicepresidente:** Antón Fernández Sánchez. **Conselleiro Delegado:** Xosé Fernández Puga. **Secretario:** Pancho Torrente. **Vogais:** Modesto Solla, Manuel Veiga, Ferriando Cuñarro, Cesáreo Sánchez, Pancho Torrente,Xosé Mª Dobarro, Xosé Mª Salgado, Norberto Tabarés, Carlos Xohán Díaz e Xoaquín Acosta.

Director: Alfonso Eiré López.

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Manuel Veiga, Xan Carballa.

Correspondentes: Antón Prieto, Miguel Rodríguez Bertojo (A Coruña), Lois Castro (Ourense), Xosé Manuel Pérez (Compostela), Enrique Sanfiz, Maria Xesus Arias (Ferrol), Francisco Arrizado (Lugo), Xosé Castro Ratón (Vilagarcía), Xavier Canosa (Bergantiños), Antón Malde (As Mariñas), Anxel Rosende (Ortegal), Desiderio Martínez Silva (Deza), X.M. Suárez Estévez (O Condado Baixo), Thierry Lorenzo (O Condado Alto), Montse Alvarez (Baixo Miño), Hernán Naval (A Mariña), X. López Témez (O Bierzo), Gustavo Docampo (Valdeorras), Pablo Naseiro (Terra Chá), Xosé Carlos Villar (O Barbanza Norte), X. M. Santiago Cagigao (O Barbanza Sul), Manuel Díaz (Melide), Xosé Ramón Castro (O Carballiño), Xavier Castellanos (A Estrada), Pepe Rei, Joseba Macias (Euskadi), Alberto Cruz, Teresa Toda(Madrid), Joan Retana (Barcelona), Maribel Lugilde (Asturias), Gonçalo Nuno (Porto). **Deportes**: Víctor Míguez (Santiago), Rodolfo Dacuña (Vigo). **Cultura:** Lino Braxe (Lugo), Xavier Fernández Mateo (Ourense), Manuel Carballido (Madrid).

Colaboradores: Manuel Hortas Vilanova, Antón Baamonde, Manuel Rivas, Margarita Ledo Andión, Xosé A. Gaciño, Xurxo Estévez, Xesus Vega, César Varela, Xosé M. Salgado, Suso Piñeiro, Domingos Prieto, Alfonso Rivas, Vítor Vaqueiro, Antón Mascato, Manuel Lueiro Rey, Francisco A. Vidal, Carlos Oliveira, M. Forcadela, X.L. Iglesias. **Internacional:** Xulio Ríos, Fernando Carballa, Mariano Aguirre, Carlos Taibo, Manuel Vilar, Eric Ducheteâu, Carlos Duram, Xesus Cambre Mariño, Begoña Moa, Juan Carlos M. Betelu. **Ecoloxía:** M. Chouza, R. Cid, Chus Bello. **Deportes:** R.Rivera.

Humor: Xesus Campos, X.X. Piñeiro Cochón. **Psicoloxía:** M. Fernández Blanco. **Libros:** Xesus González Gómez, Xosé M. Eiré, Miro Villar, Miguel Vázquez Freire, Xosé M. Millán, J.A.M., Xaquín Agulla, Bernardino Graña.

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Música: Xoán M. Estévez, Xico Peña, Xoán M. Carreira. **Arte:** Fernando Ferro, Fernando M. Vilanova, Xavier Seoane, L. Casado Cadarso. **Cine:** Gonzalo Vilas, Celso López. **Televisión:** Alexandre Banhos. **Arquitectura:** Plácido Lizancos. **Historia:** Francisco Carballo, Anselmo L. Carreira, Xesus Torres.

Fotografía: Anxel Iglesias, Chus Garcia, Moncho Rama, X. Marra, Che, X. M. Fontán, X.L. Díaz, Nelson Gómez, Moncho Iglesias, Alexandra Díaz, Xosé Luis Suárez Canal, Manuel Sendón, Tino Viz, Xosé M. Albán, Delmi Álvarez, Tachi Castro, Voz Noticias.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Cali, Calros Silva, Ferreiro, Fefo, Xulio Gaioso, Anxo Baranga, Tokio, Hermida.

Axéncias: Novosti, ADN, Prensa Latina.

Deseño Gráfico e Montaxe: Xoselo Taboada, Guillermo Gómez, Carlos Soaxe.

Fotomecánica: Ramón Brea Salgueiro

Corrección Lingüística: Fernando Carballa.

Publicidade: Xosé Fernández Puga (Director), Juan Louzán (Madrid - Telf.: 91-467 31 33).

Suscripcións: Blanca Costas.

Promoción: César Pazos.

Dirección e Administración: Rua Pontevedra, 4-5ª (36201 Vigo) - Apartado de Correos 1371 (36280 Vigo) - Teléfonos: Administración, Suscripcións e Publicidade (986) 43 38 30 Redacción (986) 43 38 86. Fax (986) 43 36 24.

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 02-13-3105.

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas suas páxinas respeitando a independéncia dos seus autores; non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución sempre que se cite a procedéncia.

CARTAS

ACORDO LINGUISTICO

É desacougante vogar cun mínimo de lucidez dende a realidade lingüística (e cultural) dos que conservaron e conservan onoso idioma como tal, ata o panorama fraticida e de intolerancia que embrulla ás élites que poden decidir sobre a lingua. E el é máis cando carrexamos xa tantas chagas, e estas actitudes supoñen un freo na saída da agonía. Desacouga que non posuamos un acordo en materia de planificación do corpus da lingua (que tería que partir da normativa vixente), do mesmo xeito que entre as forzas nacionalistas de esquerdas, para entón unifica-los esforzos dos que tan faltos estamos.

E é nestas que doe que asombra —igual ca historia toda de opresión española; igual, créanmo ben—que haxa galego que non acepte que somos un pobo capaz de nos autogobernar e de defende-los nosos riscos lingüísticos, e que teña que botar man da estabilidade portuguesa (anque a causa, certamente, pode ser ben distinta, e sempre comprensible).

Doe que lle non dean radical primacía á fala viva, a dos maiores, malia as ben atopables e salvables interferencias. E que se pense que xa está toda descita, cando hai un campo vasto no terreo supraoracional e no léxico-semántico (construccións fixas, xiros, etc., característicos do galego) aínda por describir. E que nesa ignorancia todo sexa igual.

Doe moitísimo que se simplifiquen as cousas ó ter en conta os datos lingüísticos sos, e non unha conciencia cultural ou unha elaboración literaria e científica. Doe que se actúe coma o mal médico de cabeceira (técnica soa, sen humanidade no seu máis nobre senso). Ou escoitar que é mellor segui-la norma dunha lingua imperial (outra máis) porque xa borrou as indíxenas e ten un grande número de falantes, igualados todo o que o poder é capaz, cando Galicia foi e é o paradigma dos febles.

E é diante disto, doente de serio, que un ve claro que o galego require un convenio verbo da normativa, atendendo sempre ás liñas de noso, con tolerancia, para axunta-los esforzos de todos aqueles que o aman e queren normalizalo. Porque o outro é suicidarse.

LUCIANO FERNANDEZ MARTINEZ
(Ponteareas)

XOSÉ LOIS

CONDONS

Máis unha vez, asistimos á campaña do Ministério de Asuntos Sociais en colaboración co Ministério de Sanidade e Consumo sobre a utilización dos preservativos (os que familiarmente chamamos condóns) e que leva como lema: "Póntelo. Pónselo". Esta campaña, segundo informaba o programa "Hora 25" da Cadena SER do 23 de Outubro, levaba un orzamento da frioleira duns 600 millóns de pesetas.

Cando nos atopamos cunha crise na xuventude (marxinación, paro, drogas, minusválidos, mulleres, etc...) lánzannos a bombo de pratiño a campaña, sen que outros problemas se resolvan, que afectan á maioria da mocidade.

Haberá que perguntarlle a Matilde Fernández se nos vai proporcionar tamén ela os condóns para poñelos no pene (en galego rural, o carallo) ou temos que ir mercalos á farmácia como de costume. Resulta xa un cachondeo esta campaña, cando hai outras problemáticas, para pór un exemplo, o da muller. Si, o da muller, e que ninguén se escandalice. Estamos visionando en TVE (porque aqui en Salamanca as privadas ainda non chegan, e autonómicas podemos ver con dificuldade a de Telemadrid) as monecas para regalar ás nenas na tempada de Nadal e Reis, sen que o Instituto da Muller dese a voz de alarma sobre a marxinación que estaba sofrendo a muller, neste tema.

En fin, non saímos de Málaga e imos a Malagón.

VICENTE ABELLEIRA CAMBEIRO
(Salamanca)

AVISO AOS LEITORES

O número de A NOSA TERRA que vostede está a ler foi elaborado a meio dunha técnica de maquetación electrónica, polo que pode notar diferéncias que iremos correxindo en próximos números.

O ENFERMO PSICOLOXICO E OS MANICOMIOS

Os manicómios dentro do sistema social que vivemos, serven exclusivamente para castrar a liberdade persoal do indivíduo. Cando a persoa serve dun movimento interior social, é a *família*, como institución de base do *sistema capitalista* quen reprime o seu avance na sua personalidade. A família, institución que é criada ao amparo do poder.

Calquer enfermidade psicolóxica, que non sexa contemplada desde o ponto de vista a como o enfermo estexa inmerso nesta sociedade capitalista, é tremendamente desigual, non poderá diagnosticarse. E un refúxio ao que se acolle a persoa para escapar da hipocresia e curiosidade social ao que está sometido o ser humano?: a falta cada vez maior de liberdade individual. Os sobresaltos que podan aparacer no comportamento e desenvolvimento da personalidade, son froito moitísimas veces da deixadez social na preocupación da felicidade do ser humano. Nunha sociedade onde reina o egoísmo, a envexa e o pouco respeito á persoa como indivíduo, é moi normal que as persoas se atopen con atrancos á hora de manifestar a sua personalidade.

A psiquiatría entendida como benefactora dun mal acaecido no tempo e na sociedade na que vivimos, vennos dada da man dunha família incapaz de asimilar baches que se producen no camiñar da persoa. Cando digo psiquiatría, entendo que é a confusión ou a intención de cambiarlle a personalidade a unha determinada persoa; pénsese que tamén pode verse aturdido por unhas circunstáncias que lle son totalmente alleas; é por iso que non lle foron esclarecidas de antemán.

Concretamente, entendo que hai psiquiatría de psiquiátricos ou psiquiatía a un entendimento tal no que a curación pode perfeitamente vir da man do próprio desequilibrado mentalmente. Non existe na nosa terra un centro de curación mental que poda encamiñar a integración da persoa na sociedade que acude a tal centro. Os psiquiatras chamados "modernos" levan no seu seo pensar métodos adiantados con respeito a antepasados, nos que habia unha falta de respeito tal, que incluso chegaban a interpretar tal curación coma se fose algo estraño a eles.

Pódese entón pensar perfeitamente que de nada vale a estáncia nun "hospital" psiquiátrico dun determinado tempo, se este foi visto e convicto; ou sexa, observado dentro dun mesmo campo e inmiscuído en distintos tipos de casos afectados pola sociedade.

Os manicómios, ou hospitais psiquiátricos ("siquis"-tos), ainda que pasen a ser doutra institución, seguirán medicando nun carácter social igual ao do "edifício-manicómio".

NEMESIO GONZALEZ ESTEVEZ
(Beade-Vigo)

EN NOME DE BESTEIRO

Non son quen, nen creo que lle faga falta a Besteiro a sua defensa, mais si é necesário pór as cousas no seu posto para que ninguén -e inda menos estes socialistas aproveitados- faga do egréxio Besteiro un guerrista. Non se entende que un home honrado, culto, afábel, ético e patriota atá a sua morte sexa aldraxado, inxuriado, vexado e ofendido na sua cova por un logreiro que se di "socialista". Por iso xa o di a senténcia: comen uns a froita aceda e outros teñen a denteira.

Algo hai nesta España, do Norte ao Sul e o Leste ao Oeste, que non vai ben. No Norte os páxaros tíranse as escopetas; no Sul os cabalos morren de peste, con seguranza, para non ver o que fan no Coto de Doñana; no Leste, a xente nen recea cando estoupan os canos de Enpetrol -esta vez ninguén se botou á rua, como a outra vez, e todos estiveron nas suas casas a ver o fogo como se dunha fogueira ed San Xoán se tratase; no Oeste danlle chapiñas co nome de Castelao - que de seguro ri na sua cova polo que fan- a quen noutros tempos o aldraxaban. E que poderiamos dicer do Centro, pois que como o aprendente de rio que teñen non dá para máis, os do Senado fan un alxibe de mármore con ar condicionado para se lavaren os erros: algo asi como se fose a pia batismal para sairen limpos de culpa, ou de pó e palla, que ven ser o mesmo. Mais disculpádeme, no meu encarraxamento funme dun asunto a outro e non quereria esparexerme máis, ainda que abondo hai, e ir ao alicerce da cuestión. En Carmona, no Sul feudal do novo socialismo, váiselle facer a Xulián Besteiro un noxento acto desde o ponto de vista da ética. Aproveitarase a figurá ilustre deste bon home, en todos os senso, para que os lambiscantes de sempre -hoxe como canda Franco- fagan a xuntanza na vila en nome do insigne estadista para lle faceren as beiras ao Guerra e que non o chimpen do governo, pois con el sairian outros moitos que nengunha falta fan. E isto en nome de Besteiro!, como noutro intre non foi recuado fixeron con Castelao.

Por iso con este berro alporizado en nome dos bons e xenerosos para que nas suas covas acouguen e non esquezan, que entre a moitísima palla ainda queda algun grao nun tempo non moi longo.

XOSE L. VEIGA
(Tarragona)

LIBRARIA-PAPELARIA
PEDREIRA
LIBROS GALEGOS E PORTUGUESES
LIBROS DE TEXTO
FOTOCOPIAS
PLASTIFICADOS
ENCADERNACIÓNS
RUA DO HOME SANTO, 55 TELF. 58 54 03 SANTIAGO DE COMPOSTELA

CHAME AO
TLF. (986) 43 36 24
E SOLICITE
AS NOSAS TARIFAS
PUBLICITÁRIAS
A NOSA TERRA
PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

somos coñecidos
na Galiza inteira,
pola nosa
especialización
en libros
galegos
e portugueses
libraria couceiro
Praza do Libro
Tel. 26 63 77
A CORUÑA
República
de El Salvador, 9
Tel. 56 58 12
SANTIAGO

Antón Santamarina non aceitou ser candidato
e Xaime Illa non foi apresentado ante a falla de consenso

Filgueira Valverde , un presidente do PP para o Consello da Cultura

O pasado dia 29 era elexido, con 12 votos a favor e 10 en blanco, o novo presidente do Consello da Cultura Galega, cargo vacante desde a morte en Agosto pasado de Ramón Piñeiro. O octoxenário polígrafo e político pontevedrés Xosé Filgueira Valverde foi quen recebeu o leme de mans dun Consello dividido nas suas preferéncias como puxo de manifestro a votación á que non se apresentou finalmente alternativa nengunha.

■ **XAN CARBALLA**

XURXO S. LOBATO/ARQUIVO

A ELEICIÓN DE FILGUEIRA SUPÓN UN PARENTESE ATÉ A APARICIÓN DUN NOVO CANDIDATO QUE FACILITE A NECESÁRIA RENOVACIÓN DO CONSELLO

Praticamente desde primeiros de Setembro comezara a especularse con tres nomes sobre os que habia pivotar a renovación da presidéncia do Consello da Cultura Galega. Os nomes de Filgueira Valverde, impulsado desde instáncias do PP e da Xunta; Antón Santamarina, desde sectores que querian, dentro das limitacións da própria composición do Consello, revitalizar as funcións dun historicamente esluido organismo, e finalmente Xaime Illa Couto, como candidato ponte que poderia contentar a uns e a outros.

O primeiro encontro de *espadas* deuse na eleición do sustituto de Piñeiro no cupo de *personalidades*. Xa entón a presénda de duas candidaturas e os equilíbrios de votos que se deron fixeron ver aos *conselleiros* a dificuldade de estabelecef unha maioria de votos airosa. Os candidatos entón en liza foron Uxio Labarta e Luciano Garcia Alén, sendo eleito por un só voto de diferéncia o primeiro deles. Nas semanas que seguiron multiplicáronse os contactos e as presións, das que pode ser mostra sintomática a presénda na votación, exercendo o seu direito e botándose atrás dunha anterior promesa de non interferir o proceso de renovación, do Conselleiro de Cultura Daniel Barata que desa maneira sancionaba a candidatura de Filgueira Valverde, representante do Patronato Rosalia de Castro, cuxa figura máis coñecida, Agustin Sixto Seco, teria xogado tamén un papel importante no opaco e, ao que se ve, eficaz traballo de arrecadar apoios.

Filgueira Valverde, con 84 anos recén cumpridos, foi apresentado como candidato polo representante dos museus públicos, Francisco Fariña, e acadou doce votos a favor e dez en branco. A presénda de Barata Quintáns mostra ás claras que un só voto foi decisivo á hora de conseguir a nominación desta persoalidade, típica da direita galeguista, indiscutida como gran traballador e singular erudito, pero ao mesmo tempo debatida desde o ponto de vista político. Precisamente no terreo político Filgueira foi durante anos alcalde de Pontevedra e Conselleiro de Cultura nun dos governos de Fernández Albor.

Unha renovación aprazada

A candidatura alternativa de Antón Santamarina parecia madura até poucos dias antes da eleición, pero finalmente o secretário do Instituto da Língua Galega preferiu non asumir a responsabilidade. Até que ponto influiu a dimisión dias antes de Constantino Garcia como presidente do ILG, pode ser unha especulación, pero non cabe dúbida que mediatizaba a decisión do profesor da Fonsagrada. Frustrábanse asi as expectativas dun sector que apoiara esta alternativa e dábase paso a procurar a eleición de Xaime Illa Couto como opción ante Filgueira. O espíritu de Piñeiro, que impregnou a toda unha xeración nucleada arredor do coñecido como grupo Galaxia, operaba á hora de non procurar enfrentamentos na eleición, polo que finalmente nen sequer se chegou a apresentar a candidatura de Xaime Illa no pleno do dia 29, amosándose o desacordo en forma de voto en branco.

Segundo as nosas notícias até o mesmo dia 29 cabia a posibilidade de ir adiante con esta opción de renovación —moi limitada desde logo— pero finalmente non se pudo contar co total de votos esperados.

A morte de Piñeiro puxo de manifesto a existéncia de diferentes correntes no seo dun organismo até agora coesionado arredor da figura de Piñeiro. Desde fóra aumentaban as voces que chamaban á renovación, que con independéncia dos critérios a utilizar, era asumida en parte, e en privado, por un certo sector de membros. O BNG apresentaba unha iniciativa de modificación da Lei do Consello na que se contempla unha profunda reestruturación do organismo e a Federación de Asociacións Culturais apoiaba en roda de prensa a necesidade de que o Consello tivese maior representatividade da cultura viva do país. A eleición de Filgueira supón un parón nesa necesária renovación, por moito que a lóxica faga ver que a própria escolla vívese como unha transición ante a falta doutro candidato conservador ou progresista capaz de galvanizar esa reestruturación.

A curto prazo as duas dúcias de intelectuais que conforman o Consello van ter que debater outravolta a vivificación do organismo, ainda que a incapacidade de topar alternativa a Filgueira Valverde deixe poucas fendas á esperanza. ■

UNHA SEMANA DE ESTUDOS CULTURAIS, SEN DIÁLOGO

CONGRESO DA CULTURA GALEGA

FRANCISCO CARBALLO

Durante seis dias e no Auditório de Galicia en Compostela, máis de 50 ponentes pasaron revista á cultura galega, unhas veces en forma de conferéncias divulgativas e outras con aportacións de investigación, deixando só nas mesas redondas certo achegamento a uns diálogos abertos. Non se pode designar como *congreso* esta semana cultural: non houbo participación e vistas a postas en comun, nopn existiu posibilidade de comunicacións libres, non se facilitou o diálogo, póndolle máis ben valados, e nada, agás o local, evocaba a realidade dun Congreso.

O poder da Xunta e do seu Presidente aproveitou todo para a sua vanidade e a sua lextimación. O discurso de clausura de Fraga voltou a evidenciar un desexo de xusificación imposíbel: hai que asumir o pasado, rectificar e asi exercer un servício á Terra. O máis grave non é o afán de encobrer un pasado de dano ao país. O peor é o servício que se oferece e que leva larvados os virus de camuflaxes colonialistas.

Nós temos unha cultura, un idioma. Os galegos poden falar cantas línguas queiran, pero tales línguas non son criadas por nós, fóronnos impostas con desprécio ao noso. A afirmación desa realidade é "cultura desalineante". O Congreso organizado pola Conselleira de Cultura quixo mistificar a história e a realidade. Mal asunto.

Neste contexto cabe o comportamento de moitos conferenciantes, coñecidos pola sua obra de negación da língua e da cultura galega en xeral. Insolentemente dirixen agora a cantos os aturan. Insidiosamente tratan de lexitimar a sua conduta como de liberdade, cando é e foi de represión.

A organización do Congreso actuou sibilinamente dando espácio a un feixe de importantes analistas da nosa cultura: Marcial Gondar, Xosé Ramón Barreiro,... puxeron o acento nos *is* e racharon o veo do obscurantismo que domina en certas cátedras universitárias.

Unhas das boas análises desde evento adverte que Fraga —e igual a sua equipa— queren edificar sobre a area e viven *no nirvana*. Os tempos non son para *nirvanas* por máis que uns centos de siareiros aclamen a Fraga como aclamarian a calquer proveedor de beneficios. Surxen análises plurais e traballos de equipa para abrir camiños. Iso non é deu este "congreso" internacional. ■

YERMA, LIÑAS AÉREAS

G. LUCA DE TENA

Ás veces, na construción dun espectáculo xúntanse unha manchea de elementos para condicionar favorabelmente o éxito, pero o resultado é pésimo. Este poderia ser o caso da *Yerma* coa que o director Blanco Gil inaugura unha nova etapa do CDG. Meios materiais, un nome consagrado en Lisboa e un plantel de actores que procede dunha escolla esixente. Pero todos xuntos non consiguen romper a frialdade do pátio de butacas. O máis discreto seria escreber que *Yerma* é unha estrea fallida.

Pero é moito máis e compre debullalo en algunhas consideracións. A primeira refírese á eleición da obra. O *Yerma* que Blanco Gil montara en Lisboa con grande éxito, apreséntase en Compostela coma un clásico. Pero estamos de verdade a falar dun clásico? No mundo da triloxía lorquiana, a *Yerma* é o texto que menos se presta á visualización, o que pode parecer unha paradoxa. De uso chamamos teatral a unha obra que non poda entenderse sen a representación. O poema tráxico de Lorca, estreado no 34, enténdese mellor na escrita. É pobre de acotacións e son contadas as situacións dramáticas que oferece. Poderia representarse nun estaribel espido, coma para un recital de *cante jondo*, porque é no texto onde se agacha a sua máxima forza. A posibilidade de convertila en luz, volume e materia dramática, ten tentado a ben de directores, con resultados certamente dispares.

Un texto tan estilizado, cos picos da retórica tan recortados como é *Yerma*, atura mal calquera tratamento grandilocuente. Xa se ten dito que neste segundo poema tráxico da triloxia, Lorca procura desandar o camiño da retórica costumista do *Romanceiro*. Desa preocupación resulta, por exemplo, a deliberada auséncia de localización espacial de *Yerma* que busca unha (imposíbel) síntese de hispanidade de vocación universal. No programa de man, o director fala de construir un *Iberismo* lorquiano. Será en todo caso andalucismo.

O autor de *Yerma* matou, polo tanto, os brillos do costumismo, ainda que os elementos do teatro coetáneo español adiviñanse ben entre liñas. Pola obra cruzan sombras de *La Malquerida* benaventina, de *El Amor que pasa* dos Alvarez Quintero (con todos os distanciamentos que se quera), ou da mellor de todas, *La Señorita de Trévelez* de Arniches. Desesperado polo éxito do *Romancero*, Lorca quería ser de nengures, e a ser posíbel, Shakespeare, e afogaba a sintaxe da sua terra. Blanco Gil non cumpre esta vocación explícita do autor. Concibe a cenografía non coma espello do texto senón por riba do que o libro de *Yerma* é. Á brillante traducción-adaptación de Miguel Anxo Fernán-Vello abondábanlle calidades para cristalizar tensión dramática pero, para que tal acontecese, o director tiña que abrir as portas ao texto. Non é isto o que se ve no espectáculo do CDG senón o apriorismo tremendista dunha cenografía abusiva.

O MAIS DISCRETO SERIA ESCREBER QUE YERMA É UNHA ESTREA FALLIDA

A estas alturas non hai que proclamar que o debezo profundo de *Yerma* por ùn fillo é un símbolo dramático do anceio humano de liberdade. Era necesário entregar o espacio cénico a eses estafermos de praza maior desde os que se alza o telón? A cenografía de José Rodríguez cadrarialle mellor ao *Romancero Gitano* ca a *Yerma*. As caricaturas de mantón negro agrandadas pola luz cenital, non representan a norma social imposta senón que parecen desde o comezo a idea metafísica da opresión. Pero de feito, na obra, as normas non son idea metafísica nen entidade autónoma nengunha. Non chegan desde fora da sociedade senón que se xeneran no conflito social interno. Se caisen do ceo estariamos pasando da campa do tráxico á do absurdo ou fariamos de Lorca un autor do existencialismo antes da letra.

Na dirección de actores, Blanco Gil aplica un critério semellante. Desde a primeira frase, sabemos que *Yerma* (Luisa Martinez) ten un billete para a desgracia. É unha forma coma outra calquera de estragar os talentos innegábeis dunha actriz; desde o primeiro mutis alcanzamos que Victor, o pastor (Alfredo Rodriguez), vai camiño da renúncia fatal; Xoan (J.M.Olveira, *Pico*), o home de *Yerma* compórtase coma un predestinado que move o vento da fadalidade. Acaso Maria Pujalte, que levanta merecidos aplausos, Cristina Dominguez e Isabel Arcos logran camiñar fora da tónica xeral. Actores hai, pero compre dirixilos.

A evolución de *Yerma* desde a dúbida á rebeldía, pasando pola liberdade non é un diapasón crecente na versión do CDG, senón un laio contínuo. Outro tanto pasa coa música que compuxo Manuel Balboa que tamén comeza polo remate. Os episódios da romeria e da festa son unha leción de tédio e confusión ao précio máis caro que se ten pagado no teatro público, con teatro-danza polo meio. Moitos actores encarnan personaxes que o espectador non logra identificar en segundas aparicións, a causa do tono actoral. A eleición de pechar alguns episódios a negro sacrifica a continuidade e revela unha non moi esforzada concepción cenográfica. As veces parece que o primeiro e segundo actos tivesen un director e o resto da obra outro, por non conxeturar que o tempo de ensaio foi curto de máis e deixou parte da obra sen afinar. As diferéncias de tratamento limitan a mera incoeréncia. Por que a represión que exercen as cuñadas sucede no escuro e son alegres e luminosas as lavandeiras que arrancan a médula a *Yerma*? Imposíbel entender ese asasinato final (o climax dramático) que levanta risos do pátio de butacas. Se por esquecer unha sonda nun operado levan a un cirurxano á xustícia, por estragar un climax deberiamos poder demandar a un director.

A Conselleria de Cultura volve practicar o saldo de entradas para alumnos de bachalerato. Este mesmo procedemento permitia a un ex-director do CDG gabarse de producir unha montaxe con máis espectadores por sesión ca Aldwich. Non se sabe ben a quen se trata de enganar, se aos escolantes, ao Conselleiro (suponse que non porque di que quedou *encantado*) ou aos propósitos iberistas do director, que á vista do chouto no aire, deben facer alusión a Labacolla. Outra vez será. ■

FICHA

Yerma, de Federico Garcia Lorca. Estrea no Principal de Santiago o 23 de Outubro de 1990. **Tradución** de Miguel Anxo Fernán Vello. **Dirección** de Xosé Manuel Blanco Gil. **Cenografía** de José Rodríguez. **Iluminación,** Juanjo Granda. **Música,** Manuel Balboa. **Coreografía,** Ramón Sánchez. **Intérpretes,** Luisa Martínez, Xosé Manuel Olveira, Cristina Dominguez, Alfredo Rodriguez, Carme Castiñeiras, Patricia de Lorenzo, Maria Pujalte, Patricia Vazquez, Teté Delgado, Margarita fernández, Isabel Arcos, Pilar Saavedra, Cristina Dominguez, Chiqui Durán, Mateo López, Laura Ponte, Luis Carlos Abeledo, Pablo Sanmartin, Pedro Bugallo, Xan Casas, Mateo López, Alfredo Rodriguez. **Produción,** Centro Dramático Galego

RETICÊNCIAS... (1986-1989)
Ricardo Carvalho Calero

DO GALEGO E DA GALIZA
Ricardo Carvalho Calero

VICENTE RISCO
LAS TINIEBLAS DE OCCIDENTE
Edición de Manuel Outeiriño

RELATOS
Mª Teresa Otero Sande

NOVIDADES OUTONO '90

Sb EDICIONS
gotelo blanoo

LIBROS

Un folleto sobre *Cantares Gallegos*

Todos os Domingos, en Barcelona, no Mercat de Sant Antoni, colocan-se postos de venda de selos, moedas, cartazes de cinema, comics, un longo etcétera e livros. Vou cada Domingo, agás aqueles en que estou fóra de Barcelona. Poucos. Un domingo do mes de Setembro encontrei un curioso folleto: *El sentimiento lírico a través de "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro*, cuxo autor é Xavier Echave-Sustaeta.

Echave-Sustaeta é para min un descoñecido, ainda que por outro livro que andaba na mesma parada, souben que fora catedrático de latin na Universidade de Barcelona, e nun instituto da mesma metrópole. O folleto consta de 23 páxinas, e o índice é o seguinte: "Introducción.— Notas bibliográficas", "Panorama de la lírica del XIX.— Rosalía de Castro", e "Excerpta.— Glosas". O folleto vai precedido dunhas poucas liñas do autor que veñen dicer: "Este ensayo, si de tal le cumple el nombre, fué fruto de la impovisación y entusiasmo de estudiante. La Facultade de Letras de la Universidad de Salamanca, a la que fué presentado, hízole objeto de especial distinción. Lo doy a la estampa, tal como entonces salió de mi pluma, ya que de entrarse la corrección por sus páginas, apenas si dejara párrafo sin enmienda". O "ensayo" foi escrito en 1928 e dado á imprensa en 1935, en Bilbao. Xavier Echave-Sustaeta era por aquelas "Catedrático del Instituto de Pontevedra", xa que tal reza debaixo do seu nome no interior.

Na primeira parte de tal folleto, o autor di que ama a Rosalía "con toda la fuerza de mi afecto" e que intentará xulgar a obra obxecto do seu estudo con xusteza e serenidade de apreciación, ainda que desconfía logra-lo. Pasa axiña a repasar os estudos sobre Rosalía, daquela poucos (1928). Os máis importantes: Azorín, en *Clásicos y Modernos*; a biografía de Augusto González Besada, "gloria de la tierra gallega (...) quien ha enjuiciado su obra más detenidamente" con penetración e intelixéncia; tamén existe —di Echave— o estudo do sacerdote Vales Failde, *Rosalía de Castro*, Madrid, 1906, "en que el malogrado crítico con visión aguda y sagaz, penetra en su obra"; hai tamén as páxinas, comprensivas, devotas e afectuosas de Pardo Bazán, Fernán Caballero e Emilio Castelar; e o capítulo que Murguía lle adica en *Los precursores*, nas que "su compañero de camino doloroso acertó a trazar las páginas de más valor que sobre Rosalía existen". Despois de examinadas estas fontes, o autor afirma que é incomprensible que os críticos de máis valor do XIX español, Valera, Menéndez Pelayo, Federico Balart, "al llegar a ella (a Rosalía) pasan de largo incomprensiblemente".

No segundo capítulo ataca a aqueles críticos (que non nomea) que din que na literatura española (sic) só "los motivos dramáticos aparecen plenamente logrados". E fai unha recesión dos líricos "españois" que vai desde o romanceiro até García Lorca, sen esquecer a literatura popular. Pasa decontado ao século XIX e di que tras o terramoto napoleónico "hízose un prolongado silenci" até o período romántico. O romantismo español para Echave foi unha importación servil e os poetas que deu non merecen, para el, consideración. E foi neste tempo que apareceu Rosalía, cando a fama é compartida por Nuñez de Arce, Campoamor, Tassara, Grilo e outros. E deixa fora a Bécquer e Ruiz de Aguilera, cuxa lírica considera desligada dos anteriores. E para el os grandes poetas do XIX son o devandito Bécquer, Rosalía, Curros e Joan Maragall. E en 1863 aparece *Cantares Gallegos*. Unha parte da crítica siléncia o livro, "otra en su sorpresa ataca a Rosalía". Cita a Cejador e Mari Luz Morales e pasa a falar do livro. E di que nel a poeta "tomara los motivos de su inspiración de la naturaleza y del alma del pueblo gallego", que sus poemas transparentan "la vida de sacrificio, de emigración, de trabajo dolorido, de ansia de liberación del alma gallega". Rosalía, antoa Echave, "es ante todo un espíritu libre, estraño al siglo en que naciera, en cuyo marco debiera ser estudiada como genio precursor de la nueva poesía". Continua a dicer que a poeta introduce "la técnica de la simplicidad", que o seu verso é "de vuelta bien medida, con exactas cadencias, en rima perfecta de búsqueda laboriosa", que neste livro reflexa-se unha cualidade que no povo galego amosa-se máis marcada que nengun outro: o humor. Mais, tamén, neste humor filtra-se a indignación porque o seu espírito "es de rebeldía. Su visión de la vida precisa, de realismo crudo a veces". Muitas cousas do povo galego recolleu Rosalía en *Cantares Gallegos*, di Echave, e entre elas "las ansias de liberación que conturban de siglos atrás el alma de su pueblo". Tamén foi a poeta "intérprete de las grandes mujeres gallegas, que nunca son (...) las que juegan un gran papel en el Arte o la Historia, sino aquellas otras 'ignoradas'y humildes que en el campo comparten mitad por mitad la ruda faena con sus hombres". E remate este capítulo con palavras de maria Luz Morales nas que se di que

Diccionario Escolar Galego

NOVIDADE

Normativo, útil
Feito para estudiantes de E.X.B, BUP



galaxia

P.V.P. 995

- Galego-Galego
- 16.000 entradas
- 560 páxinas
- Láminas ilustradas
- Mapas
- Apéndice ortográfico e gramatical

PÍDEO POLO SEU NOME: DICCIONARIO ESCOLAR GALAXIA

libro de la artista gallega se diría que no sabe del dejo amargo de vivir. Adéntrese, quien tal juzgue, por "Follas novas" o "En las orillas del Sar" y hallará en su poesía —otoño e invierno—, no por vía de representación sino de compenetración íntima, escenas doloridas de vida plena".

Este folleto, como se pode ver, non di nada orixinal sobre Rosalía, mais trouxemo-lo aqui porque en nengunha bibliografía sobre a nosa poeta o vimos citado, e consideramos que tiñamos que dar noticia del.

XGG

PS.— Aquel leitor que lle interese o folleto, que escreva a *A Nosa Terra*, enviaremos-lle fotocópia del.

PUBLICACIÓNS

Literatura galega contemporánea

Critério, unha colección adecuada ás necesidades de hoxe.

Edicións do Cumio está a tirar do prelo, na colección "Critério", dous volumes de Literatura galega contemporánea[1], e anúncia unha série de monografías sobre autores, alguns inda vivos. Pretenden ser breves para logo dun estudo unipersoal, levar aportacións do autor estudado e doutros especialistas no tema.

O proxecto quer avanzar no tratamento da história da literatura galega nunha liña que recolla e actualice os esforzos anteriores tales como os de R. Carballo Calero, 1963, B. Losada, 1976, Pilar Vázquez Cuesta, 1980 e X.L. Méndez Ferrín, amén doutros menores.

O primeiro volume é de Francisco Rodríguez. Na apresentación da obra dise: "Neste libro atopan-se reflexións básicas —pero non por iso frecuentes— sobre problemas, tanto de método como de interpretación, que plantexa o estudo da literatura galega contemporánea. O autor indica as perspectivas e os critérios apropriados para liberar a análise da nosa literatura, especialmente nas esferas académicas, dunha certa rotina mimética, falsificadora e desvalorizadora. Oferece, ademais, unha interpretación sintética da história da literatura galega contemporánea que, dentro da sua sinxeleza, estamos seguros ha ser clarificadora para especialistas e público en xeral".

Os marcos hermeneuticos que estabelece F. Rodríguez proceden da sócio-lingüística e son imprescindíbeis para unha renovación dos métodos de análise e de exposición tanto da língua como da literatura. Lembra, efectivamente oautor o descrédito que están a sofrer os estudos literários (p.5). Podiamos estendelo ás asignaturas de língua e de literatura"en xeral e do difícil que lles resulta aos profesores lograr un aproveitamento suficiente. Unha das razóns é o tratamento desfasado que estes temas receben nalgunhas aulas. Non se debe, logo, á temática como tal, senón a carência de actualización e ao "academicista" método de comunicación que se utiliza por moitos nesas aulas. Se alunos e profesores adoptasen os procedimentos que F. Rodríguez postula, os estudos de língua e literatura adquirirían outro interese.

Entre os critérios metodolóxicos que propón o autor para a análise do fenómeno literário está, en primeiro lugar, o "privilexiar feitos interiores ao país como explicación base da periodización da nosa literatura". De acordo, pero iso esixe o coñecimento deses feitos. Teño comprobado en certos especialistas da língua e da literatura unha tal ignorância da realidade galega pasada e presente que asombra. Supoño que isto é debido ao *curriculum* universitário próprio da formación académica de tales especialistas. Algo a reformar canto antes. O academicismo gramaticalista tan usual en certas aulas é unha das causas do rechazo deses estudos tanto como a carência de base sócio-económica. Como monstra do que tales critérios conlevan, F. Rodríguez apresenta unha proposta de periodización aberta a multiples matizacións. Isto fai que esperemos con interese a, sucesivas monografías, pero permítasenos unha aclaración. É corrente en todas as monografías actuais acudir a marcos históricos e sociais como introdución. Pero, ás veces, tal recurso quédase no exterior; é simplesmente un elenco cronolóxico e de acontecimentos amoreados. Danse dados, datas, pero "o código do historiador non consiste en datas, senón en clases de datas, nas que cada data significa, na medida na que mantén coas demais datas relacións complexas de correlación e de oposición" (Lévi Straus).

Esta colección responde a unha necesidade sentida. Oxalá chegue ao coñecimento e uso de todos os embarcados na difícil tarefa docente e discente, porque será un instrumento na normalización cultural e no domínio da língua galega. ■

FRANCISCO CARBALLO

(1) Rodríguez, Francisco, *Literatura galega contemporánea. Problemas de método e interpretación*. p.p. 84.

Pallarés, Pilar, *Rosas na sombra. A poesía de Luís Pimentel*. Ed. do Cumio. Vilaboa, Pontevedra, 1990 (próxima publicación).

A lóxica interna dos tópicos

As serpes contra Santiago

Tense escrito e falado moito sobre os tópicos dos galegos e da sua incomprensión por parte dos políticos, pero en contadas veces se fixo desde unha perspectiva antropolóxica. Agora a editorial Sotelo Blanco ven de publicar un livro co mítico nome de ***Las serpientes contra Santiago***, como se se tratase dun feito épico ou exótico, cando o rural non é outro mundo, senón unha forma diferente de clasificar simbolicamente a expericencia humana[1].

Fai-se neste livro un percorrido polas lendas, costumes e xeitos de vida das xentes da Límia. Fala-se da vida do indivíduo, deste como membro dunha comunidade natural e fora dela e como habitante dun mundo simbólico, mundo que se escapa ao non rural. Para iso o autor utiliza dados próprios tirados do seu traballo de campo e da sua convivéncia coas xentes da Límia, dados procedentes doutros etnógrafos e, tamén, procedentes da literatura. E aqui surprende-nos, non por que use citas literárias para ilustrar determinados fragmentos antropolóxicos, senón porquerecorra a autores como Cela ou de tan pouco fiar como Sanchez Dragó.

A pretensión do livro é demostrar que detrás de cada feito, de cada realidade, de cada comportamento, de cada palavra, hai un significado, hai unha racionalidade. Que eses elementos só son meios que se utilizan para obter uns fins e que son racionais na medida en que serven para cobrir as necesidades básicas duns indivíduos. O antropólogo é aqui testigo dunha realidade particular na que penetra, grácias ao material etnográfico, para interpreta-la e dar unha visión xeralizada, que a faga máis asequíbel ou comprensíbel ao mesmo tempo que busca estruturas que sexan duradeiras ou integradoras.

O antropólogo movendo-se nunha realidade que poderia-mos calificar como de presente-pasada, amosa-nos a existéncia dun universosimbólico ou dunha lóxica interna que perdura no tempo e que se reafirma ante as deficéncias do sistema sócio-institucional ou a falta de comunicación deste.

Son precisas máis investigacións antropolóxicas feitas desde dentro, mais non entendemos como esta que estamos a comentar non está escrita en catalán! ■

MANUEL VILAR

(1).- Manuel Mandianes Castro: *Las Serpientes contra Santiago*. Sotelo Blanco Edicións, 1990.

CINE

Reiteración e novidade

Un dos nosos

O mundo da Máfia, da "Cosa Nostra", ten sido abordado con frecuéncia polo cine. Desde o vello xénero de gansters dos anos 30 pasando por alguns exemplos do "cine negro", esta delincuéncia á italiana serviu como inspiradora de non poucos filmes nos que se narraba o mundo criminal de certos sectores desta colectividade de inmigrantes que levaron aos USA un xeito ben diferenciado de oporse á orde, á autoridade e aos bons costumes. Scorsese, fiel ás suas orixes, non falta á cita de aproximación e aborda en **Un dos nosos** a sua visión particular sobre un universo que, sen dúbida, el viviu na sua infáncia pois cando cativo moviase a carón deles moitos infantes que "facian o que querian". Primeiro apunte pois sobre o filme: a sua natureza autobiográfica. Segundo: a sua boa factura. A estes alturas non se vai dicer nada novo sobrecomo o italo-americano move o o instrumental narrativo. Pero tamén isto é un valor mitigado polos tempos. Xa a técnica deixou hai anos de servir de coartada para disfarzar os erros do conxunto. Porque, "Un dos nosos" é, diante de toelo, un erro na carreira do autor de "A derradeira tentación de Cristo", que se situa lonxe de obras da categoria de "After hours". Non descobrimos nada novo nesta recriación do mundo da Máfia e parte desta imposibilidade débese á perfeición da saga do "Padriño", onde Coppola deixou as cousas no seu sítio, elevando o listón demasiado alto para Scorsese e outros atrevidos. Terceiro aponte, pois: a reiteración, a falta de aportacións novas. Quizais, ten certo atractivo a consideración que Scorsese fai do cine organizado como algo entendido como negócio, como un investimento máis á procura de capital, de riqueza, de poder.

Sen embargo, xa que este xeito de achegamento foi abordado hai alguns anos polo mestre Jonh Huston en "O honor dos Prizzi", tampouco por esta banda temos novidades. En suma, película fallida, demasiado longa, cun lixeiro bafo conservador e reaccionário (ainda que a autoridade non aparce para nada en todo o filme, isto é, non hai *bofia*, o final apresenta a aparición do Estado e sua capacidade para o disfraz), onde só a abraiante interpretación de criminal patolóxico que fai Joe Pesci, quen por certo se come crús a De Niro e ao inexpresivo Ray Liotta, sobresae dun conxunto mediocre, comercial e condenado ao esquecimento.

Fotograma de "Un dos nosos". Abaixo, cena de"Mo´better blues.

Mo`better blues

A min a película de Spika Lee gostoume, ainda que todos coincidan en que é inferior ao seu anterior traballo "Fai o que debas". Como resulta que pedin a oportunidade de ollala e, en consecuéncia non dispoño dese referente comparativo que facilita, ás veces, o achegamento crítico, falarei só do que vin. De entrada, o arranque do filme é sensacional e os títulos de crédito apóianse nunha secuéncia perfeita tecnicamente. Despois vemos que o tal Spika Lee dirixe, escrebe, produce e interpreta o filme, cousa rara que indica que estamos diante dunha excepción. Máis adiante advertimos, polo feito mesmo do estilo narrativo, pola concepción da planificación, polo envoltório da posta en cena (luz, cenário, decorados, climax e ambente), que non estamos diante dun producto de laboratório, nen dunha mercancia feita ao uso das correntes, das modas ou do mercado, senón fronte a unha eleición estética e persoal, boa ou mala, pero persoal, o que é de agradecer nos temos que correr. Estes elementos predispoñen para aceitar a película conforme esta vai desenvolvéndose, conforme a história deste home enamorado da sua trompeta e do jazz —auténtico protagonista e demiurgo do filme— entrecrúzase co amor de duas mulleres desplazadas pouco a pouco da sua cama e do seu afecto. Xa temos pois os dous elemetos estruturais do filme; o triángulo amoroso e o protagonismo absoluto, omnipresente da música de jazz, elemento este último que emparenta á película con "Around Midnight" de Tavernier, só que no caso de Lee ollado desde o cerne mesmo do seu universo ético e estético: a negritude.

A marxe de certos momentos valeiros e carentes de ritmo, sen dúbida producto da falta de ofício do realizador, a fita ten como atributo esencial a sua homenaxe indisimulada ao jazz e os seus mitos: Miles Davis, John Coltrane, Duke Ellington, Charlie Parker...

Certamente, ainda que lle sobraban quince minutos, aqueles que ridícula e convencionalmente nos ofere ce un final feliz con parto incluido e repetición do ciclo, "Mo better blues" é unha película cando menos visíbel, que non levanta ardor de estómago, e que indica que o cine deste rapaz de menos de trinta anos debe ser seguido con atención. ■

CELSO X. LOPEZ PAZOS

A MORTE DO FILÓSOFO MARXISTA

En memória de Luis Althusser

■ **DOMINGOS ANTÓN GARCIA**

A radice da sua morte, a prensa diária incidiu nos máis variados aspectos da sua biografía: o sofrimento en carne própria da II Guerra Mundial; os cinco anos de prisón nun campo, que fixeron mosa na sua mente; o proceso de desestalinización; a sua militáncia paciente e polémica no PCF; o estrangulamento da sua muller, Helena...

Pensei que sería de máis interese ofrecer unha escolla de palabras suas sobre dalgunha das grandes temáticas nas que fica máis patente a sua pegada, fenómeno que podemos nomear "althusserismo": o ataque ao economicismo, permitindo entender *a* política e a ideoloxía como condicións da economía e non como meros reflexos da mesma; a *redefinición da ideoloxía* como práctica, e non como puro discurso ilusório; o conceito de aparellos ideolóxicos do Estado como instrumentos de perpetuación, de reprodución, das relacións de produción das sociedades capitalistas (noción derivada de Gramsci); a consideración de que *os individuos* teñen de ser considerados *como portadores ou axentes das estruturas das relacións sociais*... Curiosamente a maioría dos textos son posteriores a 1978, ano no que muitos o mataron definitivamente como intelectual.

Xulguei asimesmo que non sobraría verter algunha opinión sobre a sua obra, ben diferente da dos que pensan que o seu anti-humanismo fixo perder moitos anos á pescuda marxista. Quen ten razón?

Finou un home que, recollendo a expresión foucaltiana, pensaba que o filósofo "mais que un facedor de sistemas, ten de ser un incansábel facedor de diagnósticos".

Nunha soidade rota unicamente por mor dos caídados duns cantos amigos, mortos ou desperdigados, na case totalidade, os seus discípulos, desapareceu un dos grandes teóricos marxistas do noso século. Mais resta para nos a sua humanidade e o acicate das suas obras.

TEXTOS DE ALTHUSSER

Sobre dunha filosofía para o marxismo: o materialismo aleatório.

"... A miña intención, aquí, é recalcar a existéncia dunha tradición materialista non recoñecida pola História da Filosofía. Refírome á de Demócrito, Epicuro, Maquiavelo, Hobbes, Rousseau (2º Discurso), Marx, Heidegger, así como ás categorías por iles mantidas, tais como o vacío, o límite, a marxe, a auséncia de centro, o deslocamento do centro á marxe (e a inversa) e a liberdade. Está a tratar-se do materialismo do encontro, da continxéncia, en suma, do aleatório, que está en confrontación inclusive cos materialismos rexistrados, incluindo o comunmente atribuído a Marx, Engels e Lénine, que, ao igual que todo o materialismo da tradición racionalista é un materialismo da necesidade e da teleoloxía, isto é, dunha forma mascarda de idealismo.

Xustamente por representar un perigo, a tradición filosófica interpretou-no e desviou-no de cara a un idealismo da liberdade..."

De *Filosofía y Marxismo*. Entrevista publicada por *Fernanda Navarro* en 1988 e que procede de conversas mantidas en *1984*, do estudo de manuscritos inéditos e de dous anos de correspondéncia con Luis Althusser. Siglo XXI editores, México. Páxs. 32-33.

Principais funcións da filosofía.

"...servir de garante, de fundamento, para a defensa de certas teses necesárias ao filósofo para reflectir sobre as descobertas científicas e outro tipo de acaecimentos.

Outra función é a de tracexar as liñas de demarcación que permitan deslindar ou separar o científico do ideolóxico coa finalidade de libertar a práctica científica da dominación ideolóxica que ven de obstaculizá-la.

Por outra banda, pode comparar-se cun laboratório, onde ven dè unir-se o conxunto de elementos ideolóxicos. Iste papel correspondía anteriormente á relixión. Bastaban os grandes mitos verbo da existéncia de Deus ou a criación do mundo para que a totalidade das actividades humans e as correspondentes ideoloxías atoparan o seu lugar constituindo a ideoloxía unificada requerida pola clase dominante para á seguranza do seu domínio. Mais hai unha limitación: a filosofía dominante chega até onde poida chegar na sua función unificadora da ideoloxía, embora non pode

(pasa á páxina seguinte

Althusser, un pensador contra o humanismo

Finou Louis Althusser, cuxas obras especialmente unha delas, "Ler o Capital", tiveron certa incidéncia na difusión do pensamento marxista hai máis dunha década. Empeñado en continuar a teoría de Marx –sua é a apreciación de que a ideoloxía e a política son condicións da economía e non meros reflexos da mesma– nos artigos que acompañan debátese o oportuno ou inadecuado dos pontos centrais da sua obra. A recuperación do conceito de "clase" e a crítica ao "humanismo" cobran interés á luz dos ventos actuais

UN HEROI INTELECTUAL

FRANCISCO SAMPREDRO

"Descobriamos a un filósofo comunista que, lonxe de nos convencer de que eramos marxista sen sabelo, axudábanos a comprender en que medida non o eramos aínda".

(D. Lecourt sobre Althusser).

En palabras de Badiou, cando Althusser emprendeu oseu "éffort héroique" a situación era de parálise filosófica. En efeito, o pensamento althusserián supón o intento máis rigoroso por estabelecer o estatuto científico do marxismo, o que motivou —amais dunha esculca teórica de grande envergadura— determinados efeitos políticos de indubidábel importancia. A salientar, sobretodo, a crítica que efectuou —no seo do próprio marxismo— contra o *dogmatismo* e o *revisionismo*. Só esta crítica constitue xa proba da actualidade da súa reflexión, xa que dogmatismo e revisionsimo son elementos a ter en conta á hora de analisar as claves que rodean o desmoronamento do chamado "socialismo real" no Leste europeo. Unicamente esbozarei —a modo de homenaxe a ese "esforzo heroico"— algunhas das ideas que, na teoría e na práctica, impulsaron o horizonte intelectual do filósofo francés.

En primeiro lugar, ALthusser *ensina* a ler a Marx; inda máis: ensina a ler a filosofía ocidental a partirdo descobrimento científico enxergado por Marx ("o máis grande descobrimento científico desde as matemáticas"). Isto é: quetoda relación entre ideas é unha relación de forzas, que o marxismo non representa unha filosofía máis senón un novo modo de filosofar, que (e nisto condénsase a transcendental cuestión do *ideolóxico*) toda a história da filosofía está dominada non polo *problema do coñecimento* (como tan "evidentemente" se pensa), seón pola solución ideolóxica (xa que logo, imposta-aceitada-soportada) determinada por intereses alleos á problemática mesma; sendo asi as cousas, "compre afirmar con Marx que non só na resposta habia engano, mesmo tamén na pergunta" (*Lire le Capital*).

Por outra parte, a abertura da história ao continente científico realizada por Marx empece o que para Althusser constitue un dos erros de máis negativas consecuéncias na tradición intelectual comunista: a interpretación de Marx coma un ilustrado máis, a sua identificación coa ideoloxía do século XVIII, co humanismo. De aí que Althusser defina o marxismo coma "un anti-humanismo teórico". Esta denúncia afecta imediata e puntualmente ao hoxe mahometano Garaudy quen se veria privilexiado polo P.C.F. contra Althusser, no congreso de Argenteuil en 1966; pero afecta máis xenericamente a pensadores de raíz hegeliana, como Sartre e máis significativamente Gramsci, que —como se sabe— encabezaría ("malgré lui") ideoloxicamente ese movimento liquidacionista denominado "eurocomunismo", que conta entre os seus haberes feitos tan pacifista como o posicionamento a favor da OTAN (Berlinguer), tan humanistas como empecer a negociación que salvaría a vida de Aldo Moro, ou tan anti-totalitários como a condena sen probas, a xeito de escarmento, de Toni Negri, por non falar máis que do caso italiano e do seu PCI "campeón da loita contra a intolerância", tan admirado por Enrique curiel e por certa esquerda galega.

Pero Althusser denúncia tamén outra faciana do humanismo: a de Stalin. Por iso (estamos no contexto do XX Congreso do PCUS) o pensador francés non cesa de repetir (Lire le Capital, Réponse à John Lewis) que calquer crítica a Stalin desde o ponto de vista humanista non fai máis que garantir a sobrevivéncia do stalisnismo: o que se submerxeu "non foi o <pensamento de Stalin>, que continuou gozando de bastante boa saúde, apesar dos seus mascaramentos, nas suas bases, na sua "liña", e nalgunhas das suas práticas, senón, simplesmente, a teoría de Marx e Lenin". (Réponse à John Lewis).

DOGMATISMO E REVISIONISMO, CONSTITUEN AS DUAS VERTENTES DUN SO FENOMENO; STALINISMO E "HUMANISMO" COMPLEMÉNTANSE, BEN QUE CONFLITIVAMENTE, A HORA DE TERXIVERSAR O LEGADO DE MARX E DE LENIN

Trátase de algo totalmente novo e pro completo paradóxico para aqueles —a maioría— que pensaban quedogmatismo e revisionismo se repugnaban; todo ao contrário, constituen as duas vertentes dun só fenómeno; stalinismo e "humanismo" complemántanse, ben queconflitivamente, á hora de terxiversar o legado de Marx e de Lenin. Tal é a lición de Althusser: a eliminación de todo teleoloxismo (e dos seus pares, economicismo e dogmatismo) é condición necesária para restituir a especificidade da tradición marxista, e esta é consecuéncia da volta a Marx, dunha leitura sintomal da sua obra, do mesmo xeito que, naquel mesmo momento, Lacan está a realizar con Freud. O resultado é dunha relevância non sempre posta de manifesto: a análise dialéctica da realidade social non se afortala nen se actualiza revisando a Marx, senón atendendo á sua letra.

Críticas non faltaron. Por suposto as máis notórias foron as do próprio Partido (Garaudy á frente) e, por razóns antagónicas, as dos seus colaboradores máis estreitos (o grupo de Yenan Philosophie); estes non lle perdoaron que non fose até as últimas consecuéncias do seu maxistério, que non abandonase un P.C. que ía reaccionar en contra da sublevación de Maio, en boa parte inspirada nosdiscípulos de Althusser, en quen o macísmo tomaba corpo. Outros reprochábanlle o teoricismo, mesmo o desembocar nunha sorte de neopositivismo. Sen embargo el mesmo criticou certos excesos na sua (*Elements d'autocritique*), e compre ter presente que a suaconceición da teoría como proceso de produción vincula o saber coa práctica fortemente, e que a sua identificación da história coa loita de clases frustra calquer interpretación puramente estruturalista do seu pensamento.

E que dicer do seu legado? A conto da sua morte, moitos apresuráronse a declarar que Althusser fora grande pero que a sua preséncia intelectual era hoxe feble, cando non nula. Moitas veces é preciso que pasen máis anos dos que nun princípio se supón para medirmos realmetne o alcance dunha filosofía. Althusser non é unha excepción. Mais tendo en conta quetoda unha xeración bebeu da sua fonte, non erramos ao recoñecer o seu ensino naqueles que hoxe mesmo tentan pensar a partie del (Balibar, Macherey, Labica...), incluso frente a algunhas das súas teses (Badiou, Rancière) pero trazando unha fronteira conotadora de que despois da sua reflexión as cousas son xa distintas, visando dalgun xeito que dentro do marxismo se pode falar de pre-althusserismo, de que el inaugura todo un corte que non se pode ignorar en absoluto.

Louis Althusser dixo (La transformation de la philosophie) que Marx legara unha tarefa "especialmente difícil", a de inventar novas formas de intervención filosófica que acelerasen o fin da hexemonia ideolóxica burguesa. O seu "esforzo heroico" consistiu en arrostrar esa tarefa nun tempo tamén especialmente difícil: o da "contra-experiéncia da ontoloxía staliniana" e o do seu paradoxal sucedáneo revisionista. Arestora podemos dicer que el mesmo nos lega a idéntica proposta de Marx, nun tempo efectivo de derrota, o da última conformación do Capital como capitalismo multinacional de consumo, ao que a incógnita de Gorbachov (cada vez menos incógnita) parece reforzar, ainda que só sexa no que atinxe ao afortalamento imediato da ideoloxía dominante na nosa área.

Mais se seguimos a pensar que ali onde hai dominación hai resiténcia, non poderemos senón deducir que outros reemprenderán (están reemprendendo xa) a antedita tarefa.

A MORTE DO FILÓSOFO MARXISTA

TEXTOS DE ALTHUSSER

(ven da páxina anterior)

"saltar por enriba do seu tempo", como dicia Hegel, nen "pasar por enriba da sua condición de clase", como dicia Marx.

No campo da política tamén exerce outra función: é aí onde tradicionalmente a filosofía desenvolveu un papel apoloxético do sistema político imperante, ben de maneir avelada ou ao descuberto..."

Ibidem, páxs. 61-62.

Verbo da "ideoloxía".

"Ao considerar a existéncia social das ideoloxías, advirte-se que son inseparábeis das instituicións por médio das que veñen de amosarse, co seu código, a sua língua, os seus costumes, rituais e cerimónias.

Podemos afirmar que en instituicións tais como a Igrexa, a Escola, a Familia, os Partidos Políticos, a Asociación de Médicos ou Advogados, etc., é onde veñen de atopar as ideoloxías práticas as suas condicións e formas materiais de existéncia, o seu soporte material, pois que ise corpo de ideas é inseparábel dun sistema de instituicións...

Quixera engadir algo sobre o dobre carácter da ideoloxía: na realidade, nengunha ideoloxía é puramente arbitrária. É o indicador de problemas reais, máila que podan estar vestidos dunha espécie de deformación ou descoñecimento e sexan, polo demais, necesariamente ilusórios...

Hoxe en dia... xa non se trata da nulidade teórica das iedoloxías dos direitos humanso, nen tan siquer da ideoloxía xurídico-moral burguesa que domina, senón da ideoloxía neo-positivista, loxicista e matematizante de orixe anglosaxón, adubada de bioloxismo social, pragmatismo e reflexoloxía, dende 1850. Dende iste ponto de vista, as ideoloxías realmente dominantes, na práctica (non estou a falar do materialismo dialéctico), están moi próximas: a da URSS e a de EE.UU.

Na coxuntura ideolóxica actual, a nosa tarefa principal é constituir o núcleo dunha filosofía materialista auténtica e unha estratéxia filosófica xusta, correcta, para que poida xurdir unha ideoloxía progresista".

Ibidem, páxs. 66-75.

O anti-humanismo teórico.

"O anti-humanismo teórico de Marx é un anti-humanismo filosófico, que non práctico. Cuestiona as Filosofías da História e da sociedade existentes e asimesmo a tradición filosófica clásica...

O Capital amosa que o que determina en última instáncia unha formación social e o que proporciona o seu coñecimento, non é a pantasma dunha eséncia ou natureza humana, non é o home senón unha relación: a relación de produción, que forma unha unidade coa base, a infraestrutura.

Marx asinala que ista relación non é unha relación entre os homes ou entre as persoas, non é intersubxectiva nen antropolóxica, mais unha dobre relación: entre grupos de homes e entre ises grupos e as cousas, os médios de produción. A relación de produción é unha relación de distribuición (distribui aos homes en clases) e de atribuición (dos médios de produción a unha clase)...

O materialismo histórico parte das relacións sociais do modo de produción existente, do período social economicamente dado, e ao termo da sua análise pode chegar aos homes reais...

Dirá-se que a tese ideolóxica burguesa de que "o Home fai a História" serve a todo o mundo: aos capitalistas, á pequena burguesía e ao proletariado, pois que todos son homes. Mais non é verdade. Serve aos que teñen interese en que se fale do "Home" e non das masas; do "Home" e non das clases e da sua luita".

Ibidem, páxs. 80-84.

É o marxismo un historicismo?

"De aportar o marxismo princípios científicos para o coñecimento da história, non pode ser un historicismo, é dicir, un relativismo filosófico no terreo do coñecimento da história.

Impediría-lle acadar un valor científico e polo tanto obxectivo, ou sexa, teoricamente independente do seu tempo...

Isto non quer dicer, evidentemente, que a teoría marxista escape ás leis que rexen o nascimento histórico das teorías científicas... Toda teoría ou ciéncia ten unha história. mais xustamente, as leis da história (tanto das formacións sociais como das teorías) non son leis "históricas", isto é, relativista-subxectivistas. Non son leis "historicistas", son leis obxectivistas... A representación historicista da história corresponde a unha ideoloxía da história que sistematiza as "evidéncias" do "sentido comun", do xénero: todo flui, todo cámbia; unha verdade aquén dos Pirineus é un erro ao transpor a fronteira. A cada un a sua verdade. A cada época a sua verdade"

Ibidem, páxs. 95-96. ■

VIXÉNCIA DE ALTHUSSER

MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE

A obra althusseriana cobra unha lectura especial nestes principios dos noventa. Atreveríame a dicir que constitúe o último intento por recuperar (e mesmo, senón nalgunha medida reinventar, si desde logo depurar) as categorías básicas do marxismo para pensa-la vixencia do proxecto revolucionario trala crise do estalinismo. Cando se fai definitivamente evidente que a democratización promovida pola "perestroika" conleva inseparablemente a renuncia ó desenvolvemento dun modelo económico alternativo ó capitalismo –ou, dito doutro xeito máis duro pero, desgraciadamente, probablemente máis preciso: a democratización é só a condición do modelo de planificación centralizada–, o esforzo teórico de Althusser por "regresar a Marx", aínda nas súas evidentes limitacións e erros, adquire un novo valor.

CONTRA O TELEOLOXISMO E O HUMANISMO

Facendo un extremo esforzo de síntese, atreveríame a dicir que na proposta althusseriana hai dúas aportacións centrais que hoxe non só manteñen a súa vixencia, senón que é precisamente hoxe cando esa vixencia se fai máis visible. E hai, pola contra, outras dúas que é tamén hoxe cando se evidencia mellor que sinalaban un camiño errado.

As dúas plenamente vixentes poden ser concretadas por medio das fórmulas: crítica do teleoloxismo historicista e crítica do humanismo. O berro de triunfo dos ideólogos do capital sobre "o fin da historia" non pode ser combatido coa revitalización do materialismo histórico mediante o reforzamento dos seus compoñentes hegelianos, co seu paradóxico dobre efecto no plano da praxe política: determinismo finalista (a revolución triunfará inevitablemente) e voluntarismo na acción (todo o que actúa na dirección da revolución está xustificado pola súa coincidencia co movemento da historia). Tanto a barbarie estalinista como as barbaridades terroristas procuraron a súa inxustificable xustificación nesa deforme lectura hegelinana de Marx, á que quizais non foi o propio Marx (xa non digamos Lenin) de todo alleo. A recuperación do proxecto revolucionario non é posible (nin desexable) desde ningún irredentismo historicista. A historia, sabémolo xa e definitivamente, é cega.

Non é aquí o lugar onde analiza-la semellanza ou identidade entre "a perestroika" e o "socialismo de rostro humano" da Checoslovaquia de finais dos sesenta. Pero non hai dúbida que tanto aquela coma este constrúen os seus discursos sobre un certo "socialismo humanista" que tende a abandona-lo uso das categorías marxistas de "clase social" e "loita de clases" como instrumentos para a análise social e a acción política. A recuperación do que Althusser chama o "anti-humanismo de Marx" pode ser enormemente rexenerador fronte a tanto florilexio humanista que, desde un lado e o outro, semellan empeñados en convencernos (e, tendo en conta quen son os recentísimos portavoces destes intentos de persuasións, en convencerse a si mesmos) de que o liberalismo capitalista non só é o mellor para os capitalistas, senón para "a humanidade en xeral", como se o fracaso dos estados chamados comunistas probase, non se sabe por que extraño mecanismo, a inexistencia de clases sociais e da explotación das clases traballadoras.

NA OBRA ALTHUSSERIANA HAI DUAS PROPOSTAS CENTRAIS QUE MANTEÑEN A SUA VIXÉNCIA. NON ASI OUTRAS QUE MOSTRABAN UN CAMIÑO ERRADO.

SOBRE O PODER

Segue, pois, mantendo vixencia a advertencia althusseriana de que a desviación estaliniana non se corrixe (se se quere mante-la fidelidade ó proxecto revolucionario, isto é, á aspiración a unha sociedade non baseada sobre a explotación do home polo home) co recurso á sustitución das categorías de clase social e loita de clases por un vago humanismo baixo o que disfraza-lo conflicto social. Sen embargo, paréceme dubidoso que o problema poida ser superado só mediante a reiteración do discutible concepto de "dictadura do proletariado" e a reafirmación do proletariado como suxeito privilexiado da historia, aínda cando isto último se intente facer á marxe de calquera tipo de finalismo determinista.

No fondo, o esforzo althusseriano veu evidenciar, e evidencia aínda unha das fundamentais (e xa insoslaible) eivas da teoría política marxista: a análise do poder. O rigor dos traballos de Althusser e os seus seguidores (nomeadamente o do tamén falecido Poulantzas) na aplicación do concepto de "determinación da superestructura pola infraestructura" ou a categoría de "aparatos de Estado", constitúen seguramente o punto máximo de explotación daquela teoría, pero á vez deixan á luz as súas limitacións. Habería que mirar, quizais, unha vez máis cara Foucault e buscar nas súas xenealoxía e microfísica do poder novas maneiras de entende-la acción do poder e a súa constitución, capaces de dar resposta á que, na miña opinión, é a pregunta básica hoxe mesmo: ¿Como facer compatible o uso do poder político para deseñar un modelo económico igualitario e non fundado no incentivo do lucro privado como principio básico de regulamento do mercado, coa ampliación da democracia política e o respeto á autonomía da sociedade civil?

CIÉNCIA E POLÍTICA

Tampouco non me parece aceptable a lectura estrictamente cientifista que Althusser pretende facer de Marx. A oposición "ciencia-ideoloxía", por outra parte tan suxerente e á que Althusser adica páxinas que merecen atentas relecturas, non pode ser vista xa baixo a mesma óptica. Paréceme que hoxe é obvio que carece de sentido reivindica-lo marxismo como ciencia, aínda cando non se chegue á caricatura do "dia-mat" soviético. E isto non só porque o marxismo, para alén do que nel hai de modelo de análise económico e de modelo de análise histórico (no que deberá ser contrastado ou refutado baixo os criterios propios das disciplinas económica e histórica), non se axusta ó paradigma estricto de ningunha ciencia especial, senón porque as mesmas ciencias contemporáneas teñen en xeral renunciado á pretensión de verdade absoluta ó modo do positivismo cientí´ficio decimonónico. A defensa do marxismo, en tanto que nel os homes de finais do século XX encontramos aínda elementos irrenunciables para a comprensión do mundo e para a liberación individual e social, só pode facerse desde o debate e o combate éticos. E digo isto aínda sabendo que houbo un Marx, e un Althusser, que un día soñaron que a política podería ser resolta a penas desde o coñecemento cientí´fico posto ó servicio da forza do proletariado.

Moitos séculos antes, Gottfried Wilhelm Leibniz escribía nunha carta ó duque de Hannover: "... esta mesma escrita sería unha especie de álxebra xeral e daríano-lo medio para razoar calculando, de xeito que en lugar de disputar poderiamos dicir: contemos". Hoxe sabemos que definitivamente non hai números nin razoamentos que nos aforren o perigo de que as diferencias entre as ideas se troquen en diferencias entre as armas. Como non os hai que impidan que uns homes exploten a outros homes, uns pobos a outros pobos. Hoxe mesmo sabemos que nin a razón máis esixente nos aforra a presencia constante da sen razón. ■

ACTOS

■ Cine-Club Pontevedra

Venres dia 2. "Sexo, mentiras e fitas de vídeo".
Dia 14. "Rosalie vai de compras".
Dia 19. "Paisaxe na néboa".
Dia 17 de Decembro. "Casa de xogos"
Dia 19 de Decembro. "Benvido a Los Angeles

■ Fotobienal

Vigovisións:
Casa das artes e da história. Gabrile Basílico, W. Eggleston, Pepe Galovart, Wilmar Koenig, Les Krims e Paul Reas.

Colección Concello de Vigo. Sá dos Peiraos e Casa da Cultura

Documentalismo social contemporáneo. Sá da Casa das artes e a história.

Home e sociedade. Vari Caramés, Xulio Correa e Manuel G. Vicente.

Na Galiza nos 50. Centro Cultural Caixavigo.
Horário: Dias 1 ao 4. De 11 a 14 h. e de 17 a 22 H.
Resto mes. Laborábeis: 18 a 22 h. Festivos. 11 a 14 h.

Conferéncias:
Dia 1. Michael Gibbs. Dia 2. Christian Caujolle. Dia 3 Rhonda Wilson. Dia 4 Margarita Ledo. Dia 5. Allan Sekula. Dia 10. Peter Turner.

■ Magosto popular

En San Xurxo de Sacos da mañán á noite do 10 de Novembro. Con actuacións musicais, coplas de Xosé Lois e pregón de Avilés de Taramancos.

■ Xesus Taboada Chivite

Amplíase até o dia 10 de Novembro este prémio da Mancomunidade de Concellos de Verin, dotado con 500.000 pesetas, adicado aos traballos de antropoloxia, arqueoloxia e história. Pódense enviar ao Concello de Verin. 32600. Verin.

■ Batea

O grupo de teatro *Artello* pon en cena durante o mes de Novembro o seu último espectáculo. O **calendário é como segue:**
Novembro. Dia 2 FerrolTeatro Jofre
15 de Novembro. Carballo Inst. Bacheralato.
16, 17 e 18 de Novembro. Vigo. Auditório Caixavigo.
Dia 20. Fene. Cine Perla.
Dia 25. Cambados, Centro de FP.
Dia 30. Auditório da Asociación de Viciños.
Nestas función terá validez o Bono Caixagalicia cun desconto do 50% para menorers de 26 anos, que se pode solicitar nos centros de ensino.

■ I Encontro de Asociacionismo e Educación

Convocado polo Consello da Xuventude de Galicia convócase este encontro para os próximos dias 16 e 17 en Santiago de Compostela. Para máis información dirixirse aos teléfonos (981) 56 34 88 - 56 28 05.

■ Curso de coeducación

Organizado por *Mulleres Xóvenes*. Os dias 4 ao 9 de Novembro de 4 a 8 da tarde nos locais da asociación (Garcia Prieto 3-baixo C. Santiago. Tfno. (981) 52 09 84. Impartido por Neus Albertos (traballadora social, animadora sociocultural e especialista en coeducación) e Elena Simón (profesora de EEMM e especialista en coeducación).

■ Cine-Club Padre Feijoo

Este cine-club ourensán ten programado para o **31 de Outubro** "Único Testigo" de Peter Weir. En Novembro, o **dia 8** "Nós, as nenas prodíxio" de Kurt Hoffman e o **dia 15** "Solaris" de Andrei Tarkovski.
Sesións ás 20,30 e 23 h. na Casa de Cultura (Concello, 13)

■ Potato

Erre que erre é o título do novo disco dos vitorianos *Potato*, cuarto na sua discografia na que confirman a sua condición de banda *reggae*. A sua andaina polo mundo da música comeza no 1985 e desde aquela xa teñen pasado polo grupo máis de 20 compoñentes estando a formación actual composta por oito músicos. O seu estilo influido por ritmos jamaicanos dos anos sesenta no que o *ska* ten lugar destacado, arreglos de saxo, trompet ou trombón e letras cargadas de ironia e crítica, conforman unha gran banda en directo.
Para máis información ou contratación: *Discos Raiados* (986) 22 13 68. Apdo. 1674-36280 VIGO.

CONVOCATORIAS

■ Concurso de Guións radiofónicos de Rádio Fene

Poderán participar neste concurso todas aquelas persoas ou colectivos que o desexen, de acordo coas seguintes categorias:
a) Menores de 14 anos.
b) Xoves de 14 a 18 anos.
c) Maiores de 18 anos.
No caso de guións realizados por várias persoas integraranse nacategoria correspondente ao de maior edade.

2. Os e as participantes deberán entregar a documentación remitíndoa ao seguinte enderezo:
Radio Fene, Casa do Concello
15500 FENE (A CORUÑA)

A documentación en cuestión é a seguinte:
—Instancia solicitando tomar parte no concurso e facendo constar o nome da persoa responsable, enderezo, telefono ou xeito de poñerse en contacto con ela, número e nome dos participantes e horario que prefiren para a gravación do programa no caso de que opten por utilizar os estudios da emisora municipal.
—Breve explicación (aproximadamente un folio) das características e temática do guión do programa que se presenta a concurso.
3. Na primeira quincena de novembro a dirección de Radio Fene convocará unha reunión con todos os participantes no concurso onde se facilitarán unha serie de orientacións técnicas de cara á formalización do guión.
4. Antes do 15 de decembro os participantes no concurso deberán entregar unha ficha técnica do seu programa incluindo o guión literario e o musical coas correspondentes indicacións para o técnico de son.
5. A gravación dos programas poderá realizarse nos estudios de Radio Fene fixando a dirección da emisora os dias e horas para a realización da mesma.
6. A estructuración, definición de contidos e caracter do programa serán de responsabilidade exclusiva dos participantes. A súa duración non superará os 40 nen baixará dos 30 minutos. O xurado poderá valorar a hora de conceder os premios aqueles programas que a súa temática teña algunha relación coa bisbarra de Ferrol.
7. Os programas presentados ao concurso emitiránse por Radio Fene en datas que se sinalarán pola dirección da emisora. Dada a previsible distancia que haberá entre a gravación e a emisión, aconséllase aos participantes que tanto na selección dos temas como no seu tratamento, percuren buscar a atemporalidade ao obxecto de evitar que resulten caducos e desfasados.
8. O xurado estará composto por dous representantes do Padroado de Radio Fene (1 representante político e 1 das sociedades) e por un profisional da radiodifusión seleccionado polo Padroado da emisora.
9. Establécense dous premios en metálico por categoria dacordo coas seguintes cantidades:
Categoria a: 1º premio de 30.000 pts.
2º premio de 10.000 pts.
Categoria b: 1º premio de 45.000 pts.
2º premio de 15.000 pts.
Categoria c: 1º premio de 100.000 pts.
2º premio de 20.000 pts.
Os concursantes que acaden estes premios poderán realizar un programa continuado en Radio Fene sempre dacordo cos criterios, horarios e posibilidades de programación da emisora.
10
O xurado poderá declarar desertos os premios que considere oportunos se a calidade dos programas presentados ao concurso así o aconsellase. O fallo daráse a coñecer o 30 de marzo nun acto público que terá lugar na Casa do Concello de Fene.
11. O idioma a empregar en todos os programas que se presenten será galego.
12. A participación no concurso implica a aceptación das presentes bases. O fallo do xurado será inapelable quedando facultado para interpretar as bases.

ANUNCIOS DE BALDE

VENDO CAMISA A PRÉCIO DE RISA
Para comprar, vender, cambiar... dirixete a ANUNCIOS DE BALDE Tfno. (986) 43 38 86

Se quer incorporarse a unha **masa coral** para interpretar cancións rusas, chame ao (986) 22 44 57, á Asociación de Amistade España-URSS.

Licenciada en Filoloxia galego-portuguesa, con total coñecemento da língua en todos os aspectos, oferécese para **facer traducións**, correccións ou calquera outra actividade relacionada con esta especialidade. Interesados chamar ao (986) 25 20 17, perguntar por Ana Maria.

Xevale vende papel reciclado, artesania maia, camisetas "me "cago" non Vº Centenario", material das campañas "Amazonia", pegatas, chapas... pedidos Aptdo. 22 MONFORTE.

Vídeo-afeizoado madrileño desexa contactar con **vídeo-afeizoados galegos** co fin de conseguir grabacións da TVG (filmes, documentais). Lois. Tlf.: (91) 663 95 07. Tardes.

NOVAS SENSUAIS

■ M.C./SANTIAGO

"E que fam as palavras Direitos Humanos nas bocas, quando seguem a torturar nas comisarías e cárceres do Estado?", lese nas participacións de Loteria de Natal que as **Juntas Galegas** distribuen nalguns dos bares da zona vella co distintivo *Nom á dispersom*. Nunha onda parella vai **Dom Castrapo** (Normativa Oficial da Junta de Galiza), quen mete nun mesmo saco a xentes como Filgueira Valverde, Antom Santamarinha, Sixto Seco, García Sabell, Méndez Ferrín, Víctor Freixanes... A esquela —que carece de sinal— é nídia. Pretende pór no seu sitio aos "conferenciantes, juris, premiados e negociantes de editoriais". E seguindo co **reintegracionismo**, dicer que a Asociaçom Reintegracionista de Ordes, O Clube Reintegracionista do Salnês (Crês), A Sociedade Cultural "Marcial Valadares" da Estrada e o Grupo Reintegracionista autónomo "Meendinho", fan conxuntamente unha aproximación ao concerto galego-portugués oferecendo datas formais sobre a problemática lingüística deste país.

Camilo García Matos mostra as suas nuas fórmullas inconformistas na Casa das Crechas. Mentres, **Chelo Facal,** colaboradora habitual de A NOSA TERRA, inaugura en O Currúncho nun percorrido simultáneo por diferentes xeitos de concebi-la expresión plástica.

Este é bon tempo para os que se dedican a escreber segundo afirma **Luís González Posadas**, quen considera que "cando hai calidade non existe problema para editar". E estima que Alfredo Conde facíao mellor que Daniel Barata. Mais entende, por outra banda, que na Galiza non se pode viver da literatura.

Algo que contradi dalgunha maneira Miguel Anxo Fernán-Vello, o relevante poeta galego. Quen xa traballa co Centro Dramático a posta a ponto dunha das suas obras teatrais.

DICCIONARIO XERAIS
CASTELÁN GALEGO
DE USOS, FRASES E SINÒNIMOS

50.000 ENTRADAS E MÁIS DE 85.000 ACEPCIÓNS PARA ACCEDER A TRAVÉS DO LÉXICO CASTELÁN Ó NOSO IDIOMA

DE PRÓXIMA APARICIÓN
¡Estabámolo esperando!
XERAIS

X. MARRA/ ARQUIVO

A SOCIEDADE MILITAR

CELSO ÁLVAREZ CÁCCAMO

O exército é sen dúvida a institución máis repugnante xamais criada pola humanidade. O que comezara como guerras locais entre espécies ou bandas tornou-se, co decorrer da barbárie humana, ná indústria mais poderosa do planeta.O grau de sofisticación dos instrumentos de destrución e morte é algo tan espantoso que só nos pode levar a duvidar do sentido do universo. Hai armas que destragan desde dentro, deixando cavidades irreparáveis na epiderme. Hai armas de metal pequeno que furan os camiños harmónicos do corpo e rebotan deixando ao sair ronseis vermellos e retallos de carne. Hai armas que estoupan ao pisá-las sementando de órgaos sanguiñentos as areas. Hai armas que matan lentamente; na sua agonia atómica, o corpo perde a pel e os cabelos e remata a vida entre vómitos vazios, impotentes. Hai armas que matan muitos anos despois, de cancro e de cegueira. Hai armas que deixan mapas queimados na pel, como metáforas macabras dos territórios ocupados: a Beira Oeste, a Franxa de Gaza, Panamá, Kuwait. Hai armas que asfíxian e armas que desmembran. E hai armas legais que asasinan nas cámaras esterilizadas dos presídios, armas que electrocutan con consenso, armas policiais que derruban a desesperados ladróns urbanos na complicidade da noite, armas conxugais que deixan a unha mulller desangrando-se nos laberintos grasosos da coziña, armas anatómicas que violan a nenas de dous anos, armas de tinta que asinan execucións e masculinas leis inxustas.

Ergo-me cada mañán escoitando os esquizofrénicos hinos de guerra dun Ocidente governado por dous poderosos ex-policias. A rádio detalla as últimas evolucións da crise do petróleo: hoxe semella que haverá guerra, hoxe semella que non. De calquer modo, a guerra representa-se como un monstro inapelável, como unha forza superior que "hai" ou que "non hai". A História construe-se como unha eventualidade violenta, rexida por si própria, xa non por actores sociais supostamente dotados do atributo de transformar a vida. A História, pois, *des-axentiza-se,* vazia-se de contido social, torna-se nun melodrama comercial que xa dura muitas décadas onde hérois se apróprian da identidade e absorben os atributos dos povos para representaren nos teatros de operacións unha alegoria asimilável. Para alguns, os novos demos chama-se Saddam Hussein, Arafat, Gadaffi, Fidel Castro; para outros, Bush, Thatcher, Gorbachev; para os poucos, De Clerk. En todo caso, a guerra, a sua guerra, é o máximo actor que escapa aos desexos humanos: como un deus, a guerra simplesmente acontece ou non acontece, a guerra simplesmente é ou non é.

No Berkeley dos últimos dias, un home alucinado entrou nun local unha meianoite cun maletin de pistolas, balas e semiautomáticas para asasinar a un xoven e ferir a outros seis. Durante sete horas de pesadelo, o home mantivo a trinta persoas como reféns e humillou ás mulleres presentes obrigando-as a actos de simboloxia sexual. Por fin o paranoico mercenário saiu do bar como un cadáver nuo, acribillado polos GEOs locais. Mas non creamos na loucura: a tolémia deste home (nunca unha muller ten feito violéncia en masa desta caste) é só un epifenómeno: a verdadeira tolémia é a que lle permite dispor legalmente dun arsenal no seu apartamento. A verdadeira tolémia consiste na glorificación xurídica dun instrumento de ferro que leva inscritos os tres símbolos dos tempos: un falo, un enxeño nuclear, a bandeira da VISA.

Escoito na rádio unha entrevista con tres mulleres das forzas aéreas americanas, sobrevoando en máquinas de morte o Golfo Pérsico. Duas delas laian-se da distáncia dos seus homes, tamén no exército: nunhas forzas armadas profisionais, as mullleres nunca pensaran que ían ser chamadas ao servizo. A terceira, lesbiana non recoñecida, limita-se a respostar sobre a sua vida familiar: eu teño un gato. A incorporación das mulleres ao exército é unha das estrataxemas mais poderosas do patriarcado ocidental, e orienta-se á manufactura do consenso: cando as mulleres maten tamén, matar xa non será masculino.

A filmografia mais recente avonda en tramas miméticas que reproduzen nunha estética entre atrainte e repulsiva os mitos violentos do momento: o último filme de David Lynch, *Wild at Heart,* é o correlato extremo dun ambíguo *Átame* hispánico que permite contraditórias leituras de inquedante conformismo ou de revolta. Scorsese, con *Good Fellas*, refocila-se no mais viril e sanguiñento das histórias da máfia. E, nun número incontável de subprodutos cinematográficos, a estética tradicional dos explosivos combina-se coa estética posmoderna das coliñas de cavalo, a barba de dias, as chaquetas frouxas oscuras, a gomina e a individualidade de film noir do macho solitário, ese soldado intrínseco incomprendido polo mundo.

Qué paisaxe inquietante nos ofrece esta década? Xunto co muro de Berlin, o conceito gramsciano de sociedade civil derruba-se doorosamente perante a evidéncia dos 90: a sociedade que impera agora mais que nunca é a militar. Ainda co fin aparente daguerra fria, coa posível redución dos exércitos, co desmembramento da OTAN e o Pacto de Varsóvia, o exército seguirá vivo entre nós, pois é o que nos constitúe. Ainda desinstitucionalizado, o exército levamo-lo dentro na violéncia doméstica, nas labazadas en público, nas violacións nos parques urbanos, na expulsión indefinida dun aluno, na retórica da ofensa, no control masculino do poder, na forma oronda de apoltronar-se nun despacho oficial babando un puro e chamando Vicky á secretária. ■

CONDÓNS

G. LUCA DE TENA

Vaclav Havel está preocupado pola saude do Teatro checo e non quer pasar polo governo sen arrimar algunha axuda ao ofício de titiriteiro no que andou tantos anos. Que menos. Un desertor da medicina coma Fernández Albor tamén lle pedia os riles aos administrados ou lles metia o medo no corpo co tabaco, cando non consideraba que o principal problema dun país agrícola en liquidación por derribo era o tétanos.

Como trascenderon as obsesións personais de González Laxe ao público durante o seu breve reinado? Adicado durante tantos anos a estudar a pesca e o marisqueo, profundamente involucrado na concesión de créditos públicos para o desguace de barcos, ideou unha campaña na que metia a mesmísima mar levada na praza do Obradoiro baixo a devisa *Tempos Mellores*. A teima da modernidade e a imaxe inspiraria despois aqueloutra campaña profiláctica: *Ollo ao piollo*.

Fusión admirábel da liña cirúrxica de Fernández Albor é da apocaliptica de González Laxe, é a campaña terrorista da actual Xunta contra o SIDA. O conselleiro de Sanidade, di que senta coma un tiro foder a tumba aberta, e ainda máis facelo a pelo e a pruma. Saberao el que é do *Opus Dei* unha secta que tanto mira polo bon uso da ferramenta.

Como tamén aproveitan para reprobar o condón, pensei por un momento se nos quererian botar ás silvas mortificantes, como recomendaba Escrivá de Balaguer. Pero as silvas non son, que a conselleria de Agricultura paga por cortalas.

El será (outravolta) a vella obsesión de Fraga pola ducha fria? ■

VOLVER AO REGO

O franquismo era un réxime coerente. Proibia o sexo e para iso receitaba bromuro e deseñaba as saias longas até os tornocelos. Estas democrácias, en cámbio, son contraditórias. Primeiro excitan a líbido. As televisións, por exemplo, compiten en datas sinaladas como Noiteboa e fin de ano, con Sabrinas e Martasánchez, en ver quen amosa as espeteiras de maiores dimensións. Pero despois aterrorízannos co SIDA, ocultando o dato de que, en realidade, o 99% dos enfermos son drogadictos. E mesmo hai Conselleiros como o de Sanidade, Manuel Montero, ligado ao Opus Dei, aos que lles parecen mal os condóns. Esta vai rematar por ser a democrácia da pera.